

**CONSELLO DE CONTAS  
DE GALICIA**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN  
DA  
DEPUTACIÓN DE LUGO**

**EXERCICIO 1996**

# ÍNDICE

I.- INTRODUCCIÓN .....	7
I.1.- Obxectivos e alcance da fiscalización .....	7
I.2.- Documentación analizada.....	7
I.2.1.- Documentación xeral .....	7
I.2.2.- Documentación específica .....	7
I.2.2.1.- Endebedamento financeiro .....	7
I.2.2.2.- Contratación .....	7
I.2.2.3.- Persoal .....	8
I.2.2.4.- Pagos a xustificar .....	8
I.2.2.5.- Contratación .....	8
I.2.2.6.- Transferencias correntes e de capital .....	8
I.3. Características e organización da entidade fiscalizada.....	8
I.3.1.- Entorno socio-económico.....	8
I.3.2.- Composición do Goberno Municipal .....	9
I.4.- Marco Xurídico.....	9
II.- RENDICIÓN DE CONTAS .....	9
III.- PRESUPOSTOS .....	11
III.1.- Elaboración e tramitación.....	11
III.2.- Modificacións presupostarias .....	11
III.3.- Execución e liquidación.....	12
IV.- ÁREAS DE FISCALIZACIÓN .....	12
IV.1.- Endebedamento e Gastos Financeiros .....	12
IV.1.1.- Obxectivos, alcances e limitacións .....	12
IV.1.2.- Traballo realizado .....	12
IV.1.3.- Conclusións da área .....	13
IV.2.- Xestión de ingresos .....	17
IV.2.1.- Obxectivos, alcances e limitacións .....	17
IV.2.2.- Traballo realizado .....	17
IV.2.3.- Conclusións da área .....	30
IV.2.3.1.- Sobre cumprimento da legalidade .....	30
IV.2.3.2.- Sobre o control interno.....	31
IV.2.3.3.- Sobre o sistema contable.....	32
IV.2.3.4.- Sobre a representatividade dos saldos de contas a 31-XII-1996.....	32
IV.3.- Gastos de persoal .....	33
IV.3.1.- Obxectivos, alcances e limitacións .....	34
IV.3.2.- Traballo realizado .....	35
IV.3.3.- Conclusións da área .....	38
IV.3.3.1.- Sobre o cumprimento de legalidade .....	38
IV.3.3.2.- Sobre o sistema de control interno.....	39
IV.3.3.3.- Sobre a representatividade das contas .....	40
IV.4.- Pagos a xustificar .....	40
IV.4.1.1.- Obxectivos, alcances e limitacións .....	40
IV.4.1.2.- Traballo realizado .....	41

IV.4.1.3.- Conclusións da área .....	42
IV.4.1.3.1.- Sobre o cumprimento de legalidade .....	42
IV.4.1.3.2.- Sobre o sistema de control interno .....	43
<b>IV.5.- Tesourería .....</b>	<b>44</b>
IV.5.1.- Obxectivos, alcances e limitacións .....	44
IV.5.2.- Traballo realizado .....	44
IV.5.3.- Conclusións da área .....	46
IV.5.3.1.- Sobre o cumprimento da legalidade.....	46
IV.5.3.2.- Sobre o sistema de control interno .....	48
IV.5.3.3.- Sobre a representatividade dos saldos.....	48
IV.5.3.4.- Sobre o remanente de tesourería .....	49
IV.5.3.4.1.- En relación co importe de debedores.....	50
IV.5.3.4.2.- En relación cos fondos líquidos de tesourería.....	51
IV.5.3.4.3.- Con respecto ó saldo de acredores pendentes de pago.....	51
<b>IV.6.- Contratación .....</b>	<b>52</b>
IV.6.1.1.- Obxectivos, alcances e limitacións .....	53
IV.6.1.2.- Traballo realizado .....	54
IV.6.1.3.- Conclusións da área .....	57
<b>IV.7.- Transferencias correntes .....</b>	<b>61</b>
IV.7.1. Obxectivos, alcances e limitacións .....	61
IV.7.2.- Traballo realizado .....	61
IV.7.3.- Conclusións da área .....	61
IV.7.3.1.- Sobre cumprimento de legalidade .....	61
IV.7.3.2.- Sobre o control interno.....	62
<b>IV.8.- Transferencias de capital.....</b>	<b>62</b>
IV.8.1.- Obxectivos, alcances e limitacións .....	62
IV.8.2.- Traballo realizado .....	62
IV.8.3.- Conclusións .....	64
<b>V.- ORGANISMOS AUTÓNOMOS E SOCIEDADES MERCANTIS.....</b>	<b>64</b>
<b>INLUDES .....</b>	<b>64</b>
<b>V.1. Gastos de persoal.....</b>	<b>65</b>
V.1.1.- Obxectivos, alcances e limitacións .....	65
V.1.2.- Conclusións .....	65
<b>V.2.- Ingresos.....</b>	<b>66</b>
V.2.1.- Traballo realizado .....	66
V.2.3.- Conclusións .....	67
<b>VI.- RECOMENDACIÓN.....</b>	<b>68</b>
VI.1.- Endebedamento e gastos financeiros.....	68
VI.2.- Ingresos.....	70
VI.3.- Persoal.....	70
VI.4.- Pagos a xustificar .....	71
VI.5.- Tesourería .....	71
VI.6.- Inludes .....	72
VI.7.- Contratación .....	72
<b>VII.- TRÁMITE DE ALEGACIÓN.....</b>	<b>72</b>

<b>VIII.- ANEXOS .....</b>	<b>73</b>
<b>Anexo I: Liquidación do Presuposto de Gastos e ingresos .....</b>	<b>77</b>
<b>Anexo II: Balance de Situación.....</b>	<b>78</b>
<b>Anexo III: Conta de Resultados .....</b>	<b>79</b>
<b>Anexo IV: Organigrama do persoal da Diputación.....</b>	<b>80</b>
<b>Anexo V: Organigrama da área de persoal.....</b>	<b>81</b>
<b>Anexo VI: Organigrama Inludes.....</b>	<b>82</b>
<b>Anexo VII: Relación de contratos.....</b>	<b>83</b>
<b>Anexo VIII: Consideracións sobre as alegacións.....</b>	<b>87</b>
<b>Anexo IX: Alegacións presentadas pola Diputación de Lugo.....</b>	<b>95</b>
<b>IX.- ABREVIATURAS EMPREGADAS .....</b>	<b>73</b>

## I.- INTRODUCCIÓN

### I.1.- Obxectivos e alcance da fiscalización

De conformidade co establecido na Lei 6/1985 de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, e dentro do programa de traballo aprobado polo Pleno do mesmo, levouse a cabo unha fiscalización limitada da xestión económico-financeira, e do cumprimento de legalidade da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ó exercicio económico de 1996, na cal se incluíron as seguintes áreas:

- Endebedamento e gastos financeiros.
- Xestión de ingresos.
- Gastos de persoal.
- Pagos a xustificar.
- Tesourería.
- Contratación.
- Transferencias correntes e de capital.

A finalidade nunha fiscalización limitada, non é a de expresar unha opinión técnica profesional sobre as contas anuais, polo que non se inclúen a totalidade dos procedementos considerados necesarios de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, se non que, consiste na aplicación de determinados procedementos de revisión cos alcances que para cada área se especificarán, sendo seu obxectivo comprobar que a xestión administrativa realizada pola Corporación é conforme coa normativa aplicable, en materia económica financeira e control de legalidade.

Non obstante se aplicaron os principios e normas de auditoría así como a lexislación específica aplicable en cada área obxecto da análise.

### I.2.- Documentación analizada

#### I.2.1.- Documentación xeral

- Libro Diario Xeral de Operacións.
- Libro Maior de contas.

- Libro Maior de Conceptos do Presuposto de Gastos.
- Conta Xeral do Presuposto:

- Balance de Situación.
- Conta de Resultados.
- Estado de orixe e aplicación de fondos.
- Liquidación do Presuposto.

- Presuposto exercicio 1996 e os seus anexos.
- Mandamentos de Pago co seu soporte documental do exercicio 1996.
- Documentos contables de Petición de Fondos 1996.
- Relación de equivalencias entre a contabilidade presupostaria e a financeira utilizada polo Programa de Contabilidade da Entidade.
- Libros de Actas:
  - Do Pleno.
  - Da Comisión de Goberno.

- Libro de Decretos e Resolucións da Presidencia.

#### I.2.2.- Documentación específica

##### I.2.2.1.- Endebedamento financeiro

- Pólizas de préstamos a longo prazo.
- Expedientes dos préstamos formalizados.
- Cadros de Amortización.

##### I.2.2.2.- Contratación

- Bases de execución do Presuposto.
- Anexos de Investimentos.
- Relación de contratos adxudicados en 1996.
- Relación de reparos do Interventor.
- Expedientes dos contratos analizados.

##### I.2.2.3.- Persoal

- Relación de postos de traballo. (B.O.P. nº103 de 6 de maio de 1996).
- Acordo marco único para persoal funcionario

- Convenio colectivo único para o persoal laboral.
- Libros de Matrícula do persoal.
- Partes de Alta/Baixa de persoal. (Modelo TA 2/2 da TXSS).
- Nómina de outubro/96, xustificantes, antecedentes e documentación contable.
- Expedientes persoais.
- Oferta de emprego público 1996.
- TC1/TC2, Seguridade Social de outubro e decembro de 1996.
- Resumo Modelo 190, IRPF/96.
- Memoria de persoal de 1996.

#### 1.2.2.4.- Pagos a xustificar

- Libro rexistro de pagos a xustificar
- Documentos contables e xustificantes de pagos.
- Maior por conceptos do presuposto de gastos de 1997.

#### 1.2.2.5.- Contratación

- Inventario de Bens.
- Relación de contratos adxudicados en 1996. (Anexo IV)
- Expediente dos contratos analizados.

#### 1.2.2.6.- Transferencias correntes e de capital

- Expediente administrativo do Plan de Cooperación con Comunidades Veciñais, para 1996.
- Expedientes das axudas analizadas.

### 1.3. Características e organización da entidade fiscalizada

#### 1.3.1.- Entorno socio-económico

A Deputación Provincial de Lugo ten o seu ámbito de actuación sobre os 67 concellos da provincia,

os cales están distribuídos por grupos de poboación da seguinte forma:

GRUPO	Nº Habitantes	Nº Concellos	Poboación
2	> 20.000	2	105.375
3	> 5.000 < 20.000	14	120.916
4	< 5.000	51	145.033
<b>TOTAL</b>		<b>67</b>	<b>371.324</b>

#### 1.3.2.- Composición do Goberno Municipal

Forman o Pleno da Deputación 25 deputados constituídos no Pleno extraordinario celebrado o 14 de xullo de 1995, nos seguintes grupos políticos:

PP : 18  
 PSOE : 4  
 BNG : 3

Está formada a Comisión de Goberno por 9 deputados do Partido Popular.

Na sesión extraordinaria do Pleno da Deputación, celebrada o 14 de xullo de 1995, nomeáronse os membros da Comisión de Goberno, do Consello Xeral do Inludes e constituído as seguintes comisións informativas:

1. Persoal, Réxime Interior e Patrimonio.
2. Obras Públicas e Cooperación a Servizos Municipais.
3. Caixa de Crédito Municipal e Asistencia a Municipios.
4. Facenda e Economía.
5. Urbanismo e Medio Ambiente.
6. Sanidade.
7. Servizos Sociais.
8. Cultura e educación.
9. Deportes.
10. Agricultura, Ganadería, Montes e pesca.
11. Turismo, Industria, Transportes e Comercio.
12. Comisión Especial de contas.

#### I.4.- Marco Xurídico

A normativa aplicable que conforma o marco xurídico é a seguinte:

- Regulamento de Funcionarios da Administración Local. (Decreto de 30 de maio de 1952).
- Regulamento de Contratación das Corporacións Locais aplicable no que non se opoña á normativa básica estatal (Decreto de 9 de xaneiro de 1953).
- Regulamento de servicios das Corporacións Locais (Decreto de 17 de xuño de 1955).
- Regulamento Xeral de Contratación. (Decreto 3410/1974 de 25 novembro). (RGXE).
- Lei 30/1984 de 2 de agosto de medidas para a Reforma de Función Pública.
- Lei Reguladora de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985 de 2 de abril). (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, aprobando o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local. (TRRL).
- Real Decreto 861/1986 de 25 de abril polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.
- Regulamento de Bens das entidades Locais. (Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño).
- Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais. (Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro). (ROF).
- Real Decreto 1174/1987 de 18 de setembro, polo que se aproba o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, parte do cal é derogado polo RD 731/1993 de 14 de maio.
- Real Decreto Lexislativo 1091/1988 de 23 de setembro polo que aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Presupostaria.

- Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais. (LRFL).
- Estructura dos Presupostos das Entidades Locais. Orde Ministerial de 20 de setembro de 1989.
- Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título 6º da Lei 39/1988.
- Instrucción de Contabilidade para Entidades Locais de máis de 5.000 habitantes aprobado pola Orde de 17 de xullo de 1990 (IC).
- Lei 13/95 de 18 de maio de contratos das Administracións Públicas.

#### II.- RENDICIÓN DE CONTAS<sup>1</sup>

Na elaboración, aprobación e rendición das contas e documentación complementaria corresponde ó exercicio de 1996, detectáronse os seguintes incumprimentos:

- a) A Conta Xeral foi aprobada polo Pleno o 29.6.1998, fora do prazo establecido no artigo 193.4 da LRFL<sup>2</sup>.

Da documentación facilitada, detectouse un descadre no balance, por importe de 27.530 ptas.

**Activo:** 33.598.524.541 ptas.

**Pasivo:** 33.598.552.071 ptas.

Comparáronse os datos do pasivo do balance cos que ofrece o estado de remanente de tesourería (A140). Tras confronta-las cifras do subgrupo 51 deste último cos reflectidos no estado de situación e movemento das operacións non presupostarias de

<sup>1</sup> En función do contido das alegacións, se suprimiu a letra b) relativa os documentos complementarios das Contas Anuais.

<sup>2</sup> Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

tesourería, acredores (A200), e cos dos maiores de contas, resulta o seguinte resumo:

(A200)

**ESTADO DE SITUACIÓN E MOVEMENTO DAS OPERACIÓNS  
NON PRESUPOSTARIAS DE TESOURERÍA. ACREDORES**

CTA.	DESCRICIÓN	SALDO
5106	Retencións xudiciais	260.161
5108	Cotas de claves pasivas (asegurado)	145.184
5108	Outros depósitos	1.241.576
5108	Depósitos por concesións administrativas	2.092.800
<b>510</b>	<b>Depósitos recibidos</b>	<b>3.739.721</b>
5127	Cotas á MUNPAL de funcionarios	8.407.697
5128	Cotas a MUFACE (de asegurado)	62.495
5129	Plan de xubilación	
<b>512</b>	<b>Entidades de previsión social funcionarios</b>	<b>8.470.192</b>
518	Acredores por IVE	471.002
<b>518</b>	<b>Acredores por I.V.E.</b>	<b>471.002</b>
519	Outros acredores non presupostarios (cheques C.V.)	
519	Outros acredores N.P. (aportacións non aplicadas)	6.960.827
519	Outros acredores N.P. (subvencións non aplicadas)	87.470.205
519	Ingresos duplicados ou excesivos	679.142
519	Ingresos duplicados (recadación)	1.026.683
519	Pagos non efectuados (retrocesións)	360
519	Fraccionamentos de recadación	3.075.985
<b>519</b>	<b>Outros acredores non presupostarios.</b>	<b>99.213.202</b>
<b>TOTAL SUBGRUPO 51</b>		<b>111.894.117</b>

**COMPARACIÓN BALANCE-ESTADO. RTE. DE TESOURERÍA**

CTA.	DESCRICIÓN	BALANCE	ESTADO RTE.DE TESOURERÍA
510	Depósitos recibidos	3.767.251	3.739.721
512	Entidades de previsión social de funcionarios	8.470.192	8.470.192
518	Acredores por IVE	471.002	471.002
519	Outros acredores non presupostarios	99.213.202	99.213.202
<b>TOTAL SUBGRUPO 51</b>		<b>111.921.647</b>	<b>111.894.117</b>
<b>DIFERENCIA</b>		<b>27.530</b>	

A diferenza localizouse na conta de depósitos recibidos, que presenta un saldo superior no balance con respecto ó estado de remanente de tesourería, sen poderse establecer a súa orixe.



### III.- PRESUPOSTOS

#### III.1.- Elaboración e tramitación

A aprobación do presuposto non se axustou, no cumprimento dos prazos, ó disposto nas normas de aplicación, ó aprobarse no mes de marzo do ano da súa vixencia.

O expediente presupostario presenta as seguintes deficiencias:

- a) Non inclúe a liquidación do presuposto do exercicio anterior (1994), prevista no art. 149.1.b) LRFL.
- b) Non se relacionan as operacións de crédito coas súas características, condicións e referencia á carga financeira, regulado no art. 18.1.e) do Real Decreto 500/1990.

#### III.2.- Modificacións presupostarias

As modificacións que figuran na liquidación do presuposto de gastos ascenden a 4.382.728.623 ptas. Desta contía acredítanse cos correspondentes expedientes corenta e seis modificacións polo importe sinalado, que se desglosan nas seguintes partidas:

- a) Suplementos de crédito: 100.000.000 ptas., referidos a investimentos reais.
- b) Transferencias de crédito: 189.016.533 ptas., referidos a gastos en bens correntes e servizos e investimentos reais.
- c) Incorporación de remanentes: 4.074.136.517 ptas., referidos, fundamentalmente, a gastos en bens correntes e servizos -124.421.941 ptas. (3,05%) -, investimentos reais - 3.296.678.765 ptas. (80,92%) - e transferencias de capital - 636.926.378 ptas. (15,63%) -, e debidas a unha deficiente execución do presuposto, motivada polo retraso na xustificación do gasto.

A incorporación de remanentes materialízase en dous expedientes, dos que cabe destacar:

- Na Base 4ª das de Execución do Presuposto especificase que poderán incorporarse remanentes con anterioridade á liquidación do presuposto do exercicio anterior no caso de que correspondan a contratos adxudicados en dito exercicio ou a gastos vixentes, previo informe do Interventor de que a incorporación non producirá déficit. O informe do Interventor sinala que "é previsible que esta incorporación non producirá déficit", e, no expediente, non se xustifica a natureza dos remanentes, en canto os supostos sinalados nas bases de execución do presuposto.

- No primeiro deles, existen diferencias, aínda que non significativas, entre os importes (parciais) e as partidas sinaladas no informe do Interventor e os efectivamente contabilizados.

- d) Xeracións de crédito: 308.592.106 ptas., referidos a gastos de persoal - 28.439.614 ptas. (9,22%) - gastos en bens correntes e servizos - 75.520.849 ptas. (24,47%) - e investimentos reais - 204.631.643 ptas. (66,31%).
- e) Baixas por anulación: 100.000.000 ptas., referidos a gastos financeiros, para financiar os suplementos de crédito.

Aínda que o importe total das modificacións concorda cos expedientes que se proporcionan, existe unha diferenza nas transferencias de crédito, por importe de 4.574.953 ptas., referidas ós seguintes expedientes:

- De 3-XII-96, por 3.044.538 ptas., da partida 6113.626 á partida 6114.821.
- De 31-XII-96, por 1.530.415 ptas., da partida 3131.213 á partida 3131.225.

Segundo o informe do Interventor anexo á conta xeral, as dúas transferencias anteriores deben ser convalidadas polo Pleno, incluíndose no seu día, para evitar excesos de imputacións de gastos nas partidas mencionadas.

### III.3.- Execución e liquidación

A liquidación do presuposto recóllese no Anexo I deste informe no seu resumo por capítulos dos Estados de ingresos e gastos. Os estados financeiros preséntanse nos anexos seguintes:

- Anexo II: Balance de Situación.
- Anexo III: Conta de Resultados.

## IV.- ÁREAS DE FISCALIZACIÓN

### IV.1.- Endebedamento e Gastos Financeiros

#### IV.1.1.- Obxectivos, alcances e limitacións

Os obxectivos a satisfacer nesta área de traballo son os que a continuación se relacionan:

- Verificar que a contabilidade presupostaria reflicte adecuadamente a imaxen fiel da situación económico-financiera da Corporación, e que se respetan os principios de contabilidade pública, tanto de gastos devengados e amortizacións practicadas, como das cantidades pendentes de amortizar a 31-XII-96, pola financiamento allea.
- Comprobar que as débedas encóntranse recollidas, descritas e clasificadas correctamente.
- Determinar se os pasivos financeiros concertados no exercicio, cumpren os requisitos legais de autorización e disponibilidad.
- Estudiamo-la correcta contabilización da operación de tesourería e analizamos sei se respectaron os límites legais da súa concertación en canto á duración, contía e finalidade.
- Para dar cumprimento ós obxectivos de auditoría prefixados, analizamo-la totalidade dos saldos das contas financeiras e capítulos presupostarios por pasivos esixibles a longo prazo, por débitos de financiamento, e polos gastos financeiros que a Deputación Provincial de Lugo contabilizou a inicio do exercicio, e a 31-XII-1996.

A mostra ten un alcance do 100 % do total de movementos das contas de balance e de resultados correntes do exercicio, que se fai extensivo ás partidas presupostarias do estado de gastos e ingresos.

Non foron facilitados os cadros de amortización dos préstamos, polo que resaltamos esta incidencia como limitación ó alcance.

- Circularizamos aquelas entidades financeiras cas que a Deputación mantíña vixentes a 31-XII-96 préstamos e créditos.

Recibimos consinaturación de tódalas entidades financeiras circularizadas.

Como limitación ó alcance destacamos que o BCL non da resposta sobre o préstamo número 390025548, xa que foi asumido polo ICO segundo acordo adoptado polo Consello de Ministros do día 15-I-93. Como o ICO non se circularizou, comprobamos a realidade do saldo por medio do modelo 301 Cirlocal do BCLE, e mediante xustificantes bancarios.

#### IV.1.2.- Traballo realizado

- Realizamos unha conciliación dos pasivos e gastos financeiros, entre a contabilidade presupostaria e a financeira.
- Confeccionamos unha folla de traballo na que se presentan os saldos das contas do endebedamento do Balance de Situación e a dos gastos financeiros da conta de resultados correntes do exercicio a 31-XII-96, para determinar a súa correcta composición.
- Elaboramos un cadro de endebedamento onde facemos consta-las características máis representativas dos préstamos e créditos que non estaban vencidos a fin de exercicio 1996.
- Analizamo-las respostas de consinaturación bancarias recibidas.
- Revisamo-los saldos dos distintos préstamos a inicio e a final do exercicio, para comproba-la súa correcta cuantificación.

- Contrastamos-la información obtida a través dos contratos de préstamos e créditos coas respostas de circularización bancaria e coa información procedente da contabilidade da Deputación.

- Efectuamos un traballo consistente na análise do gasto e da natureza da conta, para as amortizacións practicadas, para os gastos financeiros, e para os gastos de depósitos, fianzas e outros, co fin de verifica-la súa correcta contabilización.

- Fixemos unha revisión das cantidades contabilizadas, tanto en concepto de amortizacións do exercicio, como de gastos financeiros e intereses de préstamos, para constatar que se rexistraron todos os movementos nas contas financeiras e presupostarias correspondentes.

- Partindo dos xustificantes dos mandamentos de pago, propoñemos reclasificacións e axustes por periodificación.

- Comprobamos-la correcta cuantificación no estado da débeda, do capital pendente de amortizar a 31-XII-96.

- Para dar cumprimento ó sinalado no programa de traballo, describimos a modo de memorando aspectos sobre a adecuación á legalidade do préstamo formalizado no exercicio.

- Estudiamos-lo ratio de endebedamento, analizando a carga financeira da Corporación.

#### IV.1.3.- Conclusións da área

Presentamos-los movementos da liquidación do presuposto co detalle ata pagos líquidos e recadación neta dos capítulos III e IX de gastos e IX de ingresos nos seguintes cadros:

##### Estado de Gastos:

Cap.	Descrición	Créd. Inic.	Modif.
III	Gastos Financeiros	665.000.000	(100.000.000)
IX	Amortiz. Préstamos	599.360.336	0

Cap.	C. Definitivo	Obrig. rec.	Pagos líquido
III	565.000.000	521.926.042	521.926.042
IX	599.360.336	596.066.385	596.066.385

##### Estado de Ingresos:

Cap.	Descrición	Prev. Inic.	Modif.
IX	Pasivos Financeiros	1.240.870.339	0

Cap.	Prev. Definitivo	Dereitos rec.	Recadación líquida
IX	1.240.870.339	524.174.502	524.174.502

Os saldos da conta 170 do balance de situación así como os movementos do exercicio son os seguintes:

Conta	Descrición	Saldo a 31-XII-95
170	Préstamos recibidos	6.061.109.237 (H)

Conta	Movementos	Saldo a 31-XII-96
170	524.174.502 (H) 596.066.385 (D)	5.989.217.354 (H)

Segundo o cadro anterior, podemos apreciar como na contabilidade da Deputación, o saldo da conta 170 a 31-XII-1996 é de 5.989.217.354 Ptas.

Unha vez realizadas as probas oportunas derivadas do traballo de campo, determinamos que a suma das cantidades pendentes de amortizar ó final do exercicio 1996 ascenden a 5.983.559.172 Ptas. polo que detectamos unha diferenza de 5.658.182 Ptas., que pasamos a comentar:

A Deputación considera que o saldo pendente de amortizar do préstamo 11676-9 Caixa Galicia é de 206.305.464 Ptas. Do noso traballo podemos deducir que o saldo real a 31-XII-96 deste préstamo é de 195.447.282 Ptas.

Tamén consideran que o saldo a fin do exercicio 1996 do préstamo 8638-7 de Caixa Galicia é de 100.352.496 Ptas., cando realmente é de 105.552.496 Ptas.

Estas diferencias que no primeiro caso con (206.305.464 - 195.447.282) de 10.858.182 Ptas., xurden por non contabiliza-lo último trimestre do exercicio 96 noutro préstamo, a diferenza é (105.552.496 - 100.352.496) de 5.200.000 Ptas., que unha vez posta en coñecemento dos servizos económicos da Deputación, proceden a súa rectificación.

Analizadas estas diferencias de forma máis global temos que a Deputación contabiliza nestes presta-

mos de Caixa Galicia (206.305.464 + 100.352.496) = 306.657.960 Ptas. O Consello de Contas sinala (195.447.282 + 105.552.496) = 300.999.778 Ptas., de ahí que a diferenza sexa (306.657.960 - 300.999.778) = 5.658.182 Ptas.

Presentamos no seguinte cadro as características máis relevantes dos préstamos en vigor da Deputación Provincial de Lugo así como a débeda viva a 31-XII-1996:

Número Préstamo	Nombre da entidade	Ano Concesión	Data vencimento	Importe	Tipo	Cota amortización	Pendente amortiz. 31-XII-1996
390025548	BCLE	1949	30-IX-01	2.500.000	4,0%	23.901	519.167
71390416903	BCLE	1994	09-VIII-06	6.282.025.338	MIBOR	130.875.528	5.104.145.586
71390416904	BCLE	1994	09-VIII-96	66.945.445	MIBOR	1.394.697	54.393.172
500163116769	CAIXA GALICIA	1991	01-VII-01	434.327.286	14,5 %	10.858.182	195.447.282
5508638-7	CAIXA GALICIA	1991	30-V-01	211.105.000	14,0 %	5.864.028	105.552.496
1014500-4	B.B.V.	1996	31-XII-07	873.562.733	MIBOR	Carencia	523.501.469
<b>SUMA.....</b>							<b>5.983.559.172</b>

Con respecto ós documentos contables de pago por amortizacións practicadas no exercicio, verificamos que se axustan nas súas formas ó disposto no artigo 66 e seguintes do R.D. 500/90 así como á Regra 16 da I.C. Verificamos tamén que tanto a natureza da conta, como da partida, se corresponden de co gasto ó que foron imputados.

O importe das amortizacións practicadas no exercicio son 596.066.385 Ptas., pero debemos matizar que, a amortización do 4º trimestre/95 correspondente ó préstamo 11676-9 de Caixa Galicia está contabilizada no exercicio 1996, mentres que o 4º trimestre/96 se imputou ó exercicio 1997.

Outra circunstancia destacable en canto ás amortizacións é que a Deputación Provincial de Lugo, desglosa a inicios do exercicio 96 os préstamos en: "Préstamos a L/P de entes do sector público" e "Préstamos a medio e L/P de entes de fora do sector público". Conceptos que teñen a codificación 911 e 913 en termos de clasificación económica e 160, 170 respectivamente, en contabilidade financeira. O día 31-XII-1996 os servizos de In-

tervención da Deputación realizan un traspaso dos saldos da conta 160 á conta 170. Esta reclasificación non se realiza na contabilidade presupostaria.

#### **GASTOS FINANCIEROS:**

Para analiza-los intereses devengados por préstamos en vigor, partimos en primeiro lugar, de concilia-la contabilidade financeira e presupostaria, consinaturando que non se producen diferencias.

O desglose das contas do subgrupo 62 da conta de resultados é o seguinte:

Cta.	Descrición	Debe	Haber	Saldo a 31-XII-96
624	Intereses Préstamos	509.946.877		509.946.877
629	Outros Gastos financeiros	11.979.165		11.979.165
<b>TOTAL.....</b>				<b>521.926.042</b>

Podemos ver no cadro que se acompaña como o saldo da conta 624 é de 509.946.877 Ptas. Segundo o noso traballo, os intereses liquidados no exercicio son 515.795.981 Ptas., polo que teremos unha diferenza de 5.849.104 Ptas.

Esta diferenza procede da contabilización do 4º trimestre/95 do préstamo 11676-9 de Caixa de Galicia no exercicio 1996 (6.068.638 Ptas.), e de non contabiliza-lo último trimestre deste préstamo neste exercicio (3.718.656 Ptas.), que fan un neto total de 2.349.982 Ptas., ás que hai que engadir 476 Ptas., que son gastos por comisións e que figuran sumadas ós intereses do préstamo 390025548 do BCLE, (préstamo que foi asumido polo ICO por acordo do Consello de Ministros do día 15-I-1993). A estas dúas cantidades (2.349.982 + 476) = 2.350.458 Ptas., hai que restarlle 8.199.562 Ptas., que non se contabilizan no exercicio 96 e que corresponden á liquidación do 4º trimestre/96 do préstamo 10.14500-4 do BBV, polo que obtemo-la diferenza sinalada (8.199.562 - 2.349.982 - 476) = 5.849.104 Ptas.

Polo anterior propoñemos a reclasificación de 476 Ptas., á conta 629 "*Outros gastos financeiros*" en contabilidade financeira e á partida 011.340 na presupostaria.

Propoñemos tamén axustes por 2.349.982 Ptas., (que se contabilizan de máis no exercicio 1996 por intereses do préstamo de Caixa Galicia 11676-9, e que deben imputarse a 1995), e de 8.199.562 Ptas., (intereses do préstamo 10.14500-4 do BBV que non se contabilizan neste exercicio económico).

Con respecto á análise do principio de devengo para os gastos financeiros, propoñemos axustar a 1995 a cantidade de 716.123 Ptas., correspondente ó mandamento fase P número 5956, por 2.148.370 Ptas., formalizado o día 29-II-1996. Tamén propoñemos axuste por periodificación do pago número 6902 de 34.215 Ptas., formalizado o día 28-II-1997 imputando a 1996 a cantidade que corresponde, isto é, 11.405 Ptas.

Como resultado da análise dos gastos da partida 011.340 "*Depósitos, fianzas e outros*" que se corresponde coa conta financeira 629, do que cubrimos un alcance do 99,61 % sobre importes o que

fai un 58,33 % sobre pagos líquidos do maior, propoñemos axustar un pago de 300.689 Ptas., ó exercicio 1995, que se corresponda con intereses ó 9,62 % dunha operación de tesourería formalizada con Caixa Postal, cancelada o día 31-XII-1995, e que correspondían ó período de liquidación que vai do 01-X-95 ó 31-XII-95.

No relativo ós aspectos da adecuación á legalidade tanto do proceso de autorización como de disponibilidad para os préstamos recibidos no exercicio, resaltar que verificamos entre outros aspectos o relativo á existencia de informe previo da Intervención, acordo do Pleno e quórum da aprobación, autorización da Dirección Xeral de política financeira e tesouro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Comprobamos tamén se o crédito disposto se destinou a súa finalidade, se se respetaron os principios de publicidade, así como se se respetaron os límites da carga financeira.

Como resultado da análise de gastos e da natureza da conta dos intereses e gastos financeiros, e á marxe do sinalado anteriormente, concluímos que tanto a natureza da conta como a da partida correspóndense cos gastos por intereses. Así mesmo, respétese a legalidade das formas nos Mandamentos de pago.

No caso das operacións de tesourería formalizadas no exercicio 1996 resaltamo-lo seguinte:

A Deputación subscribe unha única operación de tesourería en 1996. Esta, formalízase con Caixa Ourense, e ten por finalidade financiar anticipos ós Concellos, en concepto de entregas a conta da recadación dos tributos do IBI e do IAE.

A operación materializada mediante un contrato de crédito cun límite de ata 300.000.000 Ptas., debendo reflectirse dito crédito nunha conta corrente na que se cargarán as cantidades que se dispoñan, así como os intereses, comisións e demais gastos que dela se deriven.

A Deputación contabiliza esta operación dunha forma distinta á regulada na IC debido á estreita relación existente entre o crédito concedido e a conta corrente que é aperturada de forma obligato-

ria segundo condicións do contrato. Esta forma de contabilización fundaméntase na idea de que no estado de tesourería, debe figura-lo saldo desta conta bancaria polo crédito disposto con saldo negativo. Saldo que é consecuencia dos apuntes seguintes:

- Orixinan cargo as disposicións de crédito, así como os intereses e demais gastos financeiros ligados á operación.
- Os abonos son por un lado, movementos internos de tesourería, e por outro, movementos correspondentes á cancelación da póliza de crédito.

Segundo a regra 244 da IC, as operacións de tesourería terán a consideración de operacións non presupostarias. Contabilizándose de conformidade coas normas contidas na regras da sección 2ª do capítulo 7º do Título III da I.C. a través da conta 515 "Operacións de Tesourería".

Por outro lado, a regra 277 da I.C., establece que os ingresos que se produzan en virtudee da concertación de tales operacións, deberán rexistrarse no libro diario xeral de operacións mediante un abono na conta 515, sendo a conta de cargo ou ben 554 "Ingresos pendente de aplicación" ou a 570 "Tesourería" segundo o procedemento elixido para a formalización do ingreso.

Un dos fins da contabilidade tal e como se indica na regra 10 da I.C., é a de estar organizada de maneira que permita establece-lo balance da entidade local poñendo de manifesto a composición do seu patrimonio, así como as súas variacións. Por tal motivo, propoñemos contabilícese por medio da conta 515, ou no seu defecto, debido ás características peculiares deste crédito, se contabilice por medio de contas de orde, xa que desta forma figurará no balance, e así mesmo se dará cumprimento ás normas legais anteriormente citadas.

O art. 54.4 da LRFL, en canto a que se debe entender por carga financeira, considera que é a suma das cantidades destinadas en cada exercicio ó pago das anualidades de amortización, dos intereses e das comisións correspondentes ás operacións de crédito formalizadas ou avaladas, sen ter en conta as operacións de tesourería.

Imos a calcula-la carga financeira da Deputación para o exercicio 1996 en base a créditos iniciais.

Capítulo	Descrición	Créditos iniciais
III	Gastos financeiras	665.000.000
IX	Pasivos Financeiros	599.360.336
<b>Total.....</b>		<b>1.264.360.336</b>

A carga financeira entendida como a suma das cantidades inicialmente presupostadas para o pago das amortizacións, dos intereses e das comisións correspondentes ó exercicio 1996 ascende á cantidade de 1.264.360.336 Ptas.

Para determinar porcentualmente o índice da carga financeira da Excma. Deputación Provincial de Lugo, podemos utilizar varios denominadores:

- a) Sobre os ingresos consignados inicialmente por operacións correntes que no exercicio 1996 son 6.770.212.155 Ptas.

$$C.F. = \frac{1.264.360.336}{6.770.212.155} \times 100 = 18,68 \%$$

- b) Sobre os dereitos recoñecidos netos dos ingresos correntes da última liquidación do presuposto practicada (1995) que son 7.593.883.181 Ptas.

$$C.F. = \frac{1.264.360.336}{7.593.883.181} \times 100 = 16,65 \%$$

- c) Imos a calcula-la carga que a nivel de obrigas recoñecidas de 1996 respecto a dereitos recoñecidos do mesmo exercicio representa.

Capítulos	Descrición	Obrigas recoñecidas
III e IX de Gastos	Gastos e Pasivos financeiros	1.117.992.427

Capítulos	Descrición	Dereitos liquidados
I ó V de ingresos	Ingresos por oper. correntes	7.911.378.593

$$C.F. = \frac{1.117.992.427}{7.911.378.593} \times 100 = 14,13 \%$$

Nos tres indicadores anteriores a carga financeira dispoñible é do 6,32 % no primeiro caso, de 8,35 puntos no segundo índice, e de 10,87 no último.

## IV.2.- Xestión de ingresos

### IV.2.1.- Obxectivos, alcances e limitacións

A fiscalización realizada tivo como obxectivos específicos na área de ingresos, os seguintes:

1.- Analiza-la execución do presuposto de ingresos do exercicio 1996.

CAPÍTULOS	Previsións Definitivas	Dereitos Recoñecidos	% G.E.	Importes en ptas.		
				Dereitos Recadados	% G.R.	Dereitos Pdtes. Cobro
I IMPOSTOS DIRECTOS	313.935.653	397.012.431	126	271.504.930	68	127.128.395
III TAXAS E OUT. INGRESOS	533.382.652	1.130.376.107	212	237.037.292	21	893.421.683
IV TRANSF. CORRENTES	5.947.387.113	6.247.217.075	105	5.775.563.194	92	471.653.881
V INGRESOS PATRIMONIAIS	80.401.000	136.772.980	170	136.772.980	100	---
VI ALLEACIÓN INVES. REAIS	200.000	---	0	---	---	---
VII TRANSFER. DE CAPITAL	7.527.638.482	2.321.856.206	31	2.084.793.432	90	237.062.774
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	75.135.081	79.107.531	105	76.982.721	97	2.294.968
IX PASIVOS FINANCEIROS	1.240.870.339	524.174.502	42	524.174.502	100	---
<b>TOTAL.....</b>	<b>15.718.950.320</b>	<b>10.836.516.832</b>	<b>69</b>	<b>9.106.829.051</b>	<b>84</b>	<b>1.731.561.701</b>

<sup>0</sup> Non inclúe as modificacións correspondentes ó artigo 87 "Remanente de Tesourería" por importe de 1.823.555.417 ptas.

% G.E.: Grao de execución ou relación de dereitos recoñecidos sobre previsións definitivas.

% G.R.: Grao de recadación respecto ós dereitos recoñecidos.

2.- Comprobar que os ingresos contabilizados representan a totalidade dos dereitos liquidados no exercicio, e que o seu recoñecemento e contabilización se axustan á normativa aplicable.

3.- Verifica-la adecuada xestión e, no seu caso, regulación dos ingresos, así como a documentación xustificativa dunha mostra dos dereitos recoñecidos en cada capítulo presupostario de ingresos.

4.- Estudia-la evolución dos dereitos correspondentes a presupostos pechados, analizando, en función da súa composición e antigüidade, a súa cobrabilidade ou consideración como dereitos de dubidoso cobro.

5.- Cuantifica-los dereitos recoñecidos pendentes de cobro que deben formar parte no cálculo do remanente de tesourería.

### IV.2.2.- Traballo realizado

1.- No cadro seguinte detállase, a nivel de capítulo, a execución do presuposto de ingresos do exercicio 1996:

Comparando a liquidación do presuposto da corporación coas magnitudes agregadas das Deputacións Provinciais da Comunidade Autónoma de Galicia, referidas a 1996, dedúcese que o grao de execución do presuposto de ingresos da Deputación Provincial de Lugo é semellante ó da media das citadas Corporacións, tanto polo que se refire ó grao de execución como de recadación líquida. Non obstante, hai que resaltar que o grao de execución do capítulo VII da Deputación de Lugo é

significativamente inferior ó da media, debido ó exceso de previsións definitivas para a realización dos plans correspondentes a zonas de acción especial.

No cadro seguinte compáranse os dereitos recoñecidos no exercicio 1996 con respecto ó exercicio anterior, así como a porcentaxe que cada capítulo representa respecto do total:

Capítulos	1996		1995	
	Dereitos recoñecidos	% S/Total	Dereitos recoñecidos	% S/Total
I IMPOSTOS DIRECTOS	397.012.431	4	343.964.521	3
III TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.130.376.107	10	1.062.551.697	9
IV TRANSF. CORRENTES	6.247.217.075	58	6.269.004.270	55
V INGRESOS PATRIMONIAIS	136.772.980	1	95.621.531	1
VI ALLEACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	---	---	12.565.000	---
VII TRANSF. DE CAPITAL	2.321.856.206	21	3.456.336.649	31
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	79.107.531	1	67.311.331	1
IX PASIVOS FINANCEIROS	524.174.502	5	862.175	---
<b>TOTAL.....</b>	<b>10.836.516.832</b>	<b>100</b>	<b>11.308.217.174</b>	<b>100</b>

Cabe destacar, en termos xerais, a diminución dos dereitos liquidados nun 4% en 1996 respecto a 1995. Esta variación ten a súa orixe, fundamentalmente, no forte descenso en termos absolutos e relativos, dos dereitos correspondentes ó capítulo VII, como consecuencia do distinto ritmo de execución dos plans provinciais en ámbolos dous exercicios.

2.-Verificouse a correspondencia entre a execución do presuposto de ingresos e a contabilidade financeira. Para isto cruzouse o importe dos dereitos recoñecidos netos, 10.836.516.832 ptas., cos saldos das contas do grupo 7 de contabilidade financeira e os movementos das contas de balance afectadas polas transferencias de capital e activos e pasivos financeiros.

Cta	Denominación	Importe/ptas.
70	Vendas	1.098.565.507
71	Rendas da propiedade	137.733.300
72	I.A.E.	396.861.871
76	Transferencias correntes	6.246.283.275
78	Outros ingresos	30.848.871
14	Subvencións de capital <sup>3</sup>	2.321.856.206
17	Préstamos a l/p <sup>b</sup>	524.174.502
254	Préstamos conced. s/público <sup>f</sup>	31.713.937
264	Préstamos concedidos l/p <sup>r</sup>	47.393.594
	<b>Total</b>	<b>10.835.431.063</b>

A diferenza, 1.085.769 ptas. ten a súa orixe, fundamentalmente, na falta de rexistro na conta 763

<sup>3</sup> Movementos acredores



da operación nº 14.538 de data 30.04.96, por importe de 933.800 ptas. correspondente a transferencias correntes recibidas do INLUDES. O resto da diferenza, 151.969 ptas., está causada por erros de diferente signo nos capítulos I e III, que polo seu importe carecen de materialidade.

3.-En relación coas probas realizadas con obxecto de verifica-la adecuada xestión dos diferentes conceptos de ingreso, así como de comproba-la documentación xustificativa dos dereitos recoñeci-

dos, o traballo realizado clasifícase por capítulos presupostarios.

#### 4.1. IMPOSTOS DIRECTOS

Neste capítulo inclúense as seguintes partidas presupostarias:

Partida Presupuest.	Previsións Definitivas	Dereitos Recoñecidos	Anulacións	Dereitos Recoñ. Netos	Recadación Neta	Dereitos Pdtes. Pago
172.01 Recargo Prov. IAE s/activ. Empres.	312.835.653	464.269.087	107.197.520	357.071.567	238.976.668	118.094.899
172.02 Recargo Prov. IAE s/activ. Profes.	1.000.000	45.220.620	7.795.500	37.425.120	28.960.389	8.464.731
172.03 Recargo Prov. IAE s/Locais Afectos	100.000	3.032.736	516.992	2.515.744	1.946.979	568.765
<b>TOTAL.....</b>	<b>313.935.653</b>	<b>512.522.443</b>	<b>115.510.012</b>	<b>397.012.431</b>	<b>269.884.036</b>	<b>127.128.395</b>

Analizáronse documentos contables e documentación xustificativa dunha mostra que representa o 70% dos dereitos recoñecidos e o 91% das anulacións do exercicio.

Así mesmo, verificouse a tramitación e aprobación dos padróns correspondentes a catro concellos que teñen delegada as competencias de xestión e recadación na Deputación, e a correcta aplicación da tarifa nunha mostra das liquidacións individuais.

Por último, cruzouse o importe de dereitos recoñecidos cos cargos e ingresos que figuran nas contas de recadación da Deputación correspondentes ó IAE.

Do resultado das probas realizadas cabe destacar:

a) A Deputación, no rexistro de dereitos do recargo provincial do IAE, segue un criterio de caixa, contabilizándoos a medida que se producen os ingresos.

En base ó establecido no artigo 144.a) da LRFL e nos apartados 3.7 e 3.10 do documento 2 "Dereitos a cobrar e ingresos" elaborado pola comisión

de principios e normas contables públicas, habería que distinguir dous supostos no recoñecemento dos dereitos:

- O recargo correspondente a concellos que teñen delegadas as competencias de xestión e recadación do IAE na Deputación: neste caso é a propia Deputación a que aproba os padróns e polo tanto, practica a correspondente liquidación, polo que debería recoñecer como dereito o importe total do padrón.
  - O recoñecemento do dereito por recargo provincial do IAE correspondente a concellos que non teñen delegadas as competencias na Deputación debería realizarse cando ésta teña coñecemento do seu importe, ben mediante a percepción dos fondos entregados polo concello xestor ou mediante a comunicación documental dos dereitos liquidados e cobrados por conta daquela.
- b) A pesar de seguir un criterio de caixa na contabilización dos dereitos do recargo provincial do IAE, na liquidación do presuposto de 1996 figuran como pendentes de cobro 127.128.395 ptas. que corresponden na súa maioría á recadación en pe

ríodo voluntario do recargo do IAE 1996, e que é obxecto de rexistro o 31-XII-96, se ben a liquidación é aprobada polo Presidente o 31-I-97.

c) As anulacións por 115.510.012 ptas. corresponden á rectificación dun erro na contabilización do recargo IAE 1995.

#### 4.2. TAXAS E OUTROS INGRESOS

No cadro seguinte desglósase a execución do capítulo III do presuposto de ingresos, detallando os dereitos recoñecidos, recadación e alcance das mostras analizadas:

Aplicación Pptaria.	Descrición	Dereitos recoñecidos netos	% mostra analiz.	Recadación	Dereitos pdtes. cobro
301	VENDA DE PUBLICACIÓNS E OUTROS	753.862	--	753.862	---
310.01	TAXA SUBSCRIPCIÓN E VENDAS B.O.P.	75.559.113	18	37.984.888	37.574.225
310.02	TAXA CONCESIÓN DE LICENCIAS	1.341.995	---	1.341.995	---
310.03	TAXA DIRECCIÓN DE OBRAS	8.020.195	---	8.020.195	---
340.00	PREZO PÚBLICO TRABALLOS IMPRENTA PROVINCIAL	1.223.497	---	1.150.546	72.951
340.02	PREZO PÚBLICO SERVICIOS HOSPITAL S. RAFAEL	857.124.913	98	75.314.913	781.810.000
340.04	PREZO PÚBLICO SERVICIOS RESIDENCIA ST* MARIA	24.112.367	14	24.112.367	---
340.05	PREZO PÚBLICO SERVIC. RESIDENCIA SORDOMUDOS	3.209.009	---	2.193.009	1.016.000
340.08	PREZO PÚBLICO PRESTACIÓN SERV. RECADACIÓN	108.094.431	69	36.829.859	71.264.572
340.11	OUTROS PREZOS PÚBLICOS	19.133.534	14	17.803.534	1.330.000
352	ACTIVIDADES QUE AFECTAN PROP. INV. MOB.	875.320	---	875.320	---
380	REINTEGRO PRESUPOSTOS PECHADOS	2.426.033	---	2.426.033	---
386	REINTEGRO INST. COMUNIDADE RELIXIOSA	421.523	---	421.523	---
391	MULTAS	85.000	---	85.000	---
399.01	RECURSOS EVENTUAIS	1.185.000	---	1.185.000	---
399.04	IMPREVISTOS	26.810.315	25	26.456.380	353.935
	<b>TOTAL.....</b>	<b>1.130.376.107</b>	<b>83</b>	<b>236.954.424</b>	<b>893.421.683</b>

Verificóuse o cumprimento da normativa aplicable en materia de imposición e regulación, no seu caso, mediante ordenanzas fiscais, así como o procedemento de xestión e liquidación, e a existencia de documentación contable e xustificativa dos dereitos recoñecidos e ingresos contabilizados.

Os feitos detectados nas probas realizadas foron as seguintes:

a) Na análise do cumprimento de legalidade sobre a tramitación das ordenanzas fiscais e imposición das diferentes taxas e prezos públicos, púxose de manifesto que:

Non consta a existencia do estudio de custos

ou memoria económico-financeira que xustifique o importe fixado nos seguintes prezos públicos:

- Para uso dos distintos servizos na Área Recreativa “Los Robles”.
- Para venda de tódolos libros publicados e editados pola Deputación.
- Modificacións de febreiro, abril e xuño de 1994 do prezo público polo servizo de rutas turísticas fluviais.

– Non consta a delegación do Pleno na Comisión de Goberno para a fixación do prezo público seguinte<sup>3</sup>:

- Para uns dos servizos na área recreativa “Los Robles”.

– Non consta a publicación dos acordos de fixación ou modificación relativos ós seguintes prezos públicos:

- Para uso dos servizos na área recreativa “Los Robles”.
- Para venda dos libros e vídeos editados pola Deputación Provincial.
- Modificación de 18.02.94 relativa ó prezo público pola utilización privativa e aproveitamento especial dos bens de dominio público provincial.
- Por carteis indicadores das actividades, obras e servizos da Excm. Deputación.
- Do mapa provincial.
- Fixación e modificacións do prezo público por servizo de rutas turísticas fluviais.

<sup>3</sup> Suprímese a referencia ó Prezo Público correspondente ó Palacio dos Deportes e Alonso Vega, por acreditar en alegacións a delegación do Pleno na Comisión de Goberno

- Modificación de 29.07.94 relativa á prestación de servizos no colexio “Alonso Vega”.
- Polo servizo de fotocopiadora en Alonso Vega.
- Pola utilización do pavillón do colexio “Alonso Vega”
- Modificacións de 29.07.94 e 29.11.96 do prezo público por prestación de servizos na residencia “St<sup>a</sup>. María”.
- Polo servizo de fotocopiadora na residencia “St<sup>a</sup>. María”.

b) Na taxa por subscripción e venda do B.O.P.:

– O importe dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro que figura na liquidación do Presuposto de 1996 (37.574.225 ptas.) non coincide coa relación remitida pola Sección de Cultura á Intervención sobre o pendente de cobro por insercións e subscripcións durante o exercicio 1996.

A diferenza, radica no importe correspondente ós anuncios e insercións de organismos oficiais e xulgados, por importe de 10.750.021 ptas.

Isto implica, no caso de que ditos anuncios non estean exentos ó amparo do establecido no artigo 5 da ordenanza reguladora, o incumprimento do artigo 9 da citada ordenanza relativo á esixencia de depósito previo e do artigo 187.2 da LRFL, que establece que nos libros, rexistros e contas contabilizáranse a totalidade dos actos e operacións con repercusión económica, financeira e patrimonial.

– Non consta a existencia das solicitudes de anuncios presentadas polos interesados nin as liquidacións correspondentes, nos termos establecidos no artigo 10 da ordenanza.

c) No cadro seguinte resúmese a situación a 31-XII-1996 dos servizos prestados polo Centro

Residencial e Rehabilitador "San Rafael" ata dita data:

Importe en ptas.

Concepto	Resumo Liquidacións		Dereitos Recoñecidos		Importe Recadado (compensado S.S.)	Importe Pdte. Cobro
	ESTANCIAS	Data	Importe	Data		
1992	---	---	---	---	---	---
1993	31-XII-94	450.480.000	1993	450.480.000	74.637.087	375.842.913
1994	02-XI-95	753.058.000	02-XI-95	753.058.000	188.576.879	564.451.121
1995	31-XII-96	781.810.000	31-XII-96	857.124.913	75.314.913	781.810.000
1996	---	---	---	---	---	---

- As estancias no centro, correspondentes ó exercicio 1992, non figuran en contas a dita data, xa que foron liquidadas en 1997, polos seguintes importes:

Concepto	Data	Importe/ptas.
ESTANCIAS	Liquidación	
2º trimestre 1992	12-V-97	106.740.000
3º " "	10-VI-97	111.186.000
4º " "	16-VI-97	110.832.000
<b>Total.....</b>		<b>328.758.000</b>

O artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público establece, ó igual que o artigo 47 da LRFL, que a obligación ó pago nace dende que se inicia a prestación do servicio.

Pola súa parte, o artigo 27.7 da Lei 9/1989, de taxas e prezos públicos, de aplicación supletoria respecto da lexislación que establezan as Facendas Locais sobre prezos públicos, establece que "no non previsto pola presente Lei, a Administración e cobro dos prezos públicos realizarase conforme ó previsto na Lei Xeral Presupostaria". O artigo 40 desta Lei, establece que prescriben ós cinco anos o dereito da Facenda Pública a recoñecer ou liquidar créditos o seu favor, computándose dito prazo dende o día no que pudo exercitarse.

En base ó anterior, e tendo en conta que o artigo 7 da ordenanza fai referencia ó carácter

mensual das liquidacións, podería considerarse que os dereitos correspondentes ós meses de abril e maio de 1992 estarían prescritos á data de liquidación e recoñecemento en contas (12-V-1997). O importe dos dereitos que poderían estar afectados por dita prescripción, en base ós datos que figuran no libro rexistro auxiliar, é de 69.876.000 ptas.

- A Deputación tramitou expedientes de compensación de débedas ó INSALUD, co obxecto de compensar nas liquidacións trimestrais presentadas ante a Seguridade Social, o importe das débedas que ésta mantén coa entidade Local en concepto de atención psiquiátrica prestada no Centro "San Rafael".

As compensacións realizadas hasta 31-XII-1996, foron as seguintes:

Ano Compensac.	Importe	Ano Estancias Aplicada
1995	74.637.087	1993
1996	188.576.879	1994
1996	75.314.913	1995

Cometeuse un erro na contabilización do importe compensado en 1996 por 75.314.913 ptas., ó recoñecer dereitos por este importe con cargo a presuposto corrente de 1996, o que motiva a diferenza reflectida entre liquidacións practicadas e dereitos recoñecidos de 1996.

Procedería, por tanto, axusta-la débeda pendente de cobro correspondente a presupostos pechados, mediante o asento:

-----X-----  
(75.314.913) DEBEDORES DEREITOS PPTO. PECHADOS (431)  
a MODIFIC. PPTO. PECHADOS (840) 75.314.913  
-----X-----

- A tesourería xeral da Seguridade Social presentou múltiples demandas contra as liquidacións e compensacións realizadas pola Deputación de Lugo. Pola súa parte, o Servicio Galego de Saúde, tamén demandou á Corporación polas liquidacións das que foi obxecto de notificación.

En relación con ditas demandas, hai que resalta-las sentencias da Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Supremo de datas 13-X-93, 30-III-94, 29-VI-94 e 09-XII-98, polas que se estimaban os recursos de casación presentados pola Deputación de Lugo, e nas que ademais de considera-las débedas con dita Corporación pola asistencia sanitaria prestada a beneficiarios da Seguridade Social no centro "San Rafael" como débedas vencidas, líquidas e esixibles, fallan que o procedemento de compensación de débedas é axustado a dereito.

De todo isto parece deducirse que, con independencia da legalidade do procedemento de compensación e de que o debedor sexa a Seguridade Social ou o Sergas, existe un dereito a favor da Deputación, que se concreta nas liquidacións practicadas pola asistencia psiquiátrica ós beneficiarios da Seguridade Social no Centro "San Rafael", e que xustifica o seu recoñecemento e rexistro en contas. Non obstante, e ata a resolución dos procedementos xudiciais abertos ou, no seu caso, que o correspondente Organismo da Seguridade Social ou Comunidade Autónoma de Galicia asuma as débedas explicitamente, sería conveniente adoptar un criterio prudente en relación á consideración das citadas débedas como parte integrante dos dereitos pendentes de cobro a efectos do cálculo do remanente de tesourería.

Neste sentido, hai que resaltar que a Deputa-

ción adoptou este criterio a partir do exercicio de 1997.

d) No prezo público por prestación de servicios na Residencia Sta. María:

- Non consta a existencia de liquidacións individuais nin recibos expedidos ós alumnos da residencia como xustificantes dos ingresos realizados polos mesmos no centro, e esixidos polo artigo 4.2. a/ da ordenanza reguladora.

Existe, non obstante, o libro rexistro auxiliar no que se inclúe a relación das liquidacións practicadas, se ben se comprobou que en dito libro non figuran as liquidacións correspondentes á facturación por días nos meses de xullo e setembro, contemplada no artigo 4.d/ da Ordenanza.

- Durante 1996 a Deputación seguía un criterio de caixa na contabilización dos dereitos, rexistrando os ingresos a medida que a Directora da residencia ingresaba o efectivo recadado en contas da Corporación, con independencia dos importes que figuran no libro rexistro, como relación de liquidacións practicadas.
- Con carácter xeral, verificouse a correcta aplicación das tarifas aprobadas. Non obstante, se detectou que durante o último trimestre de 1996, 22 alumnos ingresan 10.000 ptas. mensuais menos, que segundo explicacións facilitadas polo persoal da Deputación, teñen a súa orixe no seu desconto por familia numerosa.

Non consta que dita redución na aplicación das tarifas se tramitara conforme ó procedemento establecido no artigo 5º da ordenanza.

e) A Deputación Provincial, por acordo do Pleno de 27.03.95, aproba as bases que han de rexir a aceptación da delegación dos concellos en materia de xestión, liquidación e recadación, publicándose no B.O.P. de 06-VII-95 e 11-X-95, nos que se relacionan os 58 concellos que se adhieren, así como as compensacións económicas: 6% do principal na recadación en período voluntario e o importe do recargo de apremio, costas e intereses na recadación en período executivo.

Nas comprobacións realizadas púxose de manifesto:

- A liquidación correspondente á recadación obtida en período voluntario de IBI e IAE 1996, e na que son obxecto de compensación as entregas a conta, o custo financeiro das mesmas, o recargo provincial do IAE, o premio de cobranza e a distribución do IAE de centrais hidrográficas, foi aprobada polo presidente da Deputación o 31-I-97.

En dita liquidación figuran 67.199.876 ptas. en concepto de premio de cobranza.

A pesar de que a liquidación é do exercicio 1997, o recoñecemento de dereitos realízase o 31-XII-96 mediante D.R. nº 2592.00, quedando pendente de cobro a final de exercicio.

Esta contabilización de dereitos non liquidados non se axusta ó establecido no artigo 144 a/ da LRFL, que imputa os dereitos ó exercicio presupostario no que se liquidan.

f) Respecto doutros prezos públicos, e da revisión realizada das resolucións do Presidente en 1996, detectouse que por Decreto de 25-V-96 se liquidou a BREOGAN SAD 100.000.000 ptas. máis IVE, en concepto de uso o Pavillón Universitario pola temporada 1955/96, En relación con este feito, hai que poñer de manifesto:

- Se ben no texto do Decreto faise referencia á "liquidación presentada pola Intervención", no expediente unicamente consta a relación de obrigas da Deputación derivadas do funcionamento do Pavillón no período 1992-1996, así como a imputación de custos de servizos xerais da Deputación, por importe de 149.786.578 ptas.

En ningún caso figura o importe liquidado de 100.000.000 ptas., nin que se aplicaran as tarifas por uso do Pavillón incluídas no prezo público establecido por acordo da Comisión de Goberno o 12-IV-96.

A citada liquidación non é obxecto de contabi-

lización no exercicio 1996.

Breogán SAD ingresa 20.000.000 ptas., o 08-XI-97, que por erro se aplican integramente ó concepto 340.11, sen imputar a parte proporcional do IVE, e que ademais se aplican a presuposto corrente de 1997.

O 18.12.98 contabilízanse 96.000.000 ptas. (80.000.000 ptas. de principal e 16.000.000 ptas. de IVE), rexistrándose como modificación de dereitos de presupostos pechados (exercicio 1996).

- Con data 11-XII-98, o club Breogán SAD solicita fraccionamento da débeda, presentando a documentación esixida polo artigo 51.3 do R.X.R. por dispensa de garantías.

Na resolución e notificación da aprobación do fraccionamento non se contemplan as prevencións do artigo 55.2 a/ do R.X.R., relativas ós efectos da falta de pago. Así mesmo, tampouco se fai referencia ó importe total da débeda, nin de maneira explícita á contía de cada prazo.

Así mesmo, hai que facer constar que o primeiro prazo do fraccionamento concedido tiña vencemento o 20-IV-1999, sen que se producira o ingreso correspondente. O efecto da falta de pago se contempla no apartado 5 do artigo 48 do R.X.R.

- Non consta no expediente o cálculo dos intereses de demora para cada pago fraccionado, nos termos establecidos no artigo 56.2 do R.X.R.

Por último, e en relación con outros prezos públicos, poñer de manifesto que na partida 340.11 "Outros prezos públicos" figuran contabilizados os dereitos correspondentes á concesión do edificio e instalacións da área deportiva-recreativa de Soamesas.

Da verificación realizada sobre o procedemento de adxudicación, contrato e execución do mesmo, dérivase que:

O prezo da adxudicación fixado na cláusula 2ª do contrato de data 27-X-94, é de 200.000

ptas. mensuais. Dita cláusula establece que "o prezo se verá incrementado anualmente polo IPC, debendo axustarse a correspondente fianza". En 1996, séguese aboando o prezo inicial.

#### 4.3. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Os dereitos recoñecidos e recadados durante o exercicio 1996, a nivel de concepto, así como o alcance das mostras analizadas, resúmese no seguinte cadro:

Concepto	Dereitos recoñecidos	% Mostra	Dereitos recadados	Dereitos Pdtes. cobro
420 PARTICIPACIÓN TRIBUTOS ESTADO	6.059.509.009	22	5.587.855.128	471.653.881
423 TRANSF. OO.AA. COMERCIAIS	56.017.694	---	56.017.694	---
432 OUTRAS TRANSFERENCIAS	55.245.412	31	55.245.412	---
455 TRANSF. ADMÓN. XERAL CC.AA.	72.194.960	21	72.194.960	---
462 OUTRAS TRANSFERENCIAS	1.000.000	---	1.000.000	---
470 APORTACIÓNS e SUBVENCÍONS	500.000	---	500.000	---
480 APORTACIÓNS e SUBVENCÍONS	2.750.000	---	2.750.000	---
<b>Total.....</b>	<b>6.247.217.075</b>	<b>22</b>	<b>5.775.563.194</b>	<b>471.653.881</b>

Da análise da documentación xustificativa da concesión, non cabe resaltar ningunha incidencia.

Unicamente especificar que no concepto 432 se inclúen transferencias correntes recibidas do INLUDES, para que a Deputación realice pagos ós adxudicatarios de determinados expedientes de contratación nos que o Organismo Autónomo delega a competencia na Deputación Provincial.

#### 4.4 INGRESOS PATRIMONIAIS

No capítulo V do presuposto de ingresos recoñécense e recadáronse dereitos por importe de 136.772.980 ptas.

Cruzouse a información obtida na circularización bancaria relativa ós intereses aboados polas distintas entidades durante 1996 co libro maior de conceptos de presuposto de ingresos, e verificáronse documentos contables e xustificantes que a súa suma representa o 74% do total de dereitos re-

coñecidos. Das probas realizadas, dedúcese a correcta contabilización dos intereses.

#### 4.5 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Verificouse a correcta tramitación e aprobación dos plans provinciais de cooperación correspondentes a 1996.

Respecto da execución dos plans, o aspecto xurídico-contractual analízase na área de contratación. Dende o punto de vista económico-financeiro, cruzouse para cada plan en execución (1996 e anteriores), os cadros de seguemento trimestral remitidos ó MAP co maior de conceptos de presupostos de ingresos, analizando para unha pequena mostra dos dereitos recoñecidos, a existencia de documentación acreditativa da adxudicación e certificación de obra correspondente.

A execución do presuposto de ingresos correspondente a 1996 foi a seguinte:

Partida Pptria.	Denominación	Previsións iniciais	Modificac.	Previsións definitivas	Dereitos Recon. Netos	Recadación	Der. Pdes. cobro
720	Transf. Admon. Estado	3.500.441.890	---	3.500.441.890	612.951.717	608.384.944	4.566.773
720.51	Transf. Estado (Remanentes)	---	1.369.707.243	1.369.707.243	700.453.178	654.106.671	46.346.507
755.01	Transf. Fondo Coop. Local	150.000.000	---	150.000.000	72.506.497	7.213.595	65.292.902
755.05	Outras Transferencias	---	132.000.000	132.000.000	129.757.580	95.971.123	33.786.457
755.51	Aportación Xunta ó FCL	---	47.810.640	47.810.640	45.560.511	43.992.363	1.568.148
755.52	Aportación Xunta H. S. Rafael	---	2.496.033	2.496.033	2.496.033	2.496.033	---
755.55	Outras Transferencias Xunta	---	87.474.604	87.474.604	73.351.176	73.351.176	---
762	Transf. Concellos	1.422.917.649	71.697.843	1.494.615.492	97.118.091	52.200.573	44.917.518
762.51	Aport. Concello a Obras (Remanente)	---	742.818.171	742.818.171	587.661.423	547.076.954	40.584.469
<b>TOTAL.....</b>		<b>5.073.359.539</b>	<b>2.454.278.943</b>	<b>7.527.638.482</b>	<b>2.321.856.206</b>	<b>2.084.793.432</b>	<b>237.062.774</b>

Do resultado das probas realizadas, cabe destacar os seguintes feitos:

- Nos conceptos 720 e 762, ós que se imputan as transferencias recibidas do estado e Concellos, respectivamente, para financiar os programas de Cooperación Local correspondente ó exercicio 1996, o grao de execución é baixo, debido a que nas previsións definitivas se incluíron 7 plans de acción especial (ZAE) e unicamente foron aprobados tres.
- Verificouse en relación ó concepto 720, a existencia de documentación xustificativa da adjudicación dunha mostra das obras correspondentes ó POS, RVL e ZAES do exercicio 1996, que determinan o dereito ó anticipo do 75% da audiencia.
- Verificouse o cumprimento dos requisitos establecidos no RD 665/90, relativos á aprobación dos plans de 1996 (POS, POL, RVL e ZAES).

Comprobouse a existencia de certificacións de obra e actas de recepción provisional para unha mostra dos dereitos recoñecidos nas partidas 720.51 e 762.51, relativos ás obras de execución de plans de cooperación anterior a 1996.

Respecto daquelas obras non executadas no prazo establecido no RD 665/90, verificouse a solicitude e concesión de prórroga polo MAP.

- O sistema contable aplicado pola Deputación de Lugo para rexistrar os investimentos en obras de titularidade municipal incluídas nos diversos plans de cooperación provincial, consiste en:

- **FINANCIAMENTO RECIBIDO:** As transferencias recibidas do estado, CEE, XUNTA e Concellos para financiar as obras aplícanse ó capítulo 7 do presuposto de ingresos, contabilizándose financeiramente nas diferentes contas do subgrupo 14 "Subvencións de capital recibidas".

- **INVESTIMENTOS REALIZADOS:** A medida que se van executando as obras, recoñécense obrigas con cargo ó capítulo 6 do presuposto de gastos, contabilizándose o investimento na conta 221 "Infraestructuras e bens destinados ó uso xeral".

A Corporación, tal e como se recolle no informe da Intervención Xeral da Deputación que acompaña á conta xeral de 1996, non realizou ata a data ningún asento contable que rexistre a



entrega das obras ós municipios. Como consecuencia de isto, na conta 221 e nas contas do subgrupo 14 figuran tanto os investimentos como o financiamento recibido doutros entes para obras que figuran no activo dos diferentes concellos, e que non deben incluírse na contabilidade da Deputación.

Así mesmo, a aportación da Deputación a ditas obras, que presupostariamente foi aplicada ó capítulo 6 do presuposto de gastos, ó non contabilizarse o asento correspondente á entrega dos bens, non tivo reflexo na conta de resultados da contabilidade financeira, por diferenza entre financiamento recibido e investimento

realizado.

Con obxecto de cuantificar o efecto desta omisión nas contas da Deputación a 31.12.1996, e partindo da documentación do seguimento da execución dos plans POS, POL e ZAES (o Plan RVL é de titularidade provincial) anteriores a 1996 (xa que os plans deste exercicio non estaban executados a 31 de decembro), así como da contabilidade, obtívose a seguinte información relativa ós investimentos realizados e financiamento recibido polos citados plans:

Plan	Importe investimentos realizados	Aportación M.A.P.	Aportación CEE	Aportación Xunta	Aportación Concellos	Aportación Deputación	Total aportacións
P.O.S. 1991	1.076.201.614	259.649.859	---	---	765.525.958	51.025.797	1.076.201.614
P.O.S. 1992	773.312.949	251.673.014	---	---	481.819.391	39.820.544	773.312.949
ZAE NOROESTE 1992	502.320.390	271.617.516	---	---	155.227.672	75.475.202	502.320.390
ZAE SUROESTE 1992	534.734.000	271.000.000	---	---	182.123.898	81.610.102	534.734.000
ZAE NORDESTE 1992	195.485.000	101.000.000	---	---	65.162.250	29.322.750	195.485.000
P.O.S. 1993	810.892.688	266.130.725	---	---	502.822.019	41.939.944	810.892.688
ZAE NOROESTE 1993	344.962.123	185.946.354	---	---	108.120.599	50.895.170	344.962.123
ZAE NORDESTE 1993	134.750.000	70.700.000	---	---	43.837.500	20.212.500	134.750.000
ZAE SURESTE 1993	281.399.800	140.548.999	---	---	99.640.831	41.209.970	281.399.800
P.O.L. 1991-1993 <sup>①</sup>	2.053.871.350	869.244.753	251.806.631	413.270.643	152.641.002	366.908.321	2.053.871.350
P.O.S. 1994	788.344.232	258.562.490	---	---	490.404.975	39.376.767	788.344.232
ZAE NOROESTE 1994	304.846.044	162.092.202	---	---	90.954.925	51.798.917	304.846.044
ZAE SURESTE 1994	115.835.000	60.600.000	---	---	37.859.750	17.375.250	115.835.000
ZAE SURESTE 1994	309.754.734	162.591.750	---	---	100.435.913	46.727.071	309.754.734
P.O.S. 1995	570.030.096	196.967.550	---	---	359.988.485	13.074.061	570.030.096
ZAE SURESTE 1995	222.162.628	113.809.701	---	---	75.028.533	33.324.394	222.162.628
ZAE NOROESTE 1995	191.554.647	100.130.074	---	---	60.582.977	30.841.596	191.554.647
ZAE NORDESTE 1995	86.091.025	47.984.295	---	---	25.193.076	12.913.654	86.091.025
P.O.L. 1994-1996 <sup>①</sup>	579.759.093	150.404.944	260.666.586	---	25.602.489	143.085.074	579.759.093
<b>TOTAL.....</b>	<b>9.876.307.413</b>	<b>3.940.654.226</b>	<b>512.473.217</b>	<b>413.270.643</b>	<b>3.822.972.243</b>	<b>1.186.937.084</b>	<b>9.879.307.413</b>

En base á estimación realizada, a Deputación tería que realizar un axuste no DGO con obxecto de

que as contas de inmovilizado, subvencións de capital e resultados a 31.12.96 reflectan a situación

<sup>1</sup> Non se inclúen as obras en estradas, xa que son titularidade provincial.

económico-financiera real, dando de baixa os investimentos de titularidade municipal:

-----x-----			
4.453.127.443	SUBV. CAPITAL SECTOR ESTATAL	(142)	
413.270.643	" " CC. AA.	(145)	
3.697.920.879	" " ENTID. LOCAIS	(146)	
1.186.937.084	OUTROS RESULT. EXTRAORDIN.	(822)	
<u>9.751.256.049</u>	a		
	INFRAESTRUCTURAS E BENS DESTINADOS		
	Ó USO XERAL. (221)		9.879.307.413
-----x-----			

O importe do axuste correspondente a resultados extraordinarios , 1.186.937.084 ptas. coincide coa aportación da Deputación á financiamento dos

plans (transferencias de capital), que a 31.12.96 non tivera reflexo na contabilidade financeira.

Así mesmo, é necesario que a Deputación cuantifique dito asento ata a data actual, tendo en conta a información dispoñible dos plans 1996 e posteriores.

#### 4.6 ACTIVOS FINANCEIROS

No cadro seguinte inclúese a execución do capítulo 8 do presuposto de ingresos:

Partida presupostaria.	Previsións definitivas	Dereitos recoñecidos	Anulacións	Dereitos Recoñ. Netos	Dereitos Recadados	Dereitos Pdtes. cobro
826.01 PRÉSTAMOS L E M/P	25.135.081	51.829.243	-20.115.306	31.713.937	29.418.969	2.294.968
830.00 REINTEGRO ANT. PERS.	50.000.000	48.649.803	-1.256.209	47.393.594	47.393.594	---
870.02 APLICACIÓN FINANC. INCORP. CRÉDITO.	1.823.555.417	---	---	---	---	---
<b>TOTAL.....</b>	<b>1.898.690.498</b>	<b>100.479.046</b>	<b>-21.371.515</b>	<b>79.107.531</b>	<b>76.812.563</b>	<b>2.294.968</b>

O reintegro dos anticipos de persoal é obxecto de análise na área de persoal deste Informe.

En relación cos préstamos a longo e medio prazo, verificouse para unha mostra do 45% a documentación xustificativa dos préstamos, cadros de amortización e correcta contabilización.

Os feitos detectados foron os seguintes:

- A 1 de xaneiro de 1996, e tal como se especifica no informe do Interventor de 02-I-1996, non figuraba no balance de situación da Deputación de Lugo a débeda pendente dos Concellos coa Corporación como consecuencia dos préstamos subrogados do POS 76/77 e do préstamo para a construción do Colexio Universitario.

Como consecuencia de iso, realizouse un asento de axuste, por importe de 42.202.325 ptas., cargando á conta 254 "Préstamos a lon-

go prazo" con abono a resultados extraordinarios, segundo o seguinte detalle:

Exercicios	Préstamos Subrogados	Préstamos C. Univers.	Importe/ptas.
1994	1.532.840	---	1.532.840
1995	---	---	---
1996	4.288.184	8.392.646	12.680.830
1997-99	3.215.333	24.773.322	27.988.655
<b>TOTAL</b>	<b>9.036.357</b>	<b>33.165.968</b>	<b>42.202.325</b>

Así mesmo, a Deputación recoñeceu dereitos con cargo o presuposto corrente de 1996 por importe de 11.659.694 ptas., importe que non coincide coas anualidades de 1996 que figuran no cadro anterior (12.680.830 ptas.). Así mesmo, e polos rein-

tegos correspondentes a 1994, non se cumpriu co establecido na regra 188 da ICAL, ó non realizalos asentos:

-----X-----

I.532.840 DEBEDORES RECOÑEC. PPTOS. PECHADOS (431)  
a (840) MODIF. DERE. PPTOS. PECHADOS I.532.840

-----X-----

I.532.840 RESULTA DOS EXTRAORDINARIOS (822)  
a (254) PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO I.532.840

-----X-----

- O préstamo relativo ó Colexio Universitario ten a súa orixe na concesión polo Banco de Crédito á construción de 150.000.000 ptas. á Deputación de Lugo o 24-IV-1979. Non consta xustificación documental que acredite a repercusión de dito préstamo ó Concello de Lugo. Así

mesmo, tampouco coinciden as cotas que figuran no cadro de amortización facilitado cos importes dos dereitos recoñecidos.

- O capital pendente dos préstamos subrogados ós concellos non coinciden cos cadros de amortización facilitados pola Deputación.

#### 4.7. PASIVOS FINANCEIROS

O importe dos dereitos recoñecidos durante o exercicio 1996, 524.174.502 ptas., é obxecto de análise na área de endebedamento.

5.-A distribución por anos de contraído e capítulos presupostarios do importe dos dereitos recoñecidos correspondentes, tanto a presuposto corrente de 1996 como presupostos pechados é a seguinte:

Ano Contr.	CAPÍTULOS								Total Capítulos
	1	3	4	5	6	7	8	9	
1978-90	---	25.911.004	---	462.935	125.000	82.363	17.790.755	19.425.278	63.797.335
1991	---	4.899.413	500.000	---	---	---	---	---	5.399.413
1992	---	8.337.298	---	---	---	---	---	---	8.337.298
1993	---	386.366.983	---	---	---	12.379.171	---	---	398.746.154
1994	---	---	---	---	---	---	---	---	---
1995	---	594.746.722	---	---	---	54.391.053	---	---	649.137.775
1996	127.128.395	893.421.683	471.653.881	---	---	237.062.774	2.294.968	---	1.731.561.701
<b>Total</b>	<b>127.128.395</b>	<b>1.913.683.103</b>	<b>472.153.881</b>	<b>462.935</b>	<b>125.000</b>	<b>303.915.361</b>	<b>20.085.723</b>	<b>19.425.278</b>	<b>2.856.979.676</b>

Da composición deste saldo, hai que resaltar:

- O 60% do total, corresponde ós dereitos pendentes de cobro pola asistencia psiquiátrica prestada no centro "San Rafael" ós beneficiarios da Seguridade Social en 1993, 1994, 1995, e que a problemática de cobro é obxecto de análise na letra c) do apartado 4.2 deste Informe.

No obstante, hai que reincidir que o asento de axuste ó que se fai referencia en dito apartado, por importe de 75.314.913 ptas., motivado polo erro de contabilizar como dereitos recoñecidos

con cargo a presuposto corrente de 1996, débedas compensadas á Seguridade Social previamente recoñecidas, determina que o pendente de cobro polo P. público do centro "San Rafael" teña que minorarse en dito importe.

- Dereitos por importe de 63.797.335 ptas. ten unha antigüidade significativa, ó corresponder o seu ano de contraído ó período 1978-1990.

Do resultado obtido nas probas realizadas, cabe destacar:

Durante o exercicio 1997 a recadación obtida

correspondente ós dereitos pendentes de cobro a 31.12.1996, foi a seguinte:

Ano contraído	Recadación		Dereitos Pdtes. a 31-XII-97
	Importe	% s/Dereitos	
1978-90	12.870	0	63.784.465
1991	---	0	5.399.413
1992	---	0	8.337.298
1993	301.550	0	398.444.604
1995	409.941.467	63	239.196.308
1996	871.581.813	50	859.979.888
<b>TOTAL</b>	<b>1.281.837.700</b>	<b>45</b>	<b>1.575.141.976</b>

Do mesmo, dedúcese a escasa cobrabilidade dos dereitos recoñecidos con anterioridade a 1993, así como a gran influencia que ten a problemática existente co cobro do prezo público por asistencia no Centro "San Rafael" nos dereitos pendentes, ó minorar significativamente as porcentaxes de recadación.

- Na análise da documentación xustificativa dos dereitos correspondentes ó capítulo 8 e 9, púidose contrastar a existencia de erros contables, ó comprobar que 19.015.566 ptas. que figuran pendentes de cobro en capítulo 9 xa foron ingresados en 1991, así como a falta de documentación soporte que permita analizar a orixe de 17.790.755 ptas. que figuran como pendentes de cobro no capítulo 8.

#### IV.2.3.- Conclusións da área

##### IV.2.3.1.- Sobre cumprimento da legalidade

- No procedemento de imposición de prezos públicos pola Deputación de Lugo detectáronse as seguintes irregularidades:

- Non consta a existencia do estudo de custos ou mención económico-financieira que xustifique o importe fixado nos seguintes prezos públicos: "Para uns dos distintos servizos na área recreativa Los Robles"; "Para venda de tódolos libros publicados e editados pola Deputación"; "Modificacións de febreiro, abril e xuño de

1994 correspondentes ó servizo de rutas turísticas fluviais".

O artigo 26.2 da Lei 8/89, sobre réxime xurídico de taxa e prezos públicos, de aplicación supletoria ás Facendas Locais (Disposición adicional sétima), establece que toda proposta de fixación ou modificación de prezos públicos deberá ir acompañada dunha memoria económico-financieira que xustifique o importe dos mesmos que se fixa.

- Por acordo do Pleno de data 28-VI-1993, e en base ó artigo 23.2 b) da Lei 7/85, delegouse ó establecemento e modificación de determinados prezos públicos na Comisión de Goberno.

A pesar de non estar incluído no citado acordo nin existir unha delegación de carácter xenérico para o establecemento e modificación de tódolos prezos públicos, a Comisión de Goberno acordou establecer-lo prezo para da área recreativa "Los Robles"<sup>4</sup>.

- Non consta a publicación dos acordos de fixación ou modificación dos prezos públicos seguintes:

- Para uso dos servizos na área recreativa "Los Robles".
- Para venda dos libros e videos editados pola Deputación Provincial.
- Modificación de 18-II-94 relativa ó prezo público pola utilización privativa e aproveitamento especial dos bens de dominio público provincial.
- Por carteis indicadores das actividades, obras e servizos da Excm. Deputación.
- Do mapa provincial.
- Fixación e modificacións do prezo público por servizo de rutas turísticas fluviais.

<sup>4</sup> Parágrafo modificado parcialmente como consecuencia das alegacións.

- \* Modificación de 29-VII-94 relativa á prestación de servicios no colexio "Alonso Vega".
- \* Por utilización da fotocopiadora en Alonso Vega.
- \* Pola utilización do pavillón do colexio "Alonso Vega"
- \* Modificacións de 29-VII-94 e 29-XI-96 do prezo público por prestación de servicios na residencia "St<sup>a</sup>. María".
- \* Polo servizo de fotocopiadora na residencia "St<sup>a</sup>. María".

Tendo en conta o establecido nos artigos 7 do RSCL e 196 do ROF, así como 52.1 e 58.5 da Lei 30/92, podería concluírse que os acordos de imposición de prezos públicos son disposicións para rexir con carácter xeral, que teñen por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas, e que por tanto, deben ser obxecto de publicación no Diario Oficial para a súa entrada en vigor.

Dos tres puntos anteriores, dedúcese que os acordos relativos ó establecemento e modificación dos prezos públicos relacionados, ben por falta de trámites esenciais, por acordo de órgano incompetente ou falta de publicación, poderían adoeecer de vicios que afectan a súa vixencia e validez.

- A liquidación practicada a Breogán SAD, por importe de 100.000.000 ptas., por uso do pavillón deportivo a temporada 1995-96, non está baseada na tarifa aprobada para o uso das instalacións, nin, no seu defecto, consta a existencia de convenio. Así mesmo, desde a data de liquidación (25-V-1996) ata a data de solicitude de fraccionamento e aprazamento (11-XII-1998) superouse o prazo de ingreso en período voluntario, sen que fose obxecto de apremio.

A resolución e notificación de concesión de fraccionamento non contén as prevencións do artigo 55.2 do RXR, relativas ós efectos da falta de pago.

Por último, vencido o primeiro prazo de pago concedido (20.04.1999), non se ten constancia de que Breogán SAD ingresara o importe correspondente.

- O recoñecemento dos dereitos correspondentes ó premio de cobranza pola recadación en período voluntario do IBI e IAE, por importe de 67.119.876 ptas., foi rexistrado en contas o 31-XII-1996, con carácter previo á liquidación aprobada polo Presidente (31-I-1997), o que supón un incumprimento do artigo 144 a/ da LRFL.

#### IV.2.3.2.- Sobre o control interno

- No procedemento de xestión e liquidación da taxa por subscripción e venda do BOP, puxéronse de manifesto debilidades significativas ó non consta-la existencia de solicitudes por parte dos interesados, nin de liquidacións da sección de cultura da Deputación, nos termos fixados polo artigo 10 da ordenanza reguladora.
- Respecto da xestión durante o exercicio 1996 do prezo público por aloxamento na residencia universitaria "Santa María", constatouse a existencia de deficiencias no sistema de cobro, debido a que os alumnos pagaban directamente no centro sen que conste a existencia de recibos, ingresando o efectivo en contas da Deputación sen unha periodicidade regular.

Así mesmo, o libro rexistro de liquidacións emitido non inclúe a facturación por días dos meses de xullo e setembro, recoñecendo os dereitos en función dos ingresos de efectivo en conta.

Por último, e en relación con este prezo público, resaltar que non consta que a redución de tarifa aplicada ós membros de familias numerosas se tramitara conforme ó procedemento establecido no artigo 5 da ordenanza reguladora.

#### IV.2.3.3.- Sobre o sistema contable

O sistema contable da Deputación de Lugo está adaptado á ICAL. Non obstante, respecto dos criterios e principios contables aplicados pola Corporación, detectáronse as seguintes incidencias:

- No exercicio 1996, o criterio de recoñecemento dos dereitos por recargo Provincial do IAE correspondente ós concellos que teñen delegada as competencias de xestión e recadación do IAE na Deputación, non se axusta ó principio establecido polo artigo 144 a) da LRFL, xa que os padróns son aprobados pola propia corporación, polo que poden considerarse dereitos liquidados.

Neste sentido maniféstase a comisión de principios e normas públicas, ó establecer, no apartado 3.7 do documento 2 dos principios contables públicos, respecto dos recargos sobre impostos, que o recoñecemento do dereito de cobro e do ingreso, realizárase á aprobación formal do censo, padrón ou lista cobratoria.

Respecto do recargo correspondente a aqueles concellos que non delegaran competencias na Deputación, o parágrafo 106 do apartado 3.10 do citado documento establece que o recoñecemento dos dereitos realizárase cando se teña coñecemento do seu importe, ben mediante a percepción de fondos ou mediante comunicación documental do xestor dos dereitos liquidados e cobrados.

En determinados casos non se cumpríu o principio de rexistro como se pón de manifesto en:

- A liquidación aprobada por Decreto do Presidente de data 25-V-96 a BREOGÁN SAD, por importe de 100.000.000 ptas. en concepto de uso de pavillón universitario na temporada 1995-96, non foi obxecto de contabilización no exercicio 1996.

O 08-XI-1997 recoñécense dereitos por 20.000.000 ptas. con cargo ó presuposto corrente de 1997, e o 18-XII-1998 contabilízanse os 80.000.000 ptas. restantes mediante modificación de dereitos de presupostos pechados (exercicio 1996).

- Os dereitos correspondentes ós anuncios ou insercións no BOP de organismos oficiais e xulgados realizadas durante 1996, e que figuran como pendente de cobro por importe de 10.750.021 ptas. na relación remitida pola sección de cultura á intervención, non foron rexistrados na contabilidade, sen que se teña constancia da súa exención en base ó artigo 5º da ordenanza.

- Omitíronse os asentos contables correspondentes á entrega ós concellos das obras de titularidade municipal incluídas nos plans de cooperación provincial, o que desvirtúa a representatividade dos saldos das contas 221 "Infraestructuras e bens destinados ó uso xeral" e das contas do subgrupo 14 "Subvencións de capital recibidas".

Estes feitos supoñen ademais, un incumprimento do artigo 187.2 da LRFL, relativo a que nos libros, rexistros e contas se contabilizarán a totalidade dos actos ou operacións con repercusión financeira, patrimonial o económica.

#### IV.2.3.4.- Sobre a representatividade dos saldos de contas a 31-XII-1996

Detectáronse unha serie de incidencias que afectan ós saldos das contas obxecto de análise na área de ingresos:

- Erro na contabilización da compensación realizada á tesourería xeral da seguridade social no exercicio 1996 por importe de 75.314.913 ptas.

A Deputación recoñeceu dereitos por este importe con cargo a presuposto corrente, cando en realidade se trata unicamente de recadación de dereitos xa recoñecidos en presupostos pechados.

Procede por tanto, realizar un axuste no DGO, mediante o asento:

-----x-----  
(75.314.913) DEBEDORES DEREITOS PPTOS. PECHADOS (431)  
a (840) MODIF. DEREITOS PPTOS. PECHADOS (75.314.913)  
-----x-----

- A Deputación Provincial, a 31.12.1996, non contabilizou a entrega ós concellos das obras de titularidade municipal incluídas nos plans de cooperación provincial, e a súa xestión corresponde á entidade provincial, esta omisión ten como consecuencia que o investimento realizado e o financiamento recibido segan formando parte do saldo da conta 221 "Infraestructuras e bens destinados ó uso xeral" e do subgrupo 14 "Subvencións de capital recibidas", respectivamente.

En base á estimación realizada, e que figura no apartado deste Informe, o asento a realizar no DGO para correxi-las consecuencias da omisión a 31.12.1996 da contabilización da entrega das obras, sería o seguinte:

-----X-----

4.453.127.443 SUBV. CAPITAL. SECTOR ESTATAL (142)  
 413.270.643 SUBV. CAPITAL. COMUN. AUTONO. (145)  
 3.697.920.879 SUBV. CAPITAL. ENTIDA. LOCAIS (146)  
 1.186.937.084 RESULTADOS EXTRAORDINARIOS (822)  
 a (221) INFRAE.E BENS DESTIN. USO XERAL 9.879.307.413

-----X-----

- Incorrecta contabilización dos reintegros de préstamos subrogados a concellos por importe de 1.532.840 ptas. ó rexistrar con cargo a presuposto corrente de 1996 as amortizacións correspondentes ó exercicio 1994 realizadas en 1996, incumprindo a regra 188 da ICAL relativa á modificación de dereitos de presupostos pechados.
- Tendo en conta o establecido no artigo 4 da ordenanza reguladora do prezo público por prestación de asistencia psiquiátrica no centro "San Rafael", así como na disposición adicional sétima e artigo 27.7 da Lei 9/89, e artigo 40 da LGP, os dereitos correspondentes ás estancias no centro nos meses de abril e maio de 1992, por importe de 60.876.000 ptas., poderían estar prescritos á data da súa liquidación e rexistro en contas (12.05.1997).

En relación ó importe que figura como pendente de cobro a 31-XII-1996, detectáronse

erros contables e importes incobrables correspondentes a exercicios do período 1978-1990, que si ben non son moi significativos aconsellan a tramitación dun expediente de depuración de saldos.

- Por último, e en relación coa problemática existente respecto dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro pola asistencia psiquiátrica no centro "San Rafael" e que a 31-XII-1996 ascendía a 1.723.111.958 ptas., se ben as débedas por prestación dos servizos son reais, a incertidumbre derivada dos múltiples procesos xudiciais abertos aconsellan a adopción dun criterio prudente a efectos do cálculo do remanente de tesourería, considerando como de dúbido cobro as débedas pendentes.

A Deputación Provincial, tal e como se indica neste Informe, non seguiu este criterio no cálculo do remanente de tesourería do exercicio 1996. Non obstante, o tivo en conta a partir do exercicio seguinte.

### IV.3.- Gastos de persoal

A área de gastos de persoal ten unha importancia significativa dentro dos gastos totais da entidade, supoñendo o 26% das obrigas recoñecidas netas no exercicio, pola que a súa repercusión sobre a conta de resultados e o custo real dos servizos prestados pola Deputación é relevante. (49%).

#### LIQUIDACIÓN DO PPTO:

PTAS.

Capít.	Descrición	Crdtos. definitivos	Obrigas rec. netas
I	Gastos de persoal	2.568.185.463	2.445.810.194
Total	Ppto. de Gastos	17.542.505.737	9.353.304.792
	Tanto %	15 %	26 %

CONTA DE RESULTADOS:

Concepto	Total ptas.
Total gastos correntes	5.158.265.329
Gastos de persoal	2.523.082.310
<b>% s/ gastos correntes</b>	<b>49 %</b>

*IV.3.1.- Obxectivos, alcances e limitacións*

O traballo realizado encaminouse á comprobación da realidade dos saldos rexistrados, a adecuada contabilización dos gastos de conformidade cos principios e normas do sector público, e o cumprimento da normativa vixente.

Os obxectivos marcados no programa de traballo facilitado ó efecto, foron os seguintes:

- Que os gastos de persoal son adecuados, corresponden a empregados do ente fiscalizado e que están debidamente presupostados e contabilizados con cargo ós presupostos do exercicio.
- Que se efectúa adecuadamente o traspaso da contabilidade presupostaria á contabilidade xeral.
- Que se observan as notas legais aplicables.
- Analizar e, no seu caso, propoñe-las milloras dos procedementos de control da área de persoal, de tal forma que se asegure o cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia, e economía, e permitan o adecuado control interno, rexistro contable e información sobre os gastos realizados.

Para selecciona-las mostras sobre as cales se realizaron as probas de auditoría, sustantivas e de cumprimento, partiuse da clasificación presupostaria por artigos, procedendo ó desglose de saldos mensuais e seleccionando para a súa análise, o mes en que se producían as maiores desviacións ou, no que estas puideran resultar máis significativas.

A proba de nómina para o persoal funcionario e laboral efectuouse sobre o mes de outubro. As mostras seleccionadas supuxeron os seguintes alcances sobre o total de saldos de obrigas recoñecidas netas a 31 de decembro:

Artigo	Descrición	O.R.N. a 31-XII-96
10	Altos cargos	15.868.390
11	Pers. Eventual de Gabinetes	165.000
12	Persoal funcionario	895.641.053
13	Persoal laboral	651.158.226
14	Outro persoal	250.000
15	Incentivo ó rendemento	77.803.283
16	Cotas, prestacións c/empr.	789.527.653
18	Outras remuneracións	15.396.589
<b>Total capítulo I</b>		<b>2.445.810.194</b>
23	Indemniz. por razón de servicio.	77.087.116

As mostras obtidas supuxeron os seguintes alcances sobre o total de ORN:

Artigo	Mostra	Alcance S/ORN
10	3.473.741	21,89 %
11	30.000	18 %
12	64.151.251	7,04 %
13	47.576.299	7,30 %
14	50.000	20 %
15	6.350.624	8,16 %
16	257.600.177	32,62 %
18	2.002.023	13 %
<b>381.234.115</b>		<b>15,58 %</b>
23	6.392.344	8,29 %

Seleccionáronse dunha forma aleatoria e para a súa análise, diversos expedientes de persoal, tratando de obter unha representación dos distintos grupos e situacións laborais.



De conformidade coa relación de postos de traballo aprobada para o exercicio de 1996, e publicada no B.O.P. número 103 de 6 de maio de 1996, a plantilla estaba composta polo seguinte persoal:

Tipo de persoal	Total	VND	V	Total V/VND
Funcionario	359	9	20	29
Laboral	232	2	23	25

Tipo de persoal	Total Activo	Mostra	Alcance
Funcionario	330	6	2 %
Laboral	207	8	4 %

VND = Vacante non dotada  
V = Vacante

Esta mostra obtívose considerando as altas e baixas efectivas no exercicio, correspondentes ás ofertas de emprego de 1995 e 1996 así como as xubilacións forzosas e voluntarias do persoal laboral e funcionario.

A carencia dun programa informática de xestión integral de persoal, e a falta dunha base de datos adecuada sobre a relación de postos de traballo e contratacións existentes, supuxo unha limitación ó desenvolvemento do noso traballo.

#### IV.3.2.- Traballo realizado

##### Altos cargos

Analizáronse os pagos realizados en marzo e decembro, xa que presentaban variacións significativas sobre as restantes mensualidades, detectándose que en marzo se incluíron os atrasos correspondentes a xaneiro e febreiro por aplicación do incremento salarial do 3,5%, e no mes de decembro figuraba contabilizada a nómina de novembro.

Os acordos que fixan as retribucións por dedicación exclusiva de altos cargos, foron adoptados no pleno de 31 de xullo de 1995, figurando expresamente para o Deputado delegado de expropiacións, unha retribución mensual de 288.077 pesetas en catorce mensualidades, o que, segundo

transcripción textual da acta, "...*fai un total anual de 5.000.000 de pesetas*" dito erro non consta que fora subsanado posteriormente, nin dictadas instrucións específicas ó respecto, efectuándose o pago pola totalidadee anual distribuída en catorce mensualidades, o que implica unha retribución mensual de 357.142 pesetas.

##### Persoal eventual gabinetes

Por Decreto de Presidencia de 1-VIII-95, noméase nombra un asesor en materia sanitaria e asistencial, sen que conste copia do contrato suscrito, alta na seguridade social nin retencións de I.R.P.F. sobre os pagos realizados.

Na contabilización de gastos detectouse a imputación incorrecta do mes de xullo ó artigo 10. "Altos Cargos".

##### Persoal funcionario

O incremento de gastos neste concepto con respecto ó exercicio de 1995 foi do 1,4%. Para realiza-la proba de nómina, e a análise de detalle seleccionouse o mes de outubro, e dentro do mesmo as seguintes unidades administrativas:

- Asistencia a órganos de goberno
- Servicio de urbanismo e arquitectura
- Museos
- Inludes.

Comparouse a plantilla real coa aprobada na RPT, prazas e retribucións, observándose as seguintes incidencias:

- Consta diverso persoal que encontrándose na RPT nunha unidade administrativa, percibe as súas retribucións con cargo a outras, sen que conste unha xustificación obxectiva para dita situación.
- Nas pagas extras inclúense os complementos específicos, de destino e produtividade, a excepción da produtividade especial.
- Obtívose un cadro de equivalencias entre as unidades administrativas descritas na R.P.T., e as unidades de imputación de gastos e efectos presupostarios.

### Persoal laboral

- Para este tipo de persoal, os gastos realizados en 1996 con respecto a 1995 diminuíron nun 0,4 %, apuntándose como causas deste descenso, os plans de xubilación anticipados e a menor contratación temporal.

- As retribucións foron fixadas polos mesmos conceptos e contías que as correspondentes ó persoal funcionario.

- Existen determinados postos de traballo nos que o complemento de destino retribuído é superior ó aprobado na R.P.T.

### Outro persoal

- Os pagos realizados neste concepto, proveñen dun acordo do Pleno en sesión ordinaria do día 29 de xullo de 1985, e corresponden a unha proposta da comisión de educación pola cal se pedía unha gratificación por servizos especiais para o Director do colexio residencia "Alonso Vega", por funcións de asesoramento diferentes das docentes.

- Ditos pagos deixaron de producirse a partir do mes de maio de 1996, podéndose considerar que estes non cumpren cos requisitos establecidos no artigo 6 do RD 861/1986, e 23.3.d da Lei 30/1984.

### Incentivos ó Rendemento

- Nos recibos de nómina do persoal ó servizo da Deputación, figuran pagos por dous conceptos de produtividade, "Productividade" e "Productividade especial". Corresponde o primeiro a unha cantidade mensual lineal e fixa segundo o grupo a que pertenza o traballador, de conformidade coa resolución de Presidencia de 14 de febreiro de 1996.

- No segundo concepto recóllense as productividades asignadas individualmente mediante resolución da Presidencia. Na asignación destas productividades non consta expresamente e na súa maioría, as circunstancias obxectivas relacionadas co posto de traballo, que as motivaron. (Art.5.2 do RD 861/1986).

### Cotas, prestacións e gastos sociais

Cta.	Concepto	Ptas
6170	Seguridade Social c/ empresa	451.603.733
6179	Outras cotizacións a c/empresa	52.411.581
6180	Formación e perf. persoal	6.275.000
6189	Outros gastos sociais	279.422.339
<b>Total</b>		<b>789.712.653</b>

A diferenza existente entre contabilidade financeira e presupostaria analizouse ó efectuar a súa conciliación.

- Analizouse o saldo da conta 477 "Seguridade social acreedora" a 31-XII, e a imputación de gastos do mes de outubro de 1996.

- En "Outras cotizacións a cargo da empresa" recóllense los pagos realizados por asistencia médico cirúrxica ó persoal activo e os seus beneficiarios, por un total de 782 primas, á compañía de seguros Adeslas S.A.

- Na conta de "Outros gastos sociais", recóllense os gastos de asistencia médico cirúrxica ó persoal pasivo, e outras axudas sociais previstas no convenio colectivo e acordo marco da Deputación, así como, unha viaxe do persoal a Cartagena de Indias con cargo á partida de gastos sindicais, por importe de 1.200.000 ptas, non constando que fora autorizado nin disposto con anterioridade, aboándose a factura de data 14-IX-96, o 24 de outubro directamente á axencia de viaxes, e por resolución de Presidencia do 15-X-96.

- Durante o exercicio de 1996, a Deputación acordou adjudicar á compañía de seguros Plus Ultra, na Comisión de Goberno de 27-V-96, un plan de pensións para o seu persoal por importe de 26.640.000, por un prazo de dous anos e pagadeiro por mensualidades vencidas, contra factura e previos os informes correspondentes. Dito plan recollía inicialmente a 222 traballadores. O plan incluía a persoal do Inludes e Deputación Provincial, sen que conste no expediente información sobre os custos imputables a ambos organismos, así como as resolucións que autoricen as variacións na póliza (Altas/Baixas/ ou modificacións)

Tamén, con cargo a "Outros gastos sociais", a Deputación contratou coa compañía de seguros Plus Ultra S.A., un plan de xubilación anticipada para funcionarios e laborais fixos que incluía a persoal do Inludes, o seu expediente será analizado no apartado de contratación. O plan estaba destinado á xubilación anticipada de 13 funcionarios e 13 laborais fixos, adxudicándose por 207.197.313 ptas., en Comisión de Goberno o 1 de marzo de 1996, realizado o contrato con data 6 de marzo e aboado o seu importe integro ó día seguinte.

O plan de xubilación para persoal laboral realizouse por acordo da comisión de goberno de 23-II-96 para tres traballadores por xubilación voluntaria, e mediante Decreto da Presidencia de 29-I-96 por causas obxectivas para 7, o resto correspondía a persoal do Inludes, do cual se produciu unha renuncia ó plan, despois de ser adxudicado e aboado o prezo do contrato pola Deputación.

#### Outras remuneracións

En sesión extraordinaria de 12 de febreiro de 1996, o Pleno da Deputación de Lugo, aprobou a aplicación a todo o persoal que prestaba servizos nesa entidade, un incremento salarial equivalente á desviación do IPC no período 31-XII-94 a 31-XII-95, concretándose no 1% da masa salarial bruta que corresponda ó traballador, e consolidándose en masa salarial individual.

A distribución de dito incremento foi a seguinte:

Concepto	Ptas
Persoal laboral fixo	4.834.797
Persoal laboral temporal	1.512.362
Persoal funcionario	9.049.430
<b>Total</b>	<b>15.396.589</b>

O artigo utilizado para contabilizar estes gastos (18), non está incluído na estrutura de presupostos que dispón a Orde de 20 de setembro de 1989.

#### Outras análises realizadas

- Analizouse a plantilla de persoal para 1996, aprobada en sesión plenaria de 12 de febreiro dese mesmo ano, a cal se presenta estruturada nas seguintes unidades administrativas:

- Asistencia a órganos de Goberno.
- Secretaría Xeral, asesoría xurídica e informes.
- Formación, recursos humanos e organización.
- Sección de contratación e plans.
- Sección de patrimonio.
- Centro Res. e rehabilitación San Rafael.
- Hospital Provincial San José.
- Residencia Alonso Vega, Sta. María, colexio sordomudos e educación especial.
- Escola de idiomas.
- Instituto de F.P. Castro R.L.
- Sección de arquitectura e obras.
- Servicio de cultura e comunicacións.
- Arquivo.
- Museos.
- Servicio vías e obras.
- Parque móvil.
- Intervención.
- Tesourería.
- Recadación.
- Inludes (persoal adscrito).
- Persoal eventual.
- Postos non adscritos provisionalmente.

- Partindo desta clasificación de áreas definida na relación de posto de traballo, poderíase establecer o seguinte organigrama (ANEXO-I) como base de organización do persoal da Deputación.

- Dito organigrama non responde a unha eficaz e real distribución de funcións dentro da entidade, dado que constan unidades administrativas nas cales se entremezclan funcións, así como noutras, estas non están definidas.

Tanto a plantilla de persoal como a relación de postos de traballo non concordan coas relacións de nómina mensuais por unidades de imputación de gastos a efectos presupostarios, non figurando unha codificación das prazas que permita a súa asignación ás diferentes unidades administrativas e facilite a determinación dos seus custos tanto para adecuada presupostación de gastos, como para o seu seguemento e control.

- Na relación de postos de traballo para 1996, figura unha unidade administrativa na que o seu persoal está adscrito ó Inludes. A existencia de dita unidade implicaría que o custo da mesma de-

bería ser imputado ó organismo ó que presta os seus servicios.

Actualmente se nos informou que dita situación xa non se produce, por ter sido transferido dito persoal ó Inludes.

- Seleccionáronse catro unidades administrativas, verificando para cada unha delas que a plantilla aprobada se corresponde coa real para o mes no que se realizou a proba de nómina, así como comprobados os importes de retribucións básicas, complementarias, dietas, e retencións, dando un tratamento específico ós reintegros por anticipos e as aportacións a plans de pensións.

- Revisouse a oferta de emprego público para 1996.

- Analizouse o convenio colectivo para o persoal laboral, e o acordo marco para o persoal funcionario, así como os plans de xubilación existentes.

- Revisáronse os libros rexistro de persoal, verificándose mediante un test de cumprimento que se levan adecuadamente, e que os expedientes individualizados de persoal encóntranse completos e actualizados.

- A conciliación entre a contabilidade financeira e presupostaria arroxou o seguinte resultado:

#### Contabilidade presupostaria

Artigo	Descrición	Obrigas Recoñ. Netas
10	Altos Cargos	15.868.390
11	Persoal eventual	165.000
12	Persoal funcionario	895.641.053
13	Persoal laboral	651.158.226
14	Outro persoal	250.000
15	Incentivos ó rendemento	77.803.283
16	Cotas, prest. gts. sociais	789.527.653
18	Outras remuneracións	15.396.589
<b>Total</b>		<b>2.445.810.194</b>

#### Contabilidade financeira

Conta	Concepto	Importe
610	Soldos e salarios	1.656.282.541
617	Cotizacións sociais	504.015.314
618	Outros gastos sociais	285.697.339
<b>Total</b>		<b>2.445.995.194</b>
<b>Diferencia</b>		<b>185.000</b>
615	Indemnizacións	77.087.116

A diferenza detectada corresponde a un pago realizado o 12-IV-96, número de operación 11137, por servicios prestados no mes de decembro de 1995, pola escola deportiva Yang, no centro residencial e de rehabilitación de San Rafael, que ó ser aplicado á partida 3131.22799 debería imputarse en contabilidade financeira e de conformidade coa taboa de equivalencias, ó grupo 64, sen poder determinarse a causa pola cal aparece na conta 6180.

Procedeuse ó desglose de tódolos gastos por meses seleccionando aqueles que supoñían incrementos máis significativos, para a súa análise de detalle.

Comprobouse a correcta imputación do gasto, os seus importes, acordos de aprobación, soporte documental e documentos contables.

#### *IV.3.3.- Conclusións da área*

##### *IV.3.3.1.- Sobre o cumprimento de legalidade<sup>5</sup>*

1. A Deputación non elaborou o rexistro de persoal que está previsto no artigo 13.2 da Lei 30/1984.
2. O convenio colectivo único para o persoal laboral da Deputación que foi aprobado en sesión ordinaria do Pleno do 30 de xullo de 1990, sendo modificado o seu artigo 57 en se-

<sup>5</sup> Como consecuencia das alegacións, suprímese o punto 7 do ante proxecto do informe, relativo á publicación da oferta de emprego público

sión extraordinaria de 2 de agosto de 1993, e o acordo marco para o persoal funcionario, aprobado en sesión ordinaria de 29 de outubro de 1990, contén cláusulas que puideran ser contrarias á lexislación vixente, concretamente as referentes á xornada laboral, compensación económica do descanso diario, días de licenza, retribucións de pagas extras, e a cláusula de revisión salarial. Non obstante ditos convenios foron publicados no B.O.P. de 30-VIII-1990 e 31 de xaneiro de 1991, sen que conste que foran impugnados.

3. No acta da reunión da mesa xeral de negociación recóllese unha subida dos niveis do complemento de destino, que en conxunto se aproximan a unha media de 2,5 puntos, sen que existan causas obxectivas para iso, o que podería incumpri-la normativa vixente.
4. Utilízanse conceptos retributivos non incluídos no artigo 23 da Lei 30/1984, tales como "Productividade especial", sen estar baseado en circunstancias obxectivas para a súa concesión, polo que non se cumpre co establecido no art. 5 do R.D. 861/1986 de 25 de abril<sup>6</sup>.
5. O Pleno da Deputación adxudicou na sesión de 27-V-96 un plan de xubilación de funcionarios e laborais da Deputación e Inludes, por importe de 26.640.000 ptas., mediante aportacións de 2/3 polo traballador e 1/3 Deputación en base a unha cota fixa inicial de 5.000 ptas/mes. Este acordo é contrario á disposición final segunda da LRBRL, e disposicións adicionais terceira, cuarta, e quinta da Lei 11/1960, de 12 de maio<sup>7</sup>.

<sup>6</sup> Párrafo modificado parcialmente como consecuencia das alegacións.

<sup>7</sup> A marxe da Resolución de 19 de setembro de 1999 da Secretaría de Estado para a Administración Pública (B.O.E. 20/09/94), que establece a posibilidade de financiar accións e programas de carácter social, resulta clara a prohibición establecida nas disposicións adicionais terceira, cuarta e quinta da Lei 11/1960, de 12 de maio sobre creación da Mutualidade Nacional de Previsión da Administración Local, na súa redacción dada pola Disposición Adicional de TRRL, e o art. 75.1 da Lei 7/85 R.B.R.L., regulación que expresamente deixa en vigor o R.D. 480/1993, de 2 de abril. En virtude destas disposicións prohibíase as aportacións, subvencións ou axudas de calquer xénero para fins de previsión de funcionarios de Administración Local, e si estes desexaran constituír unha entidade de previsión de carácter voluntario, as aportacións e cotas serán exclusivamente o seu cargo.

6. O acordo marco para o persoal funcionario recolle nos capítulos X-XI e XII, percepcións nas que a súa natureza non está especificamente regulada na Lei 30/84, e por conseguinte non está establecido que ditos gastos se poidan satisfacer con cargo ó presuposto da Administración.
7. A Corporación non dispón de libros de matrícula do persoal laboral, segundo dispón a lexislación vixente en dita materia.
8. A aplicación do art.34.3 do acordo marco único para o persoal funcionario, implicou nalgunha ocasión, que non se respectaran os niveis máximos establecidos no RD 861/1986.
9. Non consta que se practicasen retencións do I.R.P.F. en diversas retribucións en especie realizadas pola Deputación o seu persoal<sup>8</sup>.

#### IV.3.3.2.- Sobre o sistema de control interno<sup>9</sup>

1. Non consta un eficaz control de imputación de gastos dos diferentes servicios, e organismos, chegándose nalguns casos a asumir custos do Inludes con cargo ós presupostos da Deputación.
2. Non se efectúan conciliacións periódicas dos saldos contables.
3. Na análise do expediente de xubilación anticipada de persoal funcionario e laboral, non puidemos verifica-la existencia dun informe económico financeiro que acredite a rentabilidade do mesmo, así como un seguemento do seu cumprimento, detectándose a renuncia a dito plan, dun traballador do Inludes, sen que conste reintegro ningún pola compañía de seguros adxudicataria.
4. Non consta a existencia dun procedemento de control sobre as contratacións temporais para traballos específicos, tanto en centros sanita-

<sup>8</sup> Párrafo modificado parcialmente como consecuencia das alegacións.

<sup>9</sup> Suprimíase o punto 1 do anteproxecto do informe, relativa á falta de codificación dos postos de traballo e a súa correlación cos créditos presupostarios.

rios como para outras actividades da Deputación, figurando en moitos casos contratacións temporais que se transforman en interinas, e adscribíense a outras prazas de superior categoría, cubríndose no transcurso do tempo, xeralmente por concurso.

#### IV.3.3.3.- Sobre a representatividade das contas

En termos xerais podemos establecer que as contas de gastos correspondentes a este capítulo recollen dunha forma significativa, a totalidade das operacións realizadas no exercicio.

Nos saldos de balance, correspondentes ás contas financeiras acreedoras de facenda pública (475), e seguridade social (477) preséntanse diferencias que non puideron ser conciliadas.

A conta 4750 presenta un saldo a 31-XII-96 de 102.458.735 ptas., o cul se compón de retencións non ingresadas a 1-I-96 por 7.599.511 ptas., retencións efectuadas no 4º tr/96 por 82.634.536 ptas., e diferenca entre retencións e ingresos á facenda pública do 1º, 2º, e 3º tr/96 por 12.224.688 ptas., a cal foi compensada no ingreso do 4º trimestre e reducida a 1.950.808 ptas.

A conta 4759 mantén o seu saldo (33.609 ptas.) dende o asento de apertura non sendo regularizado ata o día da data.

#### IV.4.- Pagos a xustificar

##### IV.4.1.1.- Obxectivos, alcances e limitacións<sup>10</sup>

Os principais obxectivos a satisfacer nesta área foron os seguintes:

- Comprobar que os pagos se realizan polo órgano competente e cumprindo a normativa aplicable (art.69 a 72 do RD 500/1990 de 20 de abril, 171

<sup>10</sup> Como consecuencia das alegacións presentadas, suprimíese o parágrafo relativo á non remisión ó Consello de Contas do Anexo correspondente a pagos a xustificar, xa que non foi solicitado no exercicio fiscalizado.

LRFL e 79 TRLXP) e as bases de execución do presuposto da propia corporación (Base novena).

- Verificar que os pagos encóntranse debidamente soportados, autorizados e visados por persoal competente para iso.

- Comprobar a súa correcta xustificación documental, a exactitude das operacións realizadas, así como no caso de que procedan reintegros, a súa adecuada contabilización, rexistro e materialización.

- Verifica-lo cumprimento da declaración de pagos a xustificar solicitada polo Consello de Contas para o exercicio fiscalizado; a súa coincidencia cos apuntes contables e rexistros no libro auxiliar de pagos a xustificar segundo se establece na regra 362.2 da Instrucción de contabilidade para entidades locais de máis de 5.000 habitantes (Orde de 17 de xullo de 1990).

- Análise do tratamento contable, sistema informático e medidas de control interno.

#### ALCANCES

Seleccionouse unha mostra do libro auxiliar de pagos a xustificar composta por 23 pagos, que supuxeron os seguintes alcances:

	Importe Total	Reintegros
Total poboación	26.424.005	4.692.499
Mostra	12.814.005	3.821.173
<b>Alcance</b>	<b>48 %</b>	<b>81 %</b>


O libro rexistro preséntase dividido en 12 seccións, anotándose correlativamente por datas todos os pagos desta natureza, polo que a selección se realizou aleatoriamente e seguindo criterios preestablecidos para dar cobertura á maior cantidade posible de perceptores, aplicacións presupostarias, finalidades e reintegros producidos.

A distribución dos alcances por seccións foi a seguinte:

Sección	Importe	Importe mostra	Alcances	
			S/ Pagos	S/ Reintegros
01	3.871.000	1.371.000	35 %	31 %
02	9.693.121	2.826.001	29 %	73 %
03	413.660	0	---	---
04	1.764.654	1.449.004	82 %	73 %
05	1.990.000	550.000	27 %	3 %
06	125.000	0	---	---
07	145.000	0	---	---
08	154.500	0	---	---
09	4.508.000	3.268.000	72 %	97 %
10	215.320	0	---	---
11	193.750	0	---	---
12	3.350.000	3.350.000	100 %	100 %
<b>Total</b>	<b>26.424.005</b>	<b>12.814.005</b>	<b>48 %</b>	<b>81 %</b>

#### IV.4.1.2.- Traballo realizado

A análise do proceso de pagos a xustificar, pode representarse no seguinte esquema:



Efectuouse a análise das BEP e a normativa reguladora para este tipo de pagos, encontrándonos con que na base novena non se recollen expresamente as normas necesarias para a expedición e execución dos pagos a xustificar, establecidas no art.72.2.do RD 500/90 de 20 de abril, e basicamente as relativas ós límites cuantitativos e conceptos presupostarios ós que sexan aplicables (art.171.2 LRFL).

As bases de execución do presuposto establecen como prazo máximo para a xustificación o de tres

meses e sempre antes do 31 de decembro do exercicio correspondente<sup>11</sup>.

O libro auxiliar de rexistro de pagos a xustificar consta dun tomo composto por 15 folios incluído o da dilixencia, a cal consta realizada o 30-IV-98, e recolle en termos xerais os aspectos sinalados na regra 362.2 da I.C. Encóntrase cumprimentado a mán, presenta diversas enmendas e correccións e non responde nalgúns aspectos, a un sistema de control interno adecuado e suficiente.

<sup>11</sup> Este parágrafo modificado parcialmente como consecuencia das alegacións

Realizouse un test sobre a mostra seleccionada, verificándose os seguintes extremos:

- 1.- A aprobación do pago a xustificar por órgano competente.
- 2.- A adecuación da orde de pago, ós criterios xerais regulados nas bases de execución do presuposto, límites cuantitativos e conceptos presupostarios ós que son aplicables.
- 3.- Inexistencia de emisión de novas ordes de pago polos mesmos conceptos presupostarios a perceptores que tiveran no seu poder fondos pendentes de xustificación. Esta comprobación levouse a cabo, cando transcorrido o prazo de reintegro, este non se realizou, e sempre considerando o termo concepto como o resultante da clasificación económica funcional.
- 4.- A súa xustificación documental no prazo de tres meses dende a súa percepción, e sempre antes do 31 de decembro do exercicio. Existencia de perceptores en mora e actuacións practicadas.
- 5.- A exactitude dos importes xustificadas, das operacións aritméticas realizadas, e da natureza do gasto, mediante a revisión detallada das facturas recibidas. (Data de emisión, concepto, identificación do emisor e receptor, recibí, e outros aspectos formais e fiscais).
- 6.- A existencia de resolución de aprobación da liquidación practicada en tempo e forma.
- 7.- No caso de proceder reintegros, a súa materialización e correcta imputación contable.

Efectuouse un seguemento das operacións realizadas no libro maior de conceptos do presuposto de gastos, aplicacións presupostarias 111.221, 5112.225, 4511.226, 45131.226, pola tramitación de pagos a xustificar, observándose que todos seguen un proceso de "A-ADO; D-ADO; O-ADO; P; PE", non existindo no tipo de documento unha clave xustificativa destes pagos, para facilitalo seu control contable e informático.

Os reintegros correspondentes ás cantidades non aplicadas, contabilizáronse seguindo dous crite-

rios:

- 1º Contabilización ó presuposto de ingresos concepto 380, "Reintegros procedentes de exercicios pechados", mediante os documentos DRI (recoñecemento do dereito) e DRIE (ingreso do dereito)
- 2º Contabilización ó presuposto de gastos mediante os documentos A-ADO/, D-ADO/, RP na aplicación presupostaria a que foron imputados.

Efectuouse o seguemento e control dos reintegros nos supostos nos que estes se produciron.

#### *IV.4.1.3.- Conclusións da área*

##### *IV.4.1.3.1.- Sobre o cumprimento de legalidade*

Como regra xeral e segundo se recolle no art.61 do RD/500/1990, expedirase a correspondente orde de pago contra a tesourería da entidade, en base a unha obriga recoñecida e liquidada, establecéndose na LRFL art.171.1 e 69 a 72 do RD 500/1990 unha excepción a dita regra, cando se deban atender gastos e os documentos xustificativos non poidan ser acompañados no momento da súa expedición.

O art.79.1 do TRLXP tamén dispón que: "*Terán o carácter de pagos a xustificar, as cantidades que excepcionalmente se libren para atender gastos sen a previa aportación da documentación xustificativa.*". No apartado 3º do citado artigo establece que as ordes de pago a xustificar imputaranse ó respectivo presuposto de gastos.

Por ser un procedemento excepcional na xestión do gasto, está sometido a unha serie de restriccións co fin de garantir a súa adecuada utilización e o cumprimento da súa finalidade.

As bases de execución do presuposto non regulan expresamente as normas para a expedición destas ordes de pago, o que podería impedi-la utilización deste procedemento.



Da análise dos expedientes seleccionados dedúcese:

1º Inclúense como pagos a xustificar conceptos que de conformidade co artigo 73.1. do RD 500/1990 poden ter o carácter de anticipos de caixa fixa, tanto pola súa natureza como pola posibilidade de obte-los documentos xustificativos antes de formula-la proposta de pago.

2º Nalgúns casos, non se cumpre co prazo máximo de tres meses establecido para a xustificación do investimento dos fondos recibidos, nin o límite do 31 de decembro regulado na base novena da Execución de Presupostos para 1996.

3º Cando se produce un maior gasto que o autorizado, mediante a realización de pagos por unha contía superior ó anticipo recibido, (o que en se mesmo podería incumpri-los requisitos establecidos para este tipo de pagos, sendo responsabilidade do contandante o darlle ó servicio maior extensión da autorizada), e a súa xustificación é posterior ó 31 de decembro, a súa formalización supón aplicar ó presuposto corrente gastos procedentes de exercicios pechados, sen que conste expresamente o recoñecemento de ditas obrigas.

4º Detectáronse facturas xustificativas expedidas con anterioridade á orde de pago e emisión do mandamento.

5º Existen facturas que non foron emitidas a nome da Deputación Provincial, encontrándonos con algúns pagos que corresponden ó Inludes.

6º Nas liquidacións practicadas por subministros menores (Capítulo-VI art.259 RXCE) inclúense pagos que corresponden a gastos correntes e que deberían imputarse ó capítulo II.

7º Contabilízanse como gastos correntes adquisicións de material inventariable que debería aplicarse ó capítulo VI, e por tanto ser activadas.

8º Constan resolucións de aprobación de liquidacións por ordes de pago emitidas en 1996 du-

rante 1997, producíndose reintegros mediante ingresos no concepto 380. "Reintegro de presupostos pechados", ou pagos con cargo ó presuposto corrente polo exceso de gastos xustificados que corresponden ó exercicio anterior.

#### IV.4.1.3.2.- Sobre o sistema de control interno

1º Non se incorporou ó sistema informático o proceso contable dos pagos a xustificar, ó obxecto de posibilita-lo control e seguimento dos mesmos<sup>12</sup>.

2º Utilízase o procedemento de pagos a xustificar como medio para anticipar un importe en metálico a distintos centros dependentes da Deputación, para os seus gastos de funcionamento, liquidando estes ó final do exercicio, o que supón unha utilización inadecuada do mecanismo que implica diversas deficiencias:

a) Os perceptores deste tipo de ordes de pago estarían obrigados a xustificar a aplicación das cantidades recibidas, dentro dos prazos establecidos regulamentariamente. Non constando requirimentos polo seu incumprimento.

b) A orde de pago é de carácter presupostario, é dicir a súa aplicación ó presuposto realízase no momento da súa emisión, por ser coñecida a natureza do gasto e finalidade dos pagos. Como a disposición de fondos pode nalgúns casos non axustarse á partida con cargo á que foron emitidos, a súa xustificación non é acorde coa contabilización.

Por iso o procedemento máis adecuado para estes anticipos, dado que a aplicación do gasto non é coñecida no momento do pago, e as provisións de fondos teñen carácter permanente, é o do anticipo de caixa fixa. (Regras 363 a 368 da ICAL)

<sup>12</sup> Si ben a Regra 5.2. b) da I.C.A.L., ten carácter potestativo, a falta dun sistema de seguimento e control dos pagos a xustificar constitue unha debilidade no control interno, que dificulta coñecer, en cada momento, a situación de ditos pagos

3º A xustificación documental dos expedientes realízase nalgunhas ocasións con facturas que presentan defectos formais, e noutras non constan copias das mesmas.

4º A falta expresa nas bases de execución do presuposto, de normas que regulen a expedición e execución de ordes de pago a xustificar, a súa forma de xustificación, e demais extremos sinalados no art.72 do RD 500/90, implican unha deficiencia a posteriori no control interno deste procedemento.

#### IV.5.- Tesourería

##### IV.5.1.- Obxectivos, alcances e limitacións

A fiscalización realizada tivo os seguintes obxectivos específicos na área de Tesourería:

1.-Verificar que os saldos contables de caixa e bancos correspóndense con fondos reais, e que estes son propiedade da Deputación.

2.-Comproba-la coincidencia dos saldos a 31.12.96 das contas de caixa e bancos, cos libros, rexistros e demais documentos esixidos pola nor-

mativa vixente.

3.-Realizar unha avaliación do control interno da área, considerando todo o relativo a:

- Funcionamento da caixa da entidade.
- Existencia e funcionamento de contas restrinxidas de recadación, e outras contas especiais.
- Sinaturas e procedementos para a disposición de fondos.
- Sistema de apertura e cancelación de contas.
- Elaboración de conciliacións bancarias.

4.-Comprobar que a cuantificación do remanente de tesourería do exercicio se realizou de conformidade co establecido no capítulo 14 do Título III da ICAL.

##### IV.5.2.- Traballo realizado

O desglose das contas analizadas nesta área, así como o seu movemento durante o exercicio 1996, é o seguinte:

Nº Cta.	Descrición	Saldo a 31.12.95	Movementos 1996		Saldo a 31-XII-96
			Debedores	Acredores	
			570	CAIXA	
571	BANCO E INSTIT. CRÉDITO	2.580.573.102	19.449.425.608	19.227.072.834	2.802.925.876
Total .....		2.612.727.857	19.502.329.820	19.278.610.957	2.836.446.720

Importes en ptas.

O traballo realizado para alcanza-los obxectivos relacionados no punto anterior consistiu en:

1. Verifica-la coincidencia dos saldos contables das contas de caixa e bancos co estado de tesourería, incluído na conta xeral do exercicio 1996, co libro auxiliar de contas correntes e coa acta de arqueo correspondente ó 31-12-96.

Así mesmo, se comprobou a levanza e adecuado contido dos libros de contabilidade auxiliar de Tesourería, contemplados na regra 80 da ICAL.

2. En relación coa conta 570 "Caixa", e co obxecto de comproba-la realidade dos ingresos e pagos contabilizados, analizouse unha mostra dos movementos rexistrados no mes de decembro de 1996, verificando a existencia da documentación

xustificativa e correcta imputación temporal dos mesmos.

O desglose do saldo da conta 571 "Bancos e institucións de crédito", segundo consta na acta de arqueo ordinario a 31.12.96:

Entidade	Nº Cta.	Importes en ptas.				Observacións
		Saldo a 31-XII-95	Ingresos	Pagos	Saldo a 31-XII-96	
CAIXA GALICIA	453110000423	139.977.552	6.593.791.769	6.462.561.688	271.207.633	
B.EXTERIOR ESPAÑA	1102	930.314	116.944.800	116.750.734	1.124.380	
CAIXA GALICIA	263110001425	89.832.409	252.702.855	280.326.495	62.208.769	
CAIXA GALICIA	433110053106	68.881.674	10.090.098	78.971.772	0	Cancelada 5-III-96
CAIXA RURAL	200201003242	856.887	71.385	0	928.272	
B.CENTRAL HISPANO A.	062510056852	8.184.281	16.203.994	8.278.430	16.109.845	
B. PASTOR	110560	3.966.446	6.082.732	2.636.286	7.412.892	
B. ASTURIAS	0100023761	625.666	7.540	633.206	0	Cancelada Marzo/96
B. COMERCIO	8147-86	5.123.946	276.383	1.509.820	3.890.509	
B. GALICIA	66/00005-76	2.958.640	183.930	0	3.142.570	
CAIXA PONTEVEDRA	31110000001	10.660.821	248.609	10.396.360	513.070	
CAIXA POSTAL	00-07706350	4.342.919	61.393.494	800.000	64.936.413	
B. SIMEÓN	30-04000-L	243.457	6.565	250.022	0	
C. AHORROS ORENSE	4040000011	52.265.523	694.592.741	440.622.352	306.235.912	
B. CRÉDITO LOCAL	170302707700	449.289.413	7.232.858.674	7.298.117.756	384.030.331	
CAIXA GALICIA	465500086387	2.084.018	178.673.033	77.276.578	103.480.473	
B. CRÉDITO LOCAL	160302707926	830.916.444	1.269.658.022	1.229.599.025	870.975.441	
CAIXA GALICIA	443110060367	43.566.459	404.640.658	319.894.108	128.313.009	
B. CRÉDITO LOCAL	110302707813	501.734.491	19.096.054	22.320.882	498.509.663	
B.N.P. ESPAÑA	590100630001	10.281.753	228.292.564	184.523.622	54.050.695	
CAIXA GALICIA	413110060385	40.886	0	40.886	0	
CAIXA GALICIA	423110060394	308.269.497	1.693.666.234	1.582.527.275	419.408.456	
CAIXA GALICIA	47311006401	2.513.943	232.191	201.060	2.545.074	
B. EXTERIOR ESPAÑA	0400080254	0	4.882.854	4.882.854	0	Cancelada Xaneiro/96
CAIXA POSTAL	020877970	0	300.689	300.689	0	" "
DEUTSCHE BANK	084290000010	10.185.076	50.040.959	9.576.989	50.649.046	
B. SIMEÓN	995439	0	1.578.075	1.578.075	0	Cancelada Xaneiro/96
B. BILBAO-VIZCAYA	01150588-1	0	565.554.496	547.800.129	17.754.367	Aberta Xaneiro/96
B. SIMEÓN	100100400068	0	257.415	0	257.415	
CAIXA ORENSE	3050003807	0	9.363.306	309.211.394	-299.848.088	Aberta/ 21-I-96
TOTAL.....		2.547.732.515	19.411.692.119	18.991.588.487	2.967.836.147	

Obtívose certificación do tesoureiro relativa a tódalas contas que a Deputación mantivo abertas durante o exercicio 1996 nas diferentes entidades financeiras.

Así mesmo, circularizouse ás citadas entidades con obxecto de obter información relativa ós saldos das contas, sinaturas autorizadas para disposición dos fondos, intereses aboados, así como outras continxencias que puidesen afectar ós fondos.

Recibiuse contestación de 14 das 16 entidades, aportando información sobre 27 das 29 contas que

figuran relacionadas no cadro anterior, o seu saldo representa o 98% do total.

En relación coa diferenza entre os saldos das contas bancarias que figuran na acta de arqueo (2.967.836.147 ptas.) e o saldo da conta contable 571 (2.802.925.876 ptas.), por importe de 164.910.271 ptas., verificouse a existencia de estados de conciliación bancaria, co seguinte desglose:

Entidade	Nº Cta.	Saldo segundo Acta Arqueo	Saldo segundo Contabilidade	Importes en ptas.
				Diferencia a Conciliar
CAIXA GALICIA	453110000423	271.207.633	275.690.266	-4.482.633
BANCO CRÉDITO LOCAL	170302707700	384.030.331	175.391.283	208.639.048
BANCO CRÉDITO LOCAL	160302707926	870.975.441	902.756.580	-31.781.139
CAIXA GALICIA	443110060637	128.313.009	109.791.245	18.521.764
BANCO CRÉDITO LOCAL	110302707813	498.509.663	523.449.684	-24.940.021
CAIXA GALICIA	423110060394	419.408.456	420.455.204	-1.046.748
<b>Total diferenza.....</b>				<b>164.910.271</b>

Analizáronse as partidas de conciliación de cada unha das contas, comprobando a documentación soporte das mesmas, así como a súa correcta contabilización.

3. Comprobouse que as sinaturas autorizadas correspondían a persoal da entidade, que estivesen actualizadas, e que a disposición dos fondos requirise sinaturas solidarias ou mancomunadas.

4. Verificouse a razoabilidade e soporte dunha mostra dos movementos internos de tesourería realizados durante o exercicio.

5. En base á análise dos dereitos pendentes de cobro que se inclúe na área de xestión de ingresos do presente informe, así como ó resultado da circularización realizada ós acredores por obrigas recoñecidas pendentes de pago, e tendo en conta os fondos líquidos da Deputación obxecto de com-

probación nesta área, calculouse o remanente líquido de tesourería, coa finalidade de comparalo co remanente calculado pola entidade e verificala razoabilidade do financiamento de modificacións presupostarias con cargo ó mesmo.

#### IV.5.3.- Conclusións da área

##### IV.5.3.1.- Sobre o cumprimento da legalidade

1. A Deputación de Lugo leva adecuadamente os libros de contabilidade auxiliar de tesourería incluídos na regra 80 da ICAL, dilixenciados con data 30 de abril de 1998.

Non consta a levanza do libro de actas de arqueo, ó que se fai referencia na regra 81 da

ICAL, e que ten carácter obrigatorio segundo a regra 60 de dita instrucción.

2. As existencias en metálico que figuran na acta de arqueo a 31-XII-96, por importe de 33.520.844 ptas., coinciden co saldo contable da conta 570 "Caixa".

Non obstante, ó cruzar dito importe co libro de caixa levado pola tesourería, púsoxe de manifesto a diferenza seguinte:

Importes en ptas.		
Saldo a 31-XII-96 s/Acta Arqueo	Saldo a 31-XII-96 s/Libro Caixa	Diferencia
33.520.844	4.060.323	29.460.521

A propia corporación detectara diferenzas entre as existencias en metálico que figuraban na acta de arqueo a 31-XII-91 e os saldos contables de tesourería, por importe de 29.652.908 ptas., rexistrándoas, ó amparo do establecido na Orde de 31-V-91, pola que se aproban as instrucións para a apertura da contabilidade no sistema de información contable para a administración local, con saldo acreedor na conta 555 "Outras partidas pendentes de aplicación".

O Pleno da Deputación, en sesión de 25-III-96, acordou a apertura dun expediente de depuración de saldos, en base á proposta da Intervención e con obxecto de aclarar e correxir a citada diferenza. O 5-III-97, o Interventor presenta o informe sobre as dilixencias practicadas, no que se inclúen como conclusións:

- Depurar o saldo da conta 555, en 25.796.650 ptas., ó detectarse que en decembro de 1989 duplicouse un mandamento de ingreso por dito importe que xa fora contabilizado en decembro de 1988, e que correspondía á recadación da cota agraria da seguridade social.

Respecto da diferenza restante, non se detectou a súa procedencia, se ben provén de exercicios anteriores a 1990.

O Pleno da Deputación, en sesión ordinaria de 28-IV-97, aproba a proposta da Presidencia en relación co informe de depuración de saldos. En base a dito acordo, realizouse o axuste no diario de operacións, mediante o asento:

----- X-----  
29.460.521 OUTRAS PARTIDAS PDTES. APLICACIÓN (555)  
A CAIXA (570) 29.460.521  
----- X-----

3. Respecto dos saldos en contas correntes que figuran na acta de arqueo a 31-XII-96, comprobouse a súa coincidencia cos saldos consignados polas entidades bancarias nas consultas realizadas polo equipo de auditoría.

Non obstante hai que poñer de manifesto que:

- Na acta de arqueo e no libro auxiliar de contas correntes figura a conta 3050003807 de Caixa Ourense, con saldo negativo a 31-XII-96 por importe de 299.848.088 ptas. que corresponde a unha operación de tesourería formalizada pola corporación mediante póliza de crédito, para financiar os anticipos a conta concedidos ós concellos que teñen delegada a competencia de recadación, sendo o seu saldo a suma das disposicións realizadas. O sistema de contabilización aplicado pola Deputación non se axusta ó establecido na regra 244 da ICAL, relativa o seu rexistro na conta 515 "Operacións de tesourería", e ten como principal consecuencia a diminución do saldo contable dos fondos líquidos de tesourería, no importe das disposicións (299.848.088 ptas.) que debería figurar como saldo acreedor na citada conta 515.

4. Tódalas contas bancarias nas que a titularidade corresponde á Deputación teñen o carácter de operativas, incluso aquelas nas que se realizan os ingresos de recadación, e que tamén son utilizadas para outras operacións. Neste sentido, sería recomendable a conversión de ditas contas en restrinxidas de recadación, traspasando o saldo periódicamente a contas operati-

vas, unha vez aplicados presupostariamente os ingresos.

5. Da análise da mostra de contas aperturadas e canceladas durante o exercicio 1996, dedúcese que non existe un procedemento definido sobre as mesmas.

A apertura realízase mediante sinatura do contrato correspondente polo Presidente e a cancelación por escrito remitido á entidade e asinado polos tres claveros.

A efectos de control interno, sería recomendable que tanto a apertura como a cancelación se realizase mediante resolución presidencial, en base a informe razonado do tesoureiro.

6. A disposición de fondos das contas precisa tres sinaturas conxuntas, tendo titular e suplente para cada grupo (Presidente, tesoureiro e interventor). As persoas que figuran coa sinatura autorizada, nas relacións remitidas polas entidades bancarias son deputados ou funcionarios da Deputación de Lugo.

7. Da análise realizado sobre os cargos e abonos das contas que figuran no libro auxiliar de conta corrente, detectáronse contas que durante o exercicio 1996 apenas tiveron movementos significativos.

Algunhas das citadas contas seguen abertas no ano 1999, sen que foran canceladas, nin utilizadas significativamente durante dito período.

#### IV.5.3.2.- Sobre o sistema de control interno

Respecto do control interno na área de tesourería, os resultados obtidos nas probas realizadas, puxeron de manifesto que:

1. Non consta a levanza do libro de actas de Arqueo, ó que se fai referencia na regra 81 das ICAL, e que ten carácter obligatorio, segundo a regra 60 de dita instrucción.

2. Tódalas contas bancarias nos que a titularidade corresponde á Deputación teñen o carácter de operativas, non existindo, por tanto, contas restrinxidas de recadación.

Tendo en conta o gran volume de recursos doutros entes públicos recadados pola Deputación de Lugo, a utilización das contas restrinxidas e o establecemento de normas sobre a periodicidade da aplicación dos ingresos e trasposos de saldos a contas operativas, reforzaría o sistema de control interno na tesourería e recadación da corporación.

3. Detectouse a existencia de contas correntes con escasos movementos durante o exercicio 1996, e que seguen abertas e incluídas na acta de arqueo a 9.2.99.

Sería recomendable a redución do número de contas correntes, cancelando aquelas que non teñan unha utilización significativa.

#### IV.5.3.3.- Sobre a representatividade dos saldos

En relación coas comprobacións realizadas sobre os saldos contables de tesourería a 31.12.96:

1. As existencias en metálico na caixa da corporación que figuran no acta de arqueo a 31.12.96, e que coincide co saldo da conta 570 "Caixa", difire do saldo do libro de caixa levado pola tesourería, poñéndose de manifesto a seguinte diferenca:

Importes en ptas.

Saldo a 31-XII-96 s/Acta Arqueo e Contabilidade	Saldo a 31.12.96 s/Libro Caixa	Diferencia
33.520.844	4.060.323	29.460.521

Esta diferenca, que xa fora detectada pola Deputación e contabilizada na conta 555 "Outras partidas pendentes de aplicación", motivou a apertura dun expediente de depuración

de saldos por acordo do Pleno de data 25.3.96.

No informe do Interventor sobre as dilixencias practicadas incluese como conclusión que 25.796.650 ptas., teñen a súa orixe na duplicidade da contabilización dun mandamento de ingreso en decembro de 1989, sen que fora posible determinar a causa do resto da diferen- cia, 3.663.871 ptas., aínda que en todo caso é anterior a 1990. o pleno, en sesión ordinaria de 28.4.97, aproba a depuración da diferen- cia, que se materializa mediante asento no D.X.O., cargando a conta 555 con abono á conta 570 pola diferen- cia total de 29.460.521 ptas.

Co obxecto de reforzar as medidas de control interno, sería recomendable que as "Actas de arqueo das existencias na caixa referidas a fin de exercicio", e que segundo o punto 2 d/ da regra 415 da ICAL deben remitirse ó tribunal de contas, se incorporasen ó libro de actas de arqueo (Regra 81) do cal carece a Deputación. Así mesmo, e no caso de discrepancia co saldo contable de caixa, se debería elabora-lo co- rrespondente estado de conciliación.

2. No acta de arqueo de 31.12.96 e no libro au- xiliar de contas correntes figura a conta nº 3050003807 de Caixa Ourense, cunhas exis- tencias negativas a fin de exercicio de 299.848.088 ptas.

Estas existencias negativas corresponden ás disposicións realizadas pola Deputación dunha póliza de crédito no que se formalizou unha operación de tesourería coa citada entidade bancaria, coa finalidade de financia-las entre- gas a conta ós concellos que teñen delegadas as competencias de recadación.

Este saldo non debería figurar en contas de te- sourería, xa que tal como establece a regra 244 da ICAL, o importe obtido por operacións de tesourería debe rexistrarse na conta 515 "Operacións de tesourería".

#### IV.5.3.4.- Sobre o remanente de tesourería

En base á análise dos dereitos pendentes de cobro e obrigas pendente de pago, e tendo en conta os fondos líquidos da Deputación, obxecto de com- probación na área de tesourería, realizouse o cál- culo do remanente de tesourería coa finalidade de compararlo co remanente calculado pola entidade, e verifica-la razonabilidade das modificacións pre- supostarias financiadas con cargo ó mesmo no exercicio 1997.

O detalle do estado de remanente de tesourería in- cluído na conta xeral de 1996, é o seguinte:

<b>A) DEBEDORES PENDENTES DE COBRO.....</b>	<b>3.095.830.979 ptas.</b>
- Dereitos recoñecidos pendentes de cobro. Presupuesto corrente	1.731.561.701
- Dereitos recoñecidos pendentes de cobro. Presupostos pechados	1.125.417.975
- Entes públicos, c/c efectivo	303.066.141
- Outros debedores non presupostarios	7.168.635
- Facenda pública, debedor por IVE	2.512.410
- Saldos de dubidoso cobro	-44.147.202
- Ingresos realizados pendentes de aplicación	-29.748.681

<b>B) ACREDORES PENDENTES DE PAGO.....</b>	<b>2.501.663.218 ptas.</b>
- Acredores por obrigas recoñecidas presuposto corrente	826.605.687
- Acredores por pagos ordeados presuposto corrente	554.322.979
- Acredores por obrigas recoñecidas presupostos pechados	89.187.935
- Acredores por pagos ordenados presupostos pechados	8.072.219
- Acredores por devolución de ingresos	188.447
- Entes públicos, por ingresos pendentes de liquidar	667.573.282
- Outros acredores non presupostarios	111.894.117
- Fianzas e depósitos recibidos	19.003.029
- Facenda pública, acreedora por conceptos fiscais	102.492.344
- Seguridade social, acreedora	122.333.324
- Pagos realizados, pendente aplicación definitiva	-10-145

**C) FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA..... 2.836.446.720 ptas.**

* TOTAL REMANENTE DE TESOURERÍA (A-B+C).....	3.430.614.481 ptas.
* REMANENTE DE TESOURERÍA AFECT. A GTOS. FINANC. AFECTADA.	1.815.610.179 ptas.
* REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.....	1.615.004.302 ptas.

**IV.5.3.4.1.- En relación co importe de debedores**

–O saldo dos debedores por dereitos recoñecidos de presupostos pechados debe diminuírse en 75.314.913 ptas. que corresponden a compensacións realizadas á tesourería xeral da seguridade social por dereitos pendentes de cobro do prezo público do centro “San Rafael”, e que por erro se aplicaron como dereitos recoñecidos e cobros de presuposto corrente.

– Respecto da consideración de saldos de dubidoso cobro, no exercicio 1996 a Deputación Provincial estimou como tales, os dereitos contraídos entre 1978 e 1989 por importe de 44.147.202 ptas.

Das probas realizadas sobre os saldos pendentes de cobro, e que se relacionan no apartado 4.2 deste informe, dedúcese fundamentalmente o seguinte:

• A escasa ou nula cobrabilidade dos dereitos contraídos con anterioridade ó exercicio 1995,

e que, excluindo os importes dos dereitos correspondentes ó centro “San Rafael” a súa problemática require un tratamento diferenciado, afectaría a un saldo de 100.437.287 ptas., co seguinte desglose:

Ano contraído	Importe pdte. Cobro a 31-XII-96
1978-89	44.147.202
1990	19.650.133
1991	5.399.413
1992	8.337.298
1993	22.903.241 ①
<b>Total.....</b>	<b>100.437.287</b>

① No se inclúen os dereitos pendentes de cobro do Centro “San Rafael”

Os dereitos pendentes de cobro a 31.12.1996 pola asistencia psiquiátrica prestada no centro



“San Rafael”, e unha vez deducidos os 75.341.913 ptas. que deben ser axustados por erro contable, corresponden ós seguintes exercicios:

Ano contraído	Importe pdte. Cobro a 31-XII-96
1993	300.528.000
1995	564.451.121
1996	781.810.000
<b>Total</b>	<b>1.646.789.121</b>

A Deputación Provincial non considerou en 1996 como de dubidoso cobro estes saldos.

Non obstante, e ata a resolución dos procesos xudiciais abertos como consecuencia das liquidacións e compensacións realizadas á tesourería xeral da seguridade social, sería recomendable a adopción dun criterio máis prudente a efectos da consideración das citadas débedas como de dubidoso cobro para o cálculo do remanente de tesourería.

De feito, a propia corporación modificou o seu criterio no exercicio 1997, a partir do cal consideran de dubidoso cobro os dereitos pendentes polo centro “San Rafael” incluídos na agrupación de presupostos pechados.

– Por último, outras incidencias detectadas na área de ingresos, afectarían ó saldo dos dereitos pendentes de cobro, como a non contabilización a 31.12.1996 da liquidación practicada a Breogán SAD por 100.000.000 ptas. polo uso do pavillón deportivo, así como das liquidacións por anuncios no BOP correspondentes a organismos oficiais e xulgados por importe de 10.750.021 ptas.

Non obstante, a problemática de cobro que afecta á primeira liquidación, así como a escasa cobrabilidade das segundas, aconsellan a súa consideración de dubidoso cobro, polo que estas incidencias non afectarían ó remanente de tesourería calculado pola Deputación Provincial.

#### IV.5.3.4.2.- En relación cos fondos líquidos de tesourería.

O importe das existencias é de 3.136.294.808 ptas.

A diferenza respecto do saldo incluído no cálculo do remanente de tesourería (2.836.446.720 ptas.) é de 299.848.088 ptas., e que corresponden ás disposicións realizadas pola Deputación dunha póliza de crédito na que se formalizou unha operación de tesourería, e que a corporación contabilizou incorrectamente como existencias negativas.

Non obstante, tampouco afecta ó importe neto do remanente de tesourería, xa que o incremento dos fondos líquidos de tesourería compénsase co aumento dos acredores non presupostarios, nos que se rexistraría a citada operación de tesourería.

#### IV.5.3.4.3.- Con respecto ó saldo de acredores pendentes de pago.

Hai que ter en conta:

– A Deputación Provincial omitiu o recoñecemento da obriga correspondente á aportación ó INLUDES do exercicio 1993, por importe de 589.000.000 ptas.

Este importe incrementa o saldo dos acredores por obrigas recoñecidas de presupostos pechados, reducindo o remanente de tesourería.

Tendo en conta os erros e omisións contables relacionados no apartado anterior, o remanente total de tesourería a 31.12.1996 quedaría minorado en 664.314.913 ptas., segundo o seguinte desglose:

Concepto	Importe/ptas.
* Menos der. Pdtes. Cobro. Pptos. Pechados	75.314.913
* Máis oblig. Pdtes. Pago. Pptos. Pechados	589.000.000
<b>Total.....</b>	<b>664.314.913</b>

O que deixaría reducido ó citado remanente a 2.766.299.568 ptas.

Así mesmo, a aplicación dun criterio máis pru-

dente na consideración dos saldos de dubidoso cobro, que incluíría tódalas débedas con máis dun ano de antigüidade e os dereitos correspondentes ó centro "San Rafael", afectada polos diferentes procesos xudiciais abertos (e que a propia Deputación considera como de dubidoso cobro nos cálculos de remanente realizados a partir do exercicio 1997), implicará unha redución do remanente calculado nos seguintes importes:

Concepto	Importe/ptas.
* Débedas 1990-1993	56.290.085
* Dereitos "San Rafael" 1993-1996	1.646.789.121
<b>Total.....</b>	<b>1.793.079.206</b>

No cadro seguinte, compárase o remanente calculado pola corporación co cálculo realizado polo equipo de auditoría:

Concepto	Importe ptas. s/Deputación	Importe ptas. s/auditoría	Incidencias
DEBEDORES	3.139.978.181	3.064.663.268	<i>Axuste 75.314.913 ptas., incorrectamente contabilizadas.</i>
SALDO DUBIDOSO COBRO	-44.147.202	-1.747.226.408	<i>Consideración de dubidoso cobro dos créditos con antigüidade &gt; 1 ano e os dereitos do Centro "San Rafael".</i>
ACREDORES	2.501.663.218	3.390.511.306	<i>Obriga non contabilizada por 589.000.000 (aportación a INLUDES) e 299.848.088 ptas. de operacións tesourería.</i>
FONDOS LIQUID. TESOURERÍA	2.836.446.720	3.136.294.808	<i>Incrementanse os fondos en 299.848.088 ptas. por ter contabilizado como existencia negativa unha operación de tesourería.</i>
REMAN. TOTAL TESOURERÍA	3.430.614.481	1.063.220.362	

#### IV.6.- Contratación

Os contratos formalizados pola Deputación no período fiscalizado, distribuídos por número, forma de adxudicación e importe, son os seguintes:

##### POR TIPO DE CONTRATO:

Tipo	Nº	Importe de Licitación
Obras	205	2.783.492.183
Servicios		
Subministros	20	71.038.358
Outro tipo	212	573.212.719
<b>Totais</b>	<b>437</b>	<b>3.427.743.260</b>

##### POR TIPO E CONCURSO

Tipo	Nº	Importe
Obras	1	17.777.777
Servicios		
Subministros	4	25.970.353
Outro tipo	18	402.142.463
<b>Totais</b>	<b>23</b>	<b>445.890.593</b>

##### PROCEDEMENTO NEGOCIADO

Tipo	Nº	Importe
Obras	204	2.765.714.406
Servicios		
Subministros	16	45.068.005
Outro tipo	194	171.070.256
<b>Totais</b>	<b>414</b>	<b>2.981.852.667</b>

**RELACIÓN DE CONTRATOS (cantidades en %)**

Tipo	Nº	Tipo de Licitación	PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN											
			POXA				CONCURSO				PROC.NEGOCIADO			
			Sobre total Poxas		Sobre total Contratas		Sobre total Concursos		Sobre total Contratos		Sobre total Proc.Ngdos.		Sobre total Contratos	
Nº	Im- porte	Nº	Im- porte	Nº	Im- porte	Nº	Im- porte	Nº	Im- porte	Nº	Im- porte	Nº	Im- porte	
Obras	46,91	81,20					4,35	3,99	0,23	0,52	49,28	92,75	46,68	80,69
Servicios														
Subminist.	4,58	2,07					17,39	5,82	0,92	0,76	3,86	1,51	3,66	1,31
Outro tipo	48,51	16,73					78,26	90,19	4,12	11,73	46,86	5,74	44,39	4,99
<b>Totais</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>					<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>5,27</b>	<b>13,01</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>94,73</b>	<b>86,99</b>

**IV.6.1.1.- Obxectivos, alcances e limitacións**

- Análise do grado de cumprimento da lexislación aplicable á entidade en materia de contratación, e

en particular en cada unha das distintas fases contractuais.

- Selección do contratista, modificacións do contrato e a súa adecuada execución.

**MOSTRA ANALIZADA (cantidades en ptas.)**

Tipo	Nº	Tipo de Licitación	PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN					
			POXA		CONCURSO		PROC.NEGOCIADO	
Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	
Obras	32	1.070.062.373			1	17.777.777	31	1.052.284.596
Servicios								
Subminist.	8	65.250.000			4	26.300.000	4	38.950.000
Outro tipo	22	427.556.870			6	347.368.000	16	80.188.870
<b>Totais</b>	<b>62</b>	<b>1.562.869.243</b>			<b>11</b>	<b>391.445.777</b>	<b>51</b>	<b>1.171.423.466</b>

**REPRESENTATIVIDADE DA MOSTRA (cantidades en %)**

Tipo	Nº	Tipo de Licitación	PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN											
			POXA				CONCURSO				PROC.NEGOCIADO			
			Sobre total Poxas Tipo		Sobre total Poxas		Sobre total Concursos Tipo		Sobre total Concursos		Sobre total Proc.Ngdos. Tipo		Sobre total Proc.Ngdos.	
Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	
Obras	15,61	38,44					100,00	100,00	4,35	3,99	15,20	38,05	7,49	35,29
Servicios														
Subministras	40,00	91,85					100,00	101,27	17,39	5,90	25,00	86,42	0,97	1,31
Outro tipo	10,38	74,59					33,33	86,38	33,33	77,90	8,25	46,87	3,86	2,69
<b>Totais</b>	<b>14,19</b>	<b>45,59</b>					<b>47,82</b>	<b>87,79</b>	<b>47,82</b>	<b>87,79</b>	<b>12,32</b>	<b>39,29</b>	<b>12,32</b>	<b>39,29</b>

No cadro de mostra analizada, obsérvase que o importe dos contratos de subministración adxudi-

cados mediante concurso que se analizan e superior ó sinalado como total de contratos de submi-

nistros adxudicados por dito procedemento. Isto é debido a que, na relación de contratos proporcionada pola Deputación, figura, en ocasións, o prezo de adxudicación en lugar do tipo de licitación.

Durante a fiscalización observáronse as seguintes deficiencias e irregularidades nas diferentes fases do procedemento contractual; pero debendo ter en conta que, nalgúns dos contratos examinados iniciouse o expediente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das administracións públicas, polo que deberá contemplarse previsto na Disposición Transitoria 1ª de dita Lei, en canto ó non reaxuste de actuacións dos expedientes de contratación en curso, nas que non se produciron a adxudicación á entrada en vigor da citada Lei (9 de xuño de 1995).

#### IV.6.1.2.- Traballo realizado

Procedemos a concilia-la contabilidade financeira coa presupostaria.

Seleccionamos, por partidas, os gastos susceptibles de ser obxecto de contrato, sinalando as obrigas recoñecidas netas.

Comprobamos a concordancia entre o contido do anexo de investimentos e as previsións presupostarias.

Analizamos o control interno, co obxecto de comprobar que a xestión desenvolvese con eficacia, eficiencia e economía.

Cuantificamo-los importes contratados, segundo o sistema de adxudicación e a natureza do contrato, para comproba-lo cumprimento dos principios de publicidade e concorrência, e, en todo caso os de igualdade e non discriminación.

Seleccionamos unha mostra de proxectos de investimentos realizados durante o exercicio, co fin de analiza-la legalidade no procedemento contractual.

Resumimo-los principais incumprimentos legais detectados, con referencia á normativa incumprida.

Formulamos as recomendacións que axudan a correxir-las deficiencias detectadas.

Analizamos en papeis de traballo a documentación soporte das incidencias postas de manifesto.

Inicialmente conciliouse a contabilidade financeira (comparando os seus datos cos do inventario de bens de 1996) e a presupostaria, o seu resumo preséntase no seguinte cadro:

CONTABILIDADE FINANCEIRA						CONTABIL. PPTRIA.	DIFERENC.
Cta.	Descrición	Saldo Inicial	Aumentos	Diminuc.	Saldo Final	Obr. Rec. Netas	
200	Terreos e bens nat	95.191.235			95.191.235		
202	Construcións	3.455.921.299	154.218.256		3.610.139.555	153.141.773	1.076.483
203	Maqu.Inst.e ferramenta	573.026.317	10.612.376	1.186.000	582.452.693	11.529.589	(917.213)
204	E.de transporte	153.529.001	9.631.000	1.776.500	161.383.501	12.917.560	(3.286.560)
205	Mobiliario	366.005.318	16.237.828		382.243.146	12.461.404	3.776.424
206	Eq. proceso inform.	167.099.435	20.349.350		187.448.785	20.349.350	
208	Outro Inmoh.mat.	28.800			28.800		
221	Infraes. e bens dest.	15.800.884.981	3.309.700.832		19.110.585.813	3.309.700.832	
<b>SUMAS:</b>		<b>20.611.686.386</b>	<b>3.520.749.642</b>	<b>2.962.500</b>	<b>24.129.473.528</b>	<b>3.520.100.508</b>	<b>649.134</b>
290	Amortiz.Acum.			9.548.357			
<b>TOTAIS:</b>		<b>20.611.686.386</b>	<b>3.520.749.642</b>	<b>12.510.857</b>	<b>24.119.925.171</b>	<b>3.520.100.508</b>	<b>649.134</b>

Como consecuencia de dita conciliación, detectouse que o inmovilizado non financeiro sofre un incremento de 3.520.749.642 ptas. (segundo a contabilidade financeira); 649.134 ptas. máis que o importe total das obrigas recoñecidas netas das partidas do Capítulo VI do estado de gastos, apareladas ás correspondentes contas do grupo 2.

Conta	Nº Dgo.	Debe	Haber	Diferencia
202	53.180 53.180	(1) 1.125.000	(2) 48.517	1.076.483
203	14.538 53.180 53.180	(4) 1.141.587	(3) 933.800 (1) 1.125.000	(917.213)
204	53.178 53.179 53.180	(5) 500.000 (6) 1.186.000	(2) 4.972.560	(3.286.560)
205	53.180 53.180	(2) 5.021.077	(4) 1.244.653	3.776.424
<b>TOTAIS:</b>		<b>8.973.664</b>	<b>8.324.530</b>	<b>649.134</b>

As diferencias existentes nas contas débense ós seguintes movementos:

a) CONTA 202

Cargo:

- 1.125.000 ptas., con abono á conta 203 (dunha cisterna de auga e dúas motobombas).

Abono:

- 48.517 ptas., con cargo á conta 205 (de persianas).

b) CONTA 203

Cargos:

- 1.141.587 ptas., con abono á conta 205 (de varias adquisicións).

Abonos:

- 1.125.000 ptas., con cargo á conta 202
- 933.800 ptas., con cargo a unha conta do subgrupo 57 (por unha cepilladora traspasada ó INLUDES e pagada por dito organismo).

- 1.186.000 ptas., con cargo á conta 204 (pola entrega dunha excavadora ó adquirir un vehículo, sendo o abono parte de prezo total do vehículo adquirido).

c) CONTA 204

Cargos:

- 500.000 ptas., con abono á mesma conta (pola entrega dun automóbil pola adquisición dun novo, sendo o importe da taxación).
- 1.186.000 ptas., con abono á conta 203.

Abonos:

- 4.972.560 ptas., con cargo á conta 205 (dun catamarán -2.750.000 ptas.-, 45 cascos - 696.000 ptas.- e 5 motores -1.526.560 ptas.-).
- 1.776.000 ptas., con cargo á mesma conta (500.000 ptas.) e abono á conta 100 (1.276.000).

d) CONTA 205

Cargos:

- 5.021.077 ptas., con abono á conta 202 (48.517 ptas.) e á conta 204 (4.972.560 ptas.).

Abonos:

- 1.244.653 ptas., con cargo á conta 203 (1.141.587 ptas.) e á conta 6412 (103.066 ptas., de gastos de florería).

Así mesmo, verificouse a existencia de amortización acumulada, por importe de 9.548.357 ptas., sendo a do ano anterior "0" ptas.

Un cálculo estimativo realizado sobre as incorporacións, aplicando as porcentaxes recollidas nas bases de execución do presuposto que reproducen os previstos en sendas ordes do Ministerio de Economía e Facenda de 23.02.1965 e 31.05.1991, arroxa a cantidade aproximada de 6.000.000 ptas., sen ter podido concilia-la diferenza.

A continuación verificouse a concordancia entre o anexo de investimentos e as previsións presupostarias.

No anexo de investimentos preséntanse os seguintes resumos:

a) Resumo por actuacións	7.348.230.000
b) Resumo de actuacións por programas	7.348.230.000
incluídas na CEL	6.124.230.000
Non incluídas na CEL	1.224.000.000
c) Resumo de financiamento	7.348.230.000
MAP	2.834.317.000
Autónómicas	974.000.000
CEE	666.125.000
Deputación	1.450.870.000
Concellos	1.422.918.000

As cantidades destes tres resumos concordan. E sinalar que o importe que figura no resumo de actuacións por programas, non incluídos na CEL, equivale á aportación da comunidade autónoma (974.000.000), máis a aportación de fondos propios da Deputación (250.000.000), recollidas no resumo de financiamento.

Así mesmo, o anexo de investimentos recolle un resumo xeral para 1996 onde se sinalan as actuacións e o financiamento dos mesmos. Dito resumo é o seguinte:

Actuación	MAP E CEE	Concellos	Deputación	Xunta	Total
Zonas de Acción Especial	2.124.494.677	708.164.892	708.164.892		3.540.824.461
Plan de Obras e Servicios	391.916.671	671.857.162	55.988.092		1.119.761.925
Programa Operativo Local	711.605.542	42.895.595	164.292.355		918.793.492
Red Viaria Local	272.425.000		272.425.000		544.850.000
F.C.L.				150.000.000	
Outras obras e honorarios			40.000.000		
<b>Totales</b>	<b>3.500.441.890</b>	<b>1.422.917.649</b>	<b>1.240.870.339</b>	<b>150.000.000</b>	<b>6.314.229.878</b>

A diferenza entre o total e o dos resumos anteriores ascende a 1.034.000.000 ptas., correspondendo a:

- No resumo de actuacións por programas, ás non incluídas na CEL, sinalándose 1.224.000.000 ptas., mentres que no resumo xeral para 1996, preveuse para ditas actuacións 190.000.000 ptas.
- No resumo de financiamento, ás aportacións da Comunidade Autónoma e de fondos propios da Deputación cunha previsión de 1.224.000.000 ptas., establecendo o resumo xeral para 1996 a cantidade de 190.000.000 ptas.

Por outra parte, se contén as seguintes previsións presupostarias no estado de gastos:

- Zonas de acción especial	3.540.824.461
- Plan de obras e servicios	1.119.761.925
- Programa operativo local	918.793.492
- Red viaria local	544.850.000
- Fondo de cooperación local	151.426.384
- O/incrementos (Deputación)	712.812.737
<b>Total:</b>	<b>6.988.468.999</b>

Ditas previsións presupostarias presentan as seguintes diferenzas respecto de:

- Resumo de actuacións por programas e resumo de financiamento, por importe de -359.761.001 ptas., consecuencia dos diferentes importes consignados en actuacións non incluídas na CEL e aportacións da Xunta e fondos propios da Deputación, respectivamente.

- Resumo xeral para 1996, por importe de 674.239.121 ptas., ó consignar 1.426.384 ptas. e 672.812.737 ptas., no fondo de cooperación local e outros investimentos (Deputación), respectivamente.

#### IV.6.1.3.- Conclusións da área

##### I.- Contratos de Obras

###### I.1.- Actuacións preparatorias

- a) Nos expedientes nº 3, 4, 6, 8, 9, 10, 14, 16, 17, 18, 20, 22, 23, 25 e 28 non consta que o prego fora informado pola Secretaría da Deputación, trámite esixido no art. 50.4 LCAP, en relación co art. 113.4ª TRRL.
- b) Nos expedientes nº 3, 5 e 7 non consta a acta de replanteo previo, esixido no art. 129 LCAP.
- c) Nos expedientes nº 2 e 24, a certificación de crédito presupostario non comprende a totalidade do tipo de licitación, incumprindo o previsto no art. 68.2 LCAP.
- d) Nos expedientes nº 1, 3, 4, 5, 7, 13, 20, 25, 27, 28, 29, 31 e 32, o acordo de aprobación do expediente non inclúe a autorización do gasto, contravindo o disposto no art. 70.1 LCAP.

###### I.2.- Selección, adxudicación e formalización

- a) Nos expedientes nº 17, 20, 23 e 25, declarándose a urxencia na tramitación, non se cumpre a redución de prazos prevista no art. 72 LCAP.
- b) Nos expedientes nº 1, 4, 11, 16, 18, 19, 21, 22 e 28 utilízase como forma de adxudicación o procedemento negociado con publicidade, sen que concorran os requisitos e se siga a tramitación prevista nos arts.93 e 140 LCAP<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> Como consecuencia das alegacións, suprimíase a referencia ó expediente nº 22 xa que o acreditou a súa adxudicación antes da entrada en

- c) Nos expedientes nº 1, 4 e 7 no se deixou constancia no expediente de que se incurra nun dos supostos para acudir ó procedemento negociado, segundo prevese no art. 141 LCAP. Con respecto ó expediente 7, e ó ser de aplicación a normativa anterior o requisito se esixía no artigo 37 da L.C.E.<sup>14</sup>

- d) Non se respectan os prazos de presentación de proposicións previstos no art. 79 LCAP, nos expedientes números 1, 4, 7, 11, 12, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25 e 28. Así mesmo, tampouco se respetaron os prazos, fixados nos artigos 29 e 36 da L.C.E., no expediente nº 7<sup>14</sup>.

- e) Nos expedientes nº 2, 4, 11, 13 e 28 non se constitúe unha mesa de contratación, que califique a documentación e efectúe proposta de adxudicación, segundo dispón art. 82, 83, 89 e 93 LCAP. No expediente nº21 a Mesa limitábase a abri-las proposicións sen efectuar proposta de adxudicación<sup>15</sup>.

- f) No expediente nº 8 incúmprese o prazo de adxudicación previsto no art. 90 LCAP. Por outra parte, no expediente nº 16 adxudícase o contrato a unha empresa por procedemento negociado, sen xustificar a elección, fixando o prezo do contrato con dita empresa, sendo dita prezo 500 Ptas., inferior ó da proposta economicamente máis vantaxosa, que non presentara a empresa seleccionada.

- g) Nos expedientes nº 1, 4, 13, 16, 17, 19, 20, 21, 22 e 24, non consta que se notificara a adxudicación ós licitadores non adxudicatarios, incumprindo o disposto no art. 94 LCAP. Así mesmo, no expediente nº 18 non consta que dita notificación se producira incluso ós adxudicatarios<sup>16</sup>.

vigor da lei 13/95, en base a súa Disposición Transitoria 1ª, é aplicable a normativa anterior.

<sup>14</sup> Parágrafo modificado parcialmente como consecuencia das alegacións.

<sup>15</sup> Suprimíase a referencia os expedientes 7 e 15, por ser de aplicación a normativa anterior e estar incurso en procedemento xudicial, respectivamente.

<sup>16</sup> Suprimida referencia ó expediente 7 e 25, como consecuencia das alegacións

h) Respecto da garantía definitiva, regulado nos arts. 37 e 42 LCAP, sinalar que:

- Nos expedientes nº 6, 8, 10 e 12 non consta a súa constitución<sup>17</sup>.
- Nos expedientes nº 27 e 31 constitúese fóra de prazo.
- Nos expedientes nº 2, 3 e 7 constitúese polo 4 % do prezo de adxudicación, contravindo o previsto no art. 37.1 LCAP, en relación co art. 36.1 do mesmo texto legal, no caso do expediente 7 son de aplicación os artigos 350 e 351 da R.G.C.E.<sup>18</sup>

i) Nos expedientes nº 1, 2, 4, 5, 8, 9, 12, 24, 26, 27, 28, 31 e 32 non se cumpre o prazo de formalización do contrato en documento administrativo, previsto no art. 55 LCAP. No expediente nº 11, o contrato formalízase dos días antes de ser notificada a adxudicación ó interesado.

j) Nos expedientes nº 1, 4, 10 e 28 non consta a publicidade da adxudicación, prevista nos arts. 94 LCA e 124 TRRL.

### 1.3.- Execución, recepción e terminación.

a) Nos expedientes nº 5, 6, 10, 11, 12, 14, 21, 22, 27, 31 e 32 non consta que se levara a cabo a comprobación do replanteo, prevista no art. 142 LCAP. Por outra parte, nos expedientes nº 1, 2, 4, 9, 16, 18, 19, 24, 26 e 28, incúmrese o prazo para efectualo, previsto no precepto mencionado. No expediente nº 7 se incumpre o artigo 127 do R.G.C.E.

b) O cumprimento do obxecto do contrato, previsto no art. 111.1 e 2 LCAP, vulnerouse nos seguintes expedientes, restando por executalo importe que se sinala; sen que se adopte medida ningunha:

<sup>17</sup> Suprime a referencia ó expediente nº 5, por acreditar a súa constitución nas alegacións presentadas

<sup>18</sup> Parágrafo modificado parcialmente como consecuencia das alegacións

Expediente nº 16	31.145.537 Ptas.
Expediente nº 18	2.458.878 Ptas.
Expediente nº 19	5.795.695 Ptas.
Expediente nº 21	24.976.188 Ptas.
Expediente nº 22	71.715.000 Ptas. (Imp. integro)
Expediente nº 23	3.572.631 Ptas.
Expediente nº 25	65.840.160 Ptas.
Expediente nº 29	609.725 Ptas.

Por outra parte, no expediente nº 12 formalízase, certifica e aboa 1.000.000 Ptas máis do adxudicado.

c) Nos expedientes nº 8, 10, 11 e 12 procédese á devolución da garantía definitiva, con anterioridade á finalización do prazo de garantía previsto no art. 111.3 LCAP<sup>19</sup>.

d) Nos expedientes nº 2, 3, 4, 5, 7, 9, 14, 17, 20, 24, 26, 27, 31 e 32 non consta a devolución da garantía definitiva, prevista no art. 48 LCAP, a pesar de ter transcorrido o período de garantía. O requisito legal, no caso do expediente nº 7, é o artigo 364 do R.G.C.E.<sup>20</sup>

## **II.- Contratos de subministros**

### II.1.- Actuacións preparatorias

a) Nos expedientes nº 1, 2, 3, 4, 6 e 8 non consta que o prego fora informado pola secretaría da Deputación, trámite esixido no art. 50.4 LCAP, en relación co art. 113.4<sup>a</sup> TRRL.

b) Nos expedientes nº 1, 2, 3, 4, 5, 7 e 8 non consta a certificación de crédito presupostario, esixida no art. 68.2 LCAP.

c) No expediente nº 6 non consta a fiscalización previa a que fai referencia o art. 68.2 LCAP.

<sup>19</sup> Si ben o artigo 113.3 da L.C.A.P., establece excepcións ó respecto, non se acredita a súa xustificación no expediente, regulando incluso o seu prazo de 1 ano nos respectivos pregos de cláusulas Administrativas.

<sup>20</sup> Parágrafo modificado parcialmente como consecuencia das alegacións.



d) Na totalidade dos expedientes, o acordo de aprobación do expediente de contratación non inclúe a autorización do gasto, contravindo o disposto no art. 70.1 LCAP.

## II.2. Selección, adxudicación e formalización

a) No expediente nº 6 utilízase como forma de adxudicación o procedemento negociado con publicidade, sen que concorran os requisitos e se siga a tramitación prevista nos arts. 93 e 182 LCAP<sup>21</sup>.

b) Respecto da garantía definitiva, regulada nos arts. 37 e 42 LCAP, sinalar que:

- Nos expedientes 1,2,4 e 6 non consta a súa constitución.

- No expediente nº 5 constitúese fora de prazo, dado que se formaliza antes da comunicación da adxudicación ó interesado.

- No expediente nº 7 constitúese polo 4 por 100 do prezo de adxudicación, contravindo o disposto no art. 37.1 LCAP, en relación co art. 36.1 do mesmo texto legal.

c) No expediente nº 8 non se cumpre o prazo de formalización do contrato en documento administrativo, previsto no art. 55 LCAP.

d) Nos expedientes nº 1,2,3,4,7 e 8 non consta a publicidade da adxudicación, prevista nos arts. 94 LCAP e 124 TRRL.

## II.3. Execución, recepción e terminación

a) Nos expedientes nº 1, 2, 4 e 6 non consta que se cumprira o obxecto do contrato, segundo sinala o art. 111.1º e 2º. Así mesmo, restan por executa-los seguintes importes; sen que se adopte medida ningunha:

Expediente nº 1	12.345.388 Ptas.
Expediente nº 2	3.109.250 Ptas. (Imp. integro)
Expediente nº 4	2.981.200 Ptas. (Imp. integro)

b) Nos expedientes nº 1, 2 e 4 procédese á devolución da garantía definitiva, sen consta-lo cumprimento do obxecto do contrato, actuación contraria ó previsto no art. 48 LCAP. Por outra parte, no expediente nº 7 non consta que se devolvera ou cancelada aquela, a pesar de ter entregado os subministrados e transcorrido o prazo de garantía, vulnerando o precepto legal citado.

## **III.- Contratos doutro tipo**

Con carácter previo, debe sinalarse que os expedientes nº 5 e 11 referentes á contratación dun proxecto de xubilación anticipada e un plan de xubilación, respectivamente, son contrarios á disposición final 2ª da Lei 7/1985, de 2 de abril, e ás disposicións adicionais 4ª, 5ª da Lei 11/1960, de 12 de maio, non derogadas polo Real Decreto 480/1993, de 2 de abril, en canto á concesión de aportacións pola entidade para fines de previsión de funcionarios.

### III.1. Actuacións preparatorias

a) Nos expedientes nº 1, 2, 3, 5, 6, 9, 10, 11, 19 e 20 non consta que o prego fora informado pola secretaría da Deputación, trámite esixido no art. 50.4 LCAP, en relación co art. 113.4ª TRRL.

b) Nos expedientes nº 1, 6 e 9, non consta o informe do servizo correspondente, a que se refire o art. 203.1 LCAP.

c) Nos expedientes nº 2, 3, 4, 6, 7 e 11 non consta a certificación de crédito presupostario esixido no art. 68.2 LCAP.

d) Nos expedientes nº 2 e 7 non consta a fiscalización previa a que fai referencia ó art. 68.2 LCAP.

<sup>21</sup> E de aplicación a Lei 13/95, en base ó establecido na súa Disposición Transitoria Primeira

e) Nos expedientes nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 15 e 19 o acordo de aprobación do expediente de contratación non inclúe a autorización do gasto, contravindo o disposto no art. 70.1 LCAP.

### **III.2.- Selección, adxudicación e formalización**

a) Nos expedientes nº 10 e 19, declarándose a tramitación urxente, non se cumpre a redución de prazos prevista no art. 72 LCAP<sup>22</sup>.

b) No expediente nº 5, de clasificarse na categoría 6.a) do art. 207 LCAP, como lle corresponde, debería levarse a cabo a publicidade comunitaria, prevista no art. 204 LCAP, coa conseguinte ampliación de prazos<sup>23</sup>.

c) No expediente nº 20 utilízase como forma de adxudicación o procedemento negociado con publicidade, sen que concorran os requisitos e se siga a tramitación prevista nos arts. 93 e 210 LCAP.

d) No expediente nº 14 non consta que se cumpra un dos supostos para acudir ó procedemento negociado, previstos no art. 211 LCAP. Así mesmo, no expediente nº 7 non se deixa constancia no expediente do cumprimento do suposto<sup>24</sup>.

Nos expedientes nº 3, 10 e 13 non consta no expediente a invitación ás empresas, segundo prevé o art. 93.1.

Por outra parte, no expediente nº 3 acúdense ó procedemento negociado por non presentarse proposicións no concurso previo; o prezo incrementábase nun 11,43 %<sup>25</sup>.

<sup>22</sup> Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións, suprimindo a referencia ó expediente nº 11.

<sup>23</sup> Non se xustifica no expediente a súa clasificación na categoría 27ª do artigo 27ª da L.C.A.P.

<sup>24</sup> Suprímese a referencia ó expediente nº 10 ó acreditar o cumprimento do suposto para o procedemento negociado.

<sup>25</sup> Parágrafo modificado parcialmente como consecuencia das alegacións.

e) Nos expedientes nº 1, 8, 9 e 11 fíxase un prazo de presentación de solicitudes no previsto no art. 79 LCAP.

f) Nos expedientes nº 12, 13, 14, 15, 17, 18 e 21 non se constitúe a mesa de contratación, segundo prevén os arts. 82, 83, 89 e 93 LCAP.

g) Nos expedientes nº 14, 15 e 18 supérase o prazo de adxudicación previsto no art. 90 LCAP.

h) Nos expedientes nº 18 e 21 non consta a notificación a licitadores prevista no art. 94 LCAP.

i) Respecto da garantía definitiva, regulado nos arts. 37 e 42 LCAP, sinalar que:

- Nos expedientes nº 14 e 15 non consta a súa constitución.

- Nos expedientes nº 6, 11 e 13 constitúese fora de prazo.

- Nos expedientes nº 4, 5, 8, 18, 20 e 21 constitúese polo 4 % do prezo de adxudicación, contravindo o previsto no art. 37.1 LCAP, en relación co art. 36.1 do mesmo tanto legal.

j) Nos expedientes nº 6, 11, 13, 14, 15, 18, 20 e 21 non se cumpre o prazo de formalización do contrato en documento administrativo, previsto no art. 55 LCAP.

k) No expediente nº 6 non consta a publicidade da adxudicación, prevista nos arts. 94 LCAP e 124 TRRL.

### **III.3.- Execución, recepción e terminación**

a) Nos expedientes nº 1, 2, 3, 4, 6, 8, 11, 12, 13, 14, 15, 17, 18, 19, 20 e 21 non consta o cumprimento do obxecto do contrato, regulado no art. 111.1º e 2º LCAP, sen que se adopte medida ningunha.

b) Nos expedientes nº 1, 2, 3, 4, 6, 8 e 19 e procédese á devolución da garantía definitiva, a pesar de non constar o cumprimento do obxecto do contrato, contravindo o disposto no art. 48 LCAP.

## IV.7.- Transferencias correntes

### IV.7.1. Obxectivos, alcances e limitacións

#### Poboación:

Artigo	Descrición	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas netas
41	A Organismos Autónomos administrativos da entidade	410.000.000	410.000.000
45	A Comunidades Autónomas	35.000.000	0
46	A Entidades Locais	5.000.000	3.138.400
48	A Familias e Institucións sen fins de lucro	263.709.098	233.055.288
	<b>Total</b>	<b>713.709.098</b>	<b>646.193.688</b>

#### Mostra:

Aplic. Ppta.	Descrición	Mostra	Alcance
41	A Organismos Autónomos adm.da entidade	410.000.000	100 %
48	A Familias e Institucións sen fins de lucro	49.362.240	21,18 %

### IV.7.2.- Traballo realizado

- As probas realizadas sobre o artigo 41 se inclúen no apartado V deste informe ó analizar o presuposto de ingresos do Inludes.

- Das transferencias correntes a familias e institucións sen ánimo de lucro realizadas no exercicio 1996, revisámo-la conciliación entre a contabilidade financeira e presupostaria.

- Verificámo-los procedementos realizados para a concesión das transferencias concedidas ós partidos políticos, así como o 100 % das obrigacións recoñecidas na partida presupostaria 482.111 (49.362.240 Ptas.).

- Analizamos aspectos formais dos mandamentos de pago emitidos.

### IV.7.3.- Conclusións da área

#### IV.7.3.1.- Sobre cumprimento de legalidade

- O artigo 22 do regulamento orgánico da Deputación regula a posibilidade de que se outorguen subvencións ós grupos provinciais en función do número de Deputados, dentro das consignacións presupostarias que se poidan establecer a tal fin.

Estas subvencións serán distribuídas pola Presidencia seguindo as directrices que o Pleno poida, no seu caso, establecer e dentro dos límites presupostarios.

A administración das subvencións levarase a cabo polo propio grupo baixo a superior responsabilidade do portavoz que será o perceptor das mesmas.

O día 22.09.95 por medio da resolución número 2062, o Presidente da Deputación decretou que os distintos grupos políticos percibirán unha subven-

ción mensual. Aportación que se pagará trimestralmente ós portavoces parlamentarios nas seguintes contías:

Partido popular	3.077.168 x 3 =	9.231.504
Grupo socialista	584.609 x 3 =	1.753.827
Bloque Nacionalista	451.743 x 3 =	1.355.229

O importe total das subvencións concedidas no exercicio 1996 suman 49.362.240 Ptas, téndose analizado a totalidade de dito importe.

- Da revisión dos procedementos para a concesión deste tipo de transferencias podemos resaltar que son cumplimentados de forma correcta, constando como documentación soporte dos mandamentos de pago entre outras a seguinte:

- Relación nominal de portavoces dos grupos políticos perceptores da subvención.
- Liquidación da subvención do trimestre natural correspondente.
- Decreto da Presidencia ordeando ou outorgamento da subvención.
- Ordes de transferencias bancarias e cheques, no seu caso, así como xustificación do abono dos mesmos.

- En canto á xustificación legal destas subvencións resaltamos que non teñen que ver co disposto no artigo 27 do ROF sobre aportacións para infraestructura de medios materiais e persoais. (A tal efecto sentou xurisprudencia a sentenza do 14 de outubro de 1997 do Tribunal Supremo).

- Ademais, destacámo-lo inapropiado da súa concesión, sinalando que a Lei Orgánica 3/1987 de 2 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, enumera no seu artigo 2, os recursos procedentes do financiamento público, excluindo as procedentes das Corporacións Locais. Opinión que o Tribunal de Contas reiteradamente puxo de manifesto.

#### *IV.7.3.2.- Sobre o control interno*

- Existe unha adecuada correlación entre a información subministrada pola contabilidade presupostaria e a financeira nas transferencias correntes examinadas.

- Examinamos a totalidade dos pagos realizados por subvencións a partidos políticos, comprobando que as cantidades foron correctamente contabilizadas na partida presupostaria e conta financeira correspondente.

#### **IV.8.- Transferencias de capital**

##### *IV.8.1.- Obxectivos, alcances e limitacións*

Análises do plan de cooperación da Deputación Provincial de Lugo con comunidades veciñais, con obxecto de verificar:

- a) Aplicación das bases do concurso para a concesión de axudas ou subvencións.
- b) Xustificación dos mesmos polas Comunidades Veciñais.
- c) Libramento de fondos.

##### *IV.8.2.- Traballo realizado*

Seleccionamos as partidas correspondentes a este tipo de subvencións ou axudas, sinalando as obrigas recoñecidas netas e os remanentes comprometidos.

Analizamos o control interno, con obxecto de comprobar que a xestión desenvólvese con eficacia, eficiencia e económica.

Cuantificamos os importes das axudas ou subvencións para comproba-lo cumprimento das bases do concurso que regula a concesión de ditas axudas.

Seleccionamos unha mostra de subvencións outorgadas durante o exercicio, co fin de analiza-la

adecuación do seu outorgamento, xustificación e pago as bases do concurso e á legalidade vixente.

Resumimo-los principais incumprimentos legais detectados, con referencia á normativa incumprida.

Formulamo-las recomendacións que axudan a correxir as deficiencias detectadas.

Arquivamos en papeis de traballo a documentación soporte das incidencias postas de manifesto.

Inicialmente conciliouse a contabilidade financeira a presupostaria, o cal resumo preséntase no seguinte cadro:

#### Conciliación contabilidade financeira-presupostaria

CONTABILIDADE FINANCEIRA			CONTABILIDADE PRESUPOSTARIA			
Conta	Descrición	Importe	Concepto	Obrigas recoñecidas netas	Remanentes comprometidos	Total
688	Transferenc. de capital a familias e instituc. sen fins de lucro	349.804.498	788	102.165.313	140.728.421	242.893.734
			788.99	155.482.607	123.853.100	279.335.707
			Total 788	257.647.920	264.581.521	522.229.441
			789	11.578.814	2.949.800	14.528.614
			789.99	80.577.764	219.422.236	300.000.000
			Total 789	92.156.578	222.372.036	314.528.614
<b>TOTAL:</b>		<b>349.804.498</b>	<b>Total art. 78</b>	<b>349.804.498</b>	<b>486.953.557</b>	<b>836.758.055</b>

A continuación verificouse a concordancia entre o importe total das axudas outorgadas por acordo da Comisión de Goberno de 12 de xullo de 1996, segundo certificación de dito acordo incorporada ó expediente xeral do "Plan de cooperación con co-

munidades veciñais, ano 1996", e o que resulta da suma de obrigas recoñecidas netas e remanentes comprometidos da correspondente partida presupostaria, presentada no seguinte cadro:

#### Concesión subvencións-contabilidade presupostaria

SUBVENCIONES CONCEDIDAS		CONTABILIDADE PRESUPOSTARIA			
	Importe	Concepto	Obrigas recoñecidas netas	Remanentes comprometidos	Total
Acordo Comisión 12.07.96	232.593.637	788	102.165.313	140.728.421	242.893.734

Obsérvase que foron contabilizados 10.300.097 ptas. máis respecto das subvencións outorgadas.

Solicitados ó xefe de negociado de plans especiais posteriores subvencións outorgadas, proporcionou copia de 16 Decretos da Presidencia, concedendo subvencións por importe de 13.329.916 ptas., de-

las, dúas correspondían ó exercicio de 1996, por importe de 3.000.000 ptas.

Non conciliándose a diferenza, solicitouse do xefe do servizo de contabilidade aclaración, efectuada do seguinte modo:

### Conciliación efectuada por Serv. Contabilidade

Descrición do movemento	Importe
Total ADO exercicio '96	242.893.734
Plan CC.W. (acordo C.G. 12.07.96)	231.692.454
Anulación restos xerados en 1996	-169.717
Obras aprobadas por Decreto imputables ó '96	11.220.997
AD 96/6858, do Con.Savig, incrementado 1997	150.000
<b>Total igual a ADO '96</b>	<b>242.893.434</b>

Obsérvase unha diferenza de 901.183 ptas. entre o plan aprobado, segundo a certificación do expediente xeral, e a aclaración de contabilidade, debida, segundo se constatará, a un erro existente na certificación anteriormente mencionada.

Comprobouse a existencia dos Decretos outorgando subvencións imputables ó exercicio de 1996, contrastando a documentación dos expedientes proporcionados co libro de Decretos da Presidencia do exercicio de 1996, co seguinte resultado:

- Dos 14 expedientes, verificouse a existencia de 6 dos Decretos outorgando a subvención.
- Dos 8 expedientes restantes, a concesión das axudas lévase a cabo mediante 2 Decretos do ano '94, 4 do ano '95 e 2 do ano '96. Para estes dous últimos consultáronse os libros de actas da Comisión de Goberno e de Decretos e Resolucións da Presidencia, sen que conste acordo a resolución concedendo as axudas.

Por outra banda verificouse a data de recoñecemento da obriga e partida á que se imputa, co seguinte resultado:

- Dos 14 expedientes, en 8 recoñécese a obriga en 1996 e na partida correcta.
- Dos 6 restantes, en 3 recoñécese en 1997, e na partida de remanentes (en teoría correcta), e nos outros 3, en 1997, na partida dese exercicio, polo que non afectaría ó anterior (1996), por importe de 3.000.000 ptas.

Por isto, a aclaración de contabilidade non concilia as diferenzas observadas, máxime cando se imputan ó exercicio de 1996 axudas outorgadas en exercicios anteriores, por importe de 4.821.000

ptas. (están incluídos os 3.000.000 ptas. imputados ó exercicio de 1997).

Neste apartado inclúese a análise dos expedientes de axudas otorgados pola Deputación, analizando a adecuación do seu outorgamento, xustificación e pago ás bases do concurso que as regula e á legalidade vixente. Estes expedientes, en canto o seu número e importe, se reseñan no cadro seguinte:

#### **Alcance da mostra**

Subvencións concedidas		Expedientes analizados			
Nº	Importe	Nº	Alcance	Importe	Alcance
454	231.692.454	8	1,76	8.995.750	3,88

### *N.8.3.- Conclusións*

En xeral, pode dicirse que se observaron as bases do concurso que regulan as citadas axudas e a legalidade vixente, pero debendo destacar que á hora de recoñecer a obriga, que figura na contabilidade como terceiro acreedor un Deputado Provincial, non o beneficiario da subvención, aínda que despois o pago se faga a través de cheque normativo a nome do beneficiario da subvención, resultando debidamente acreditado no expediente a entrega de dito cheque.

## **V.- ORGANISMOS AUTÓNOMOS E SOCIEDADES MERCANTIS**

### **INLUDES**

O Organismo Autónomo Local "Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social" (INLUDES) foi creado polo Pleno da Excelentísima Deputación de Lugo, en sesión de 27 de maio

de 1985, e publicados os seus estatutos no BOP 219 de 24-IX-95. Ten como fin a promoción do desenvolvemento económico e social da Provincia e rixese por un Consello Rector composto por:

- Presidente, o da Excmá. Deputación.
- Vicepresidente, o da Excmá. Deputación
- Doce vocais nombrados polo Presidente, dos cales seis serán membros da Corporación

Provincial e os outros seis, persoas de recoñido prestixio.

Actuarán como secretario e interventor, os da propia corporación.

A liquidación do presuposto de gastos do Intudes, ó nivel de obrigas recoñecidas, é a seguinte:

Capítulo	Descrición	Cdto. Inicial	Modificación	Cdto. definitivo	Obrig. rec. netas
1	Gastos de persoal	347483294	76613420	424096714	295868541
2	Gastos en bens correntes e servizos	155106766	108545614	263652380	159064656
4	Transferencias correntes	69447000	36125981	105572981	55280566
6	Investimentos reais	36217400	39027577	75244977	35307784
7	Transferencias de capital	3000000	0	3000000	0
8	Activos financeiros	5002000	1700000	6702000	6667512
<b>Total</b>		<b>616256460</b>	<b>262012592</b>	<b>878269052</b>	<b>552189059</b>

## V.1. Gastos de persoal

### V.1.1.- Obxectivos, alcances e limitacións

Representan os gastos de persoal o 53,58 % do total de obrigas recoñecidas netas, estando distribuídos nos seguintes artigos:

Art.	Alcance
10	8,09 %
12	6,92 %
13	11,32 %
14	20,87 %
15	5,40 %
16	10,03 %
18	0 %

Art.	Descrición	Crédito definitivo	Obrig. recoñ. netas	% do gasto total
10	Altos cargos	7033918	5412388	1,83
12	Persoal funcionario	40063247	37691702	12,74
13	Persoal laboral	219749545	146803695	49,62
14	Outro persoal	7559930	7065056	2,39
15	Incentivos ó rendemento	21101313	13671612	4,62
16	Cot. Prest. Gast. Soc. C/empre.	128588761	83785190	28,32
18	Outras remuneracións	0	1438898	0,49
<b>Total</b>		<b>424096714</b>	<b>295868541</b>	<b>100</b>

Os obxectivos seguidos no programa de traballo son os mesmos que os indicados para o persoal da Deputación, sendo o alcance das mostras as seguintes, distribuídas por artigos:

### V.1.2.- Conclusións

Do traballo realizado despréndense as seguintes incidencias:

- Efectúase a paga única por desvío do IPC por 1.438.898 ptas., con cargo ó artigo 18, "Outras remuneracións" o cal no dispoñía de consignación presupostaria.

- Nas retribucións a altos cargos, non se corresponde a nómina do Conselleiro con dedicación exclusiva, co acordo do Consello Rector de 2 de febreiro de 1996.

- Nas retribucións de persoal funcionario, figu-

ran pagos a seis traballadores os que os seus postos non están recollidos na plantilla e RPT do persoal. Estas retribucións oscilan entre 35.000 e 177.508 ptas mensuais, o que supón un monto anual de 7.315.560 ptas. Nalgúns casos non se realizan as retencións de IRPF, e as resolucións que aproban ditos pagos, proceden de exercicios anteriores e por conceptos que non se axustan ó disposto no RD 861/1986.

- Con cargo ó artigo 14 "Outro persoal" realízanse pagos que non corresponden a persoal da Deputación, entre outros, un pago por servicios prestados por unha procuradora ós gandeiros da provincia, por importe de 698.600 ptas., a súa proposta, informe de intervención e Decreto de aprobación son de decembro de 1995, e diversos pagos por servicios prestados por unha veterinaria con contrato administrativo especial, sen constar a súa alta na Seguridade Social, nin presentar factura de conformidade coa lexislación vixente.

- O complemento de produtividade abóase polos mesmos conceptos e procedementos que na Deputación Provincial, o que implica a existencia dunha produtividade lineal fixa por grupos, segundo resolución de 24 de abril de 1991, e outra especial individual, tamén fixa en contía e período, e que en moitos casos foron otorgadas en anos anteriores. Consta unha resolución do 7-IX-90 que concede un complemento de produtividade mensual a diversos funcionarios con efectos de un de xaneiro de ese ano, e recolle textualmente "...mentres non se acorde a súa modificación". Este proceder é

contrario ó art.5 do RD 861/1986 de 25 de abril, apartados 2 e 3, dado que non se determinan as circunstancias concorrentes relacionadas co posto de traballo, nin o cumprimento de obxectivos polos que procedería a súa asignación, orixinándose dereitos individuais que perduran en períodos sucesivos.

- As pagas extras incorporan un concepto de "extra complementarias" que supón o 100% das retribucións mensuais polos complementos de destino, específico e produtividade.

- Os expedientes de persoal están incompletos, e púxose de manifesto o sistema de contratación temporal como vía previa á contratación fixa por concurso, detectándose ademais a formalización de convenios con particulares, o que supón unha relación laboral encuberta.

## V.2.- Ingresos

A fiscalización dos ingresos do INLUDES limitouse a verifica-lo adecuado rexistro das transferencias correntes recibidas da Deputación Provincial.

### V.2.1.- Traballo realizado

A execución do presuposto de ingresos do exercicio 1996, a nivel de capítulo, foi a seguinte:

Capítulo presupostario	Previsións iniciais	Modificaci. Pptarias.	Previsións definitivas	Dereitos Recoñ. netos	Recadación	Dereit. pdtes. de cobro
3 Taxa e outros ingresos	38.647.054	3.035.896	41.682.950	32.448.409	31.126.245	1.322.164
4 Transferencias correntes	410.003.000	212.274.207	622.277.207	283.998.421	182.327.921	101.670.500
5 Ingresos Patrimoniais	5.551.000	---	5.551.000	5.644.752	3.644.752	2.000.000
7 Transferencias de capital	157.055.406	28.124.909	185.180.315	39.884.034	37.234.034	2.650.000
8 Activos financeiros	5.000.000	18.577.580	23.577.580	3.312.591	3.312.591	---
<b>Total.....</b>	<b>616.256.460</b>	<b>262.012.592</b>	<b>878.269.052</b>	<b>365.288.207</b>	<b>257.645.543</b>	<b>107.642.664</b>

Analizáronse a totalidade dos documentos contables relativos ós dereitos recoñecidos e ingresos realizados pola Deputación Provincial ó INLUDES en concepto de transferencia corrente, conciliando

a contabilidade da Corporación e o Organismo Autónomo.

No cadro seguinte resúmese a información relativa



ó período 1992 a 1996, e que comprende as consignacións por aportación ó INLUDES recollidas no presuposto da Deputación, así como a comparación entre as obrigas recoñecidas e pagos reali-

zados pola Deputación Provincial e os dereitos recoñecidos e cobros contabilizados polo Organismo Autónomo:

Importes en ptas.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL					INLUDES		
Exercicio	Consignación Pptaria. Deputación	Obrigas recoñecidas	Pagos realizados	Obrigas pdtes. pago	Dereitos Recadados	Cobros rexistrados	Dereitos Pdtes. Cobro
1992	489.300.000	487.300.000	489.300.000	---	489.300.000	489.300.000	---
1993	589.000.000	---	---	---	450.000.000	450.000.000	---
1994	392.000.000	392.000.000	392.000.000	---	522.700.000	522.400.000	300.000
1995	392.000.000	392.000.000	392.000.000	---	392.000.000	---	392.000.000
1996	410.000.000	410.000.000	197.700.000	212.300.000	8.300.000	8.300.000	---
<b>Total</b>	<b>2.272.300.000</b>	<b>1.683.300.000</b>	<b>1.471.000.000</b>	<b>212.300.000</b>	<b>1.862.300.000</b>	<b>1.470.000.000</b>	<b>392.300.000</b>

Da comparación de ámbalas dúas contabilidades, ponse de manifesto que:

- O INLUDES aplica os ingresos ás débedas máis antigas, sen respecta-lo exercicio ó que aplica o pago correspondente a Deputación. Este feito motiva que se desvirtúe a comparación por exercicios, se ben pode realizarse a nivel global.
- Os pagos realizados pola Deputación no período 1992-1996 (1.471.000.000 ptas.) superan en 1.000.000 ptas. os cobros rexistrados polo INLUDES.

A diferenza ten a súa orixe no exercicio 1994, no cal a Deputación Provincial transferiu ó INLUDES 1.000.000 ptas., e este non o rexistrou como parte da aportación anual.

- A Deputación Provincial omitiu o recoñecemento da obriga correspondente á consignación

presupostaria do exercicio 1993 por importe de 589.000.000 ptas.

- O importe dos dereitos recoñecidos polo INLUDES (1.862.300.000 ptas.) coincide coa suma das consignacións presupostarias da Deputación correspondentes ó período 1992-1995, polo que faltaría por recoñecer dereitos do exercicio 1996, por importe de 410.000.000 ptas.

### V.2.3.- Conclusións

Co obxecto de concilia-los estados contables da Deputación de Lugo e INLUDES, e que ámbalas dúas reflicten a realidade das aportacións que figuran nos presupostos do período 1992 a 1996, é necesario realiza-los seguintes axustes no D.X.O.:

#### A) DEPUTACIÓN DE LUGO

----- X-----  
 589.000.000 MODIFICACIÓN OBRIGAS PRESUPOSTOS PECHADOS (841)  
 a ACREDORES OBRIG. RECOÑECIDAS PPTOS. PECHADOS (401) 589.000.000  
 ----- X-----

## B) INLUDES

410.000.000	DEBEDORES DEREITOS PRESUPOSTOS PECHADOS (431)	----- X-----	
	a MODIFICACIÓN DEREITOS PRESUPOSTOS PECHADOS (840)		410.000.000
(1.000.000)	DEBEDORES DEREITOS PRESUPOSTOS PECHADOS (431)	----- X-----	
	a MODIFICACIÓN DEREITOS PRESUPOSTOS PECHADOS (840)		(1.000.000)
		----- X-----	

Realizando estes axustes, a situación resultante en ámbalas dúas contabilidades sería a seguinte:

	DEPUTACIÓN DE LUGO	INLUDES
	Obrig. Recoñ. Pdtes. Pago	Dereitos Recoñ. Pdtes. Cobro
Saldo pdte. A 31.12.1996	212.300.000	392.300.000
Axustes propostos	589.000.000	410.000.000 -1.000.000
<b>Total.....</b>	<b>801.300.000</b>	<b>801.300.000</b>

Ambos axustes afectan ó cálculo do remanente de tesourería, tanto na Deputación Provincial como no INLUDES, e que é obxecto de análise e cuantificación na área de tesourería do presente informe.

no seu defecto, debido as características peculiares deste crédito, contabilice a través de contas de orde.

## VI.- RECOMENDACIÓNS

### VI.1.- Endebedamento e gastos financeiros

- Recomendamos respéctese o principio de anualidade presupostaria, para que os movementos contables se imputen ó exercicio económico que corresponda.
- Así mesmo, consideramos que se deberan respecta-los principios de especificidade e de uniformidade, co fin de que se consignen as operacións nas contas financeiras e nas partidas presupostarias que correspondan a súa denominación e características.

2. Como resultado da análise de corte de operacións propoñemos axuste por periodificación dos gastos financeiros do préstamo de Caixa Galicia Nº 550-8638-7, único que non ten vencementos en trimestres naturais.

3. Recomendamos que a contabilización da operación de tesourería se axuste ó disposto na I.C. ou

### VI.2.- Ingresos

- Na taxa por subscripción e insercións no B.O.P., recoméndase establecer un procedemento de liquidación conforme ó artigo 10 da ordenanza reguladora, que se inicie con presentación de solicitudes no modelo normalizado e, no seu caso, acompañando xustificante de depósito previo. En base a istos, a sección de cultura practicaría as liquidacións correspondentes, remitíndoas á Intervención para a súa fiscalización.

- Respecto do prezo público por aloxamento na Residencia Universitaria Santa María, o recoñecemento dos dereitos debería realizarse en función das liquidacións practicadas, entre as que se deben incluír as correspondentes a días soltos de xullo e setembro. Así mesmo, a redución de tarifas debe respecta-lo procedemento fixado no artigo 5 da ordenanza.

- Por último sería recomendable que o cobro do prezo público se realizase mediante ingreso directo dos alumnos en conta bancaria da Deputación.

Adapta-lo criterio de contabilización do recargo provincial do I.A.E. ó artigo 144 a) da LRFL e ós principios contables públicos, recoñecendo os de-

reitos correspondentes ós concellos que teñen delegadas as competencias de xestión e recadación en función do padrón, e os do resto de concellos cando se teña coñecemento do seu importe ben mediante a percepción de fondos ou comunicación documental do xestor dos dereitos liquidados e cobrados.

- Respecta-lo principio de rexistro, contabilizando nos libros rexistros e contas da Deputación Provincial, na correspondente orde cronolóxica, a totalidade dos actos e operacións con repercusión financeira, patrimonial ou económica.

- Axustar á normativa vixente o procedemento de imposición de prezos públicos, elaborando estudio de custos ou memoria económica-financiera que xustifique o importe fixado, e adoptando os acordos correspondentes ó Pleno, en caso de non existir delegación na Comisión de Goberno.

Así mesmo, recoméndase a publicación no B.O.P. dos acordos de fixación ou modificación dos prezos públicos, con obxecto de que non exista ningún defecto o vicio que afecte a súa entrada en vigor, xa que o ser disposicións de carácter xeral que teñen por destinatarios a unha pluralidade in-

determinada de persoas, deben ser obxecto de dita publicación para iniciar a súa vixencia.

- En relación co fraccionamento concedido a Breogán S.A.D., pola débeda que mantén coa Deputación Provincial polo uso do Pavillón Universitario, e ante a falta de pago o seu vencemento do primeiro prazo, recoméndase a aplicación do artigo 48 (apartados 5 e 6) do R.X.R., ó establecido no artigo 36 da L.X.P. e 56.2 R.X.R.

Así mesmo, e en relación coas liquidacións que correspondan polo uso do citado Pavillón, recoméndase a formalización dun convenio coa citada entidade deportiva no que se regule o uso e tarifa a aplicar, e que garantice a obxectividade dos importes liquidados e a continuidade nas liquidacións, xa que unicamente consta liquidación pola temporada 1995/96.

- Para supera-lo erro na contabilización de determinadas compensacións practicadas á Tesourería Xeral da Seguridade Social durante o exercicio 1996, recoméndase realizar un axuste mediante o asento seguinte no D.G.O.:

-----				x	-----			
431	Debedores	Dereitos	Ppto.		840	Modificación	Dereitos Pros.	
	Pechados		(75.314.913)	a		Pechados	(75.314.913)	
-----				x	-----			

- Dado que a Deputación Provincial non contabilizou ata a data, a entrega ós concellos das obras de titularidade municipal incluídas nos plans de cooperación Provincial, recoméndase cuantificar o importe dos investimentos e subvencións de capital afectas a ditas obras, realizando o axuste correspondente coa finalidade de que tanto o inmoviliza-

do como as subvencións de capital reflectan adecuadamente a realidade da situación económico-financiera da Deputación.

En base á estimación realizada, para que os estados financeiros reflectisen a 31-XII-96, a situación real, debería realizarse o seguinte axuste:

-----				x	-----			
(142)	Subv. de capital	sector estatal	4.453.127.443					
(145)	"	" Comun. Aut.	413.270.643					
(146)	"	" Entid. Locais	3.697.920.879	a	(221)	Infraestructuras e bens		
(822)	Resultados extraordinarios		1.186.937.084			destinados ó uso en xeral	9.879.307.413	
-----				x	-----			

- Non obstante, recoméndase que a propia Deputación realice o cálculo correspondente no que se inclúan tódalas obras afectadas por esta problemática ata a data actual, e que con posterioridade á realización do axuste, se rexistre a entrega do ben á certificación final e recepción do mesmo.

- Na análise dos dereitos recoñecidos pendente de cobro puxéronse de manifesto a existencia de erros contables e débedas incobrables, que aconsellan a tramitación dun expediente de depuración de saldos, co seu procedemento debería estar regulado nas bases de execución do presuposto.

### VI.3.- Persoal

1. Debérase proceder á elaboración dun organigrama da Deputación, no cal se estruturen tódolos servizos e as súas dependencias exercendo un control dos gastos por áreas e postos de traballo para poder avaliala eficiencia e o rendemento do persoal.
2. A relación de postos de traballo debería indicar, ademais da denominación e características esenciais dos postos de traballo, os requisitos esixibles para o seu desempeño, como son o sistema de provisión, grupo e formación académica e específica, recomendándose, a codificación individualizada de cada posto, o que facilitaríaa o tratamento informático dos datos e unha xestión máis eficaz.
3. Deberíanse actualizar e completa-los expedientes de persoal, os libros de rexistro de persoal funcionario e cumprimentar os de matrícula do persoal laboral.
4. Debéranse efectuar conciliacións periódicas dos saldos nas contas de anticipos ó persoal, Seguridade Social e retencións en nómina. (IRPF, aportacións ó plan de pensións, etc.).
5. Deberíanse regulariza-los saldos das contas de Balance 475 e 477 a 31-XII-96.

6. Recoméndase a implantación dun sistema informático que poida xestionar dunha forma integrada o presuposto, plantilla e nómina.

### VI.4.- Pagos a xustificar

- Deberáse incluír nas bases de execución do presuposto, un límite cuantitativo para os pagos a xustificar segundo establece o art.72.2.e do RD 500/1990, así como un detalle dos conceptos presupostarios ós que sexan aplicables.

- Recoméndase a utilización do sistema de caixa fixa para as atencións correntes de carácter repetitivo como dietas, gastos de locomoción e material de oficina non invendariabile, así como para os gastos de funcionamento dos diferentes servizos.

- Deberánse emitir cartas de pago do ingreso correspondente ó reintegro, as cales se adxuntarían ó documento contable no que conste a liquidación aprobada.

- Debérase coidar que a conta xustificativa de gastos veña acompañada de tódalas súas facturas e que estas foran debidamente emitidas. (Data, identificación e domicilio de emisor e receptor, conceptos, importes, impostos aplicados etc.)

- O proceso contable a seguir débérase axustar ó seguinte procedemento:

(xxx) Conta de gastos	x	
	a	(400) Obrigas recoñecidas presuposto corrente
(400) Obrigas recoñecidas. Presuposto corrente.	x	
	a	(410) Pagos Ordeados Ppto. Cte.
(410) Pagos Ord. Ppto. Cte.	x	
	a	(571) Bancos e institucións de crédito. contas operativas.
	x	

Os reintegros, como deberan producirse dentro do mesmo exercicio por ter limitado o prazo de xustificación ó 31 de decembro, presentarán o seguinte desenvolvemento:

_____	x	_____
(570) Caixa		
	a	(417) Reintegros Ppto. Cte.
_____	x	_____
(417) Reintegros Ppto. Cte.		
	a	(5891) Cta. Formaliz. sen salida material de fondos
_____	x	_____

Realizando con signo negativo os seguintes asentos de formalización para repoñe-lo saldo en créditos dispoñibles.

_____	x	_____
(410) Pagos ordeados Ppto. Cte.		
	a	(5891) Formaliz. sin salida material de fondos
_____	x	_____
(400) Obrigac. Ppto. Cte. Reconec.		
	a	(410) Pagos Ord. Ppto. Cte.
_____	x	_____
(xxx) Cta. de Gastos		
	a	(400) Obrigas Ppto. Cte. Reconec.
_____	x	_____

- Debérase procurar incorporar ó sistema de informática a emisión, seguimento e control dos pagos a xustificar mediante os documentos específicos e operacións vinculadas, co fin de obte-lo libro

de rexistro mecanizado e cumprir coa finalidade establecida na regra 5ª apartado 2.b. da ICAL.

### VI.5.- Tesourería

Recoméndase a formalización periódica de actas de arqueo de existencias na caixa da Corporación, así como a levanza do libro de actas de arqueo esixido pola regra 81 da ICAL, e que ten carácter obrigatorio segundo a regra 60.

- As operacións de tesourería non se deben contabilizar como existencias negativas de tesourería. O seu rexistro debe axustarse ó establecido na regra 244 da ICAL.

Así mesmo, no caso de que ditas operacións formalícense mediante pólizas de crédito, recoméndase o control dos importes dispostos e dispoñibles mediante asentos de orde.

- En relación coas contas bancarias, recoméndase a utilización de contas restrinxidas de recadación para os ingresos da Deputación e os xestionados por conta doutros entes públicos, traspasando o seu saldo periodicamente a contas operativas.

Tamén debería procederse ó peche daquelas contas operativas que non teñen movementos significativos e que apenas son utilizadas.

### VI.6.- Inludes

- Co obxecto de que os estados contables da Deputación Provincial e o Inludes reflicten adecuadamente os importes pendentes de pago en concepto de "aportación ó Inludes", recoméndase realiza-los seguintes axustes:

### Contabilidade Deputación de Lugo

_____	x	_____
841 Modificación obrigas presupostos pechados		
		589.000.000
	a	401 Acredores obrigas Rec. Ppto. pechados
		589.000.000
_____	x	_____

### Contabilidade Inludes

-----				x	-----			
431	Debedores	Dereitos	Presu-					
	postos	Pechados			410.000.000	a	840	Modificación Dereitos Pre-
								supostos Pechados
								410.000.000
-----				x	-----			
-----				x	-----			
431	Debedores	Dereitos	Presu-					
	postos	Pechados			(1.000.000)	a	840	Modificación Dereitos Pre-
								supostos Pechados
								(1.000.000)
-----				x	-----			

#### VI.7.- Contratación

A Corporación debera proceder a:

- Verifica-lo cumprimento dos prazos, en tódolas fases da contratación.
- Verifica-la existencia de créditos presupostarios, con anterioridade á aprobación do expediente de contratación, así como autoriza-lo gasto no momento da aprobación daquel.
- Verifica-lo cumprimento de disposicións, na forma de adxudicación.
- Verifica-lo cumprimento das disposicións, en materia de constitución e devolución ou cancelación de garantías.
- Controlar e vixía-las execucións dos contratos, esixindo, cando proceda as correspondentes responsabilidades por incumprimento dos mesmos.

#### VII.- TRÁMITE DE ALEGACIONES

En cumprimento dos disposto no artigo 58 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas, os resultados das actuacións realizadas foron remitidas ó Presidente da Deputación Provin-

cial, para que, nun prazo de quince días, alegara e presentara os xustificantes e documentos que estimase pertinentes.

En relación co contido das alegacións presentadas no prazo concedido, e que se incorporan como Anexo ó presente informe, con carácter xeral é preciso sinalar o seguinte:

- Nos supostos no que se modifica, total ou parcialmente o contido dalgún parágrafo ou apartado do informe, indícase expresamente en nota a pé de páxina.
- Salvo nos casos concretos que o requiran, non se valoran as alegacións que:
  - Consinaturan deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe.
  - Plantexan criterio ou opinións sen soporte documental ou normativo.
  - Non rebaten o contido do informe, se non que se trata de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións do Concello.

En todo caso, a valoración e opinión do Consello sobre as alegacións presentadas, se incorpora como anexo ó presente informe.

## VIII.- ANEXOS

- Anexo I: Liquidación do presuposto de gastos e ingresos.
- Anexo II: Balance situación.
- Anexo III: Conta de resultados.
- Anexo IV: Organigrama do persoal da Deputación.
- Anexo V: Organigrama da área de persoal.
- Anexo VI: Organigrama Inludes.
- Anexo VII: Relación de contratos.
- Anexo VIII: Consideracións sobre as alegacións
- Anexo IX: Alegación presentadas pola Deputación de Lugo

## IX.- ABREVIATURAS EMPREGADAS

- ADO : Documento contable de autorización, disposición e de recoñecemento de obriga de gastos.
- BCL : Banco de Crédito Local
- BEP : Bases de execución de presupostos
- BOP : Boletín Oficial da Provincia
- CCAA : Comunidades Autónomas.
- CDA : Créditos definitivos axustados
- DGO : Diario xeral de operacións
- DOPG : Diario de operacións de presuposto de gastos
- IAE : Imposto de actividades económicas
- IBI : Imposto de bens Inmóbles.
- IC : Instrucción de contabilidade
- ICAL : Instrucción de contabilidade para a administración local
- ICO : Imposto de construcións e obras.
- IVTM : Imposto vehículos de tracción mecánica.
- MC : Documento contable de retención de crédito.
- ORN : Obrigas recoñecidas netas
- P : Documento contable de pago.
- PAE : Plan comarcal de actuación especial
- POL : Programa Operativo Local
- POS : Plan de Obras e Servicios
- RC : Documento contable de retención de crédito.
- RD : Real Decreto
- RDA : Recursos definitivos axustados
- RGCE : Regulamento xeral de contratación do estado
- RPT : Relación de posto de traballo
- RVL : Rede viaria local
- TRLGP : Texto Refundido Lei Xeral Presupostaria
- ZAES: Zonas de Acción Especial
- CEL: Cooperación Económica Local

**ANEXOS**



ANEXO I

Liquidación do Presupuesto de Gastos  
Correspondente ó exercicio 1996

(Expresada en pesetas)

Capítulo	Gastos	Presupuesto inicial	Modificaciones de presupuesto	Presupuesto de- finitivo	Obligas reconocidas	Pagos realizados	Obrigas pdtes. de pago	Remanente
1	Gastos de persoal	2.533.698.849	34.486.614	2.568.185.463	2.445.810.194	2.436.711.560	9.098.634	122.375.269
2	Gastos en bens ctes. e servicios	1.248.541.013	187.835.025	1.436.376.038	1.126.036.102	912.795.523	213.240.579	310.339.936
3	Gastos financeiros	665.000.000	(100.000.000)	565.000.000	521.926.042	521.926.042	0	43.073.958
4	Transferencias correntes	716.010.417	(2.301.319)	713.709.098	646.193.688	421.964.283	224.229.405	67.515.410
6	Investimentos reais	6.988.468.999	3.617.717.954	10.606.186.953	3.520.100.508	2.610.987.447	909.113.061	7.086.086.445
7	Transferencias de capital	310.110.000	631.926.378	942.036.378	408.647.880	385.144.497	23.503.383	533.388.498
8	Activos financeiros	98.587.500	13.063.971	111.651.471	88.523.993	86.780.389	1.743.604	23.127.478
9	Pasivos financeiros	599.360.336	0	599.360.336	596.066.385	596.066.385	0	3.293.951
	<b>Total</b>	<b>13.159.777.114</b>	<b>4.382.728.623</b>	<b>17.542.505.737</b>	<b>9.353.304.792</b>	<b>7.972.376.126</b>	<b>1.380.928.666</b>	<b>8.189.200.945</b>

Liquidación do Presupuesto de Ingresos  
correspondente ó exercicio 1996

(Expresada en pesetas)

Capítulo	Ingresos	Previsiones iniciales	Modificaciones de previsiones	Previsiones definitivas	Dereitos reconfeccionados	Recadación líquida	Dtos. Recoñ. Pdtes. cobro	Comparación Pre.- dereitos
1	Impostos directos	313.935.653	0	313.935.653	397.012.431	269.884.036	127.128.395	(83.076.778)
2	Impostos indirectos	0	0	0	0	0	0	0
3	Taxas e outros ingresos	523.056.348	10.326.304	533.382.652	1.130.376.107	236.954.424	893.421.683	(596.993.455)
4	Transferencias correntes	5.852.819.154	94.567.959	5.947.387.113	6.247.217.075	5.775.563.194	471.653.881	(299.829.962)
5	Ingresos patrimoniais	80.401.000	0	80.401.000	136.772.980	136.772.980	0	(56.371.980)
6	Enaxenación de investimentos reais	200.000	0	200.000	0	0	0	200.000
7	Transferencias de capital	5.073.359.539	2.454.278.943	7.527.638.482	2.321.856.206	2.084.793.432	237.062.774	5.205.782.276
8	Activos financeiros	75.135.081	1.823.555.417	1.898.690.498	79.210.430	76.812.563	2.294.968	1.819.480.068
9	Pasivos financeiros	1.240.870.339	0	1.240.870.339	524.174.502	524.174.502	0	716.695.837
	<b>Total</b>	<b>13.159.777.114</b>	<b>4.382.728.623</b>	<b>17.542.505.737</b>	<b>10.836.619.731</b>	<b>9.104.955.131</b>	<b>1.731.561.701</b>	<b>6.705.886.006</b>

Anexo II

Balance de situación  
a 31-XII-96  
(Expresado en pesetas)

Activo		Pasivo	
Inmovilizado	24.451.853.161	Fondos propios	
Inmovilizado material	5.009.339.358	Patrimonio	7.257.689.190
Inmovilizado en infraestructura	19.110.585.813	Resultados pendientes de aplicación (positivos)	
Inmovilizado financiero	331.927.990	Total patrimonio e reservas	
<b>Total inmovilizado</b>	<b>24.451.853.161</b>		
Activo circulante	9.146.671.380	Subvenciones de capital	11.885.441.298
Debedores	6.310.214.515	Total subvenciones de capital	
Cuentas financieras	2.836.456.865		
Resultados pendientes de aplicación			
<b>Total activo circulante</b>			
		Acredores a largo plazo	
		Préstamos a largo plazo	5.989.217.354
		Fianzas e depósitos recibidos	
		Total débedas a largo plazo	
		Acredores a corto plazo	
		Débedas a corto plazo	5.642.188.546
		Acredores por obrigas reconocidas	
		Acredores por pagos ordeados	
		Entidades públicas	
		Outros acredores non presupostarios	
		Fianzas e depósitos recibidos	
		Total acredores a corto plazo	
		Partidas pendientes de aplicación	29.748.681
		Outras partidas pendientes de aplicación	
		Total partidas pendientes de aplicación	
		Resultados do exercicio (Beneficio)	2.794.267.002
		<b>Total pasivo</b>	<b>33.598.552.071</b>
Diferencia Activo/Pasivo	27.350		
<b>Total activo</b>	<b>33.598.524.541</b>		
		Contas de orde e control presupostario	658.584.069
Contas de orde e control presupostario	658.584.069		

Conta de Resultados  
31 de decembro de 1996

(Expresada en pesetas)

RESULTADOS CORRENTES DO EXERCICIO

DEBE	
51	Gastos de persoal 2.523.082.310
62	Gastos financeiros 521.926.042
63	Tributos 8.218.218
64	Traballos, subministrados e servizos exteriores 1.040.648.834
65	Transferencias correntes 646.193.688
68	Transferencias de capital 408.647.880
69	Dotacións do exerc. para amortización e prov. 9.548.357
80	Resultados correntes do exercicio 2.752.027.495
<b>Total debe 7.910.292.824</b>	

HABER	
70	Vendas 1.098.565.507
71	Renda da propiedade e da empresa 137.733.300
72	Tributos ligados á produción e á importación 396.861.871
76	Transferencias correntes 6.246.283.275
	0
	0
	0
78	Outros ingresos 30.848.871
<b>Total haber 7.910.292.824</b>	

RESULTADOS DO EXERCICIO

89	Beneficio total neto 2.794.267.002
<b>Total debe 2.794.267.002</b>	


HABER	
80	Resultados correntes do exercicio 2.752.027.495
82	Conta de resultados extraordinarios 42.239.507
<b>Total haber 2.794.267.002</b>	

CONTA DE RESULTADOS EXTRAORDINARIOS


DEBE	
56	Anticipos e prestamos concedidos 184.795.150
82	Resultados extraordinarios 42.239.507

HABER	
55	Outras partidas pendentes de aplicación 227.034.657


ORGANIGRAMA DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO



FORMACIÓN RECURSOS HUMANOS E ORGANIZACIÓN



# INLUDES



## CONTRATOS EXAMINADOS (Obras)

Nº	DESCRIPCIÓN	TIPO DE LICITACIÓN	PREZO DE ADXUDICACIÓN
1	78/POL '95 C.P. Trabada-Barreiros. Tramo D.Insua.	50.000.000	40.000.000
2	81/POL '95 Barreiros. C.P. Trabada-Barreiros, 1ª e 2ª fases.	46.000.000	40.000.000
3	PID '95 Riotorto. Campo de fútbol, 1º fase.	17.777.777	15.651.110
4	22/95 Castro de Rey. Abastecemento de auga a Balmonte.	21.426.608	15.991.000
5	PID '95 A Pontenova. Construcción de piscina e pistas polideportivas, 1ª fase.	24.662.254	21.577.000
6	Conservación de vías en Alfoz, Cervo, Xove, Ourel, O Valadouro, Vicedo, Viveiro.	49.741.741	36.808.889
7	PID '95 Monterroso. Pista do Campo da Feria.	37.444.143	33.934.834
8	Reparación de vías en Abadín, Castro de Rey, Cospeito, Mondoñedo, Pastoriza.	29.872.004	24.495.000
9	83/POL '95 Adicional. De Chao de Pousadoiro a Cangas, continuación.	28.750.000	25.000.000
10	Reparación de vías en Paradela-Páramo-Portomarín.	32.400.000	25.493.000
11	Tratamento herbicida zona Lugo.	2.494.544	1.814.067
12	Reparación de vías en Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rey e Guntín.	31.100.000	24.493.000
13	Complementaria á 29/RVL '95 Xermade, De Pedreira a Casanova.	1.396.175	1.058.301
14	129/POL '96 Barreiros.	35.000.000	28.297.500
15	PID '95 Fonsagrada. Modificado ó de piscinas municipais.	51.793.918	45.414.062
16	15/ZAE '96 Sober. De Sober a Doade.	60.300.000	46.425.000
17	49/ZAE ANCARES '96.-Becerreá. Acondicionamento C/Ancares.	52.864.000	40.018.000
18	122/POL '96 Sober. C.P. Sober-Francos-Anllo.	50.000.000	38.995.000
19	123/POL '96 Guitiriz. C.P. de Guitiriz a Villares.	45.000.000	33.740.000
20	3/RVL '96 Riotorto. De Marco de Alvares-As Rodrigas.	40.000.000	30.360.000
21	14/ZAE '96 Saviñao, Camino praia a Coba-Mato (Mourelos) p.k. 0,000 a 2,500 e continuación.	80.000.000	59.440.000
22	130/POL '96 Cervo. Vía litoral Burela-San Ciprián.	95.000.000	71.715.000
23	131/POL '96 Sober. Acceso e pantalans en Cotarro de Castro, 1ª e 2ª fase	38.144.755	26.075.755

	<b>SUMA e SEGUE:</b>	<b>921.167.919</b>	<b>726.796.518</b>
<b>Nº</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>TIPO DE LICITACIÓN</b>	<b>PREZO DE ADXUDICACIÓN</b>
	<b>SUMA ANTERIOR:</b>	<b>921.167.919</b>	<b>726.796.518</b>
24	69/96 Monforte. Rexeración parcial C/Dr. Teixeira.	25.307.047	23.312.852
25	Redacción proxecto e construción obras rehabilitación edificio Casa de Cultura (Folgozo do Caurel).	91.057.949	91.057.949
26	Complementaria a 83/POL '95 Adicional. De Chao de Pousadoiro a Cangas.	2.750.000	2.391.314
27	Complementaria a 81/POL '95 Barreiros. C.P. Trabada-Barreiros, 1ª e 2ª fase.	664.594	574.212
28	29/RVL '95 Xermade, C.P. de Pedreira a Casanova, p.k. 0,000 a 1,910.	10.000.000	7.580.000
29	Obras complementarias as 122/POL '96 Sober. C.P. Sober-Francos-Anllo.	1.565.456	1.220.889
30	Obras complementarias (2) as 122/POL '96 Sober. C.P. Sober-Francos-Anllo.	3.342.354	2.606.702
31	Complementaria á PID '95 Riotorto. Campo de fútbol, 1ª fase.	2.415.639	2.126.667
32	Modificado do Proxecto Monterroso. Pista do Campo da feria.	11.791.415	11.078.560
	<b>Totais:</b>	<b>1.070.062.373</b>	<b>868.745.663</b>



**CONTRATOS EXAMINADOS (Subministros)**

<i>Nº</i>	<i>DESCRIPCIÓN</i>	<b>TIPO DE LICITACIÓN</b>	<b>PREZO DE ADXUDICACIÓN</b>
1	Tecidos para a confección de pezas. Centro de Artesanía.	17.250.000	15.445.632
2	Subministración de lencería. San Rafael.	4.100.000	3.109.250
3	Subministración de material para Departamento de vídeo.	9.200.000	9.189.153
4	Subministración de material técnico e funxible.	3.000.000	2.981.200
5	Subministración de material informático para a Excma. Deputación.	8.500.000	8.479.600
6	Subministración de material informático para o Servicio de Recursos Humanos.	10.000.000	9.700.000
7	Subministración de embarcacións de recreo.	3.200.000	3.190.000
8	Subministración de papel para a Imprenta Provincial.	10.000.000	10.000.000
<b>Totais:</b>		<b>65.250.000</b>	<b>62.094.835</b>

**CONTRATOS EXAMINADOS (Outro tipo)**

<b>Nº</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>TIPO DE LICITACIÓN</b>	<b>PREZO DE ADXUDICACIÓN</b>
1	Servicio de edición do Boletín Oficial da Provincia.	20.000.000	6.342.000
2	Servicio de protección e vixancia do Palacio Provincial.	18.000.000	17.318.500
3	Servicio de limpeza para o centro de rehabilitación San Refael.	30.888.000	30.492.000
4	Servicio de limpeza do Palacio Provincial.	18.480.000	18.360.000
5	Desenvolvemento do proxecto de xubilación anticipada.	250.000.000	207.197.313
6	Servicio de encadernación para a Imprenta Provincial.	10.000.000	10.000.000
7	Consultoría e asistencia para encuesta zona 8.	1.876.000	1.876.000
8	Servicio aluguer vehículos para persoal Vías e Obras.	11.000.000	10.857.600
9	Servicio de mantemento e reparación, maquinaria Parque Móbil.	15.000.000	15.000.000
10	Formalización de contrato de edición do libro "O Peregrino".	8.074.900	7.450.000
11	Plan de xubilación de funcionarios.	27.172.800	26.640.000
12	Dirección, supervisión e mantemento obra 335/ZAE CUREL '95.	1.173.852	1.173.852
13	Redacción proxecto Ribeira de Piquín 83/POL '95.	810.000	484.644
14	Redacción proxecto 71/POL '95 Cospeito.	1.112.989	1.112.989
15	Dirección, supervisión e mantemento 76/POL '95 Guitiriz.	358.477	358.477
16	Obra complementaria Baleira-Abastecemento de auga a Librán.	1.648.452	1.648.452
17	Dirección, supervisión e mantemento obra 335/ZAE CAUREL '95 (Auxiliar).	1.173.852	1.173.852
18	Redacción proxecto 124/POL '96 Cospeito-Begote.	750.000	740.144
19	Servicio de seguros de vehículos e maquinaria.	7.000.000	7.000.000
20	Consultoría, asistencia, dirección, supervisión e mantemento obra 110/POL '96.	149.000	149.000
21	Dirección obra Ribeira de Piquín 83/POL '95.	421.430	421.430
22	PID '95 Fonsagrada. Piscinas municipais. Redacción e dirección.	2.467.118	2.467.118
<b>Totais:</b>		<b>427.556.870</b>	<b>368.263.371</b>

## CONSIDERACIÓNS SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Ó ANTEPROXECTO DO INFORME DE FISCALIZACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO. EXERCICIO 1996.

### II. RENDICIÓN DE CONTAS

- II.a) A conclusión incluída no informe deriva da fiscalización que no seu día se realizou sobre a Conta Xeral remitida pola Deputación ó Consello de Contas, e na que non constaba a aprobación da mesma polo Pleno.

Unha vez acreditada dita aprobación, modifícase o parágrafo do informe, se ben se fai constar que se realizou fóra do prazo establecido polo artigo 193.4 da LRFL.

- II.b) Ó igual que no apartado anterior, son conclusións derivadas da fiscalización da Conta xeral remitida pola Deputación.

Debido a que o exercicio 1996 foi obxecto de auditoría, o informe de fiscalización non se remitiu á Entidade, incluíndose como apartado no Informe da Revisión Limitada.

Tendo en conta as alegacións presentadas, e acreditando mediante contas a non formalización das operacións a que fan referencia os estados relacionados, se suprime o parágrafo.

### III. PRESUPOSTOS

- III.1.a) Se ben non ten maior transcendencia, o artigo 149 esixe que se una ó presuposto da Entidade, a liquidación do exercicio anterior e avance da de corrente.

Ó aprobarse fóra do prazo establecido (31.12.96), a Deputación acompaña liquidación íntegra do exercicio 1995, da que dispoñía ó aproba-lo Presuposto de 1996.

Se ben coa incorporación da liquidación de 1995 pode cumprirse coa finalidade a

efectos da formación do presuposto, desde o punto de vista do control externo, a non inclusión da liquidación do exercicio 1994 podería determinar que esta non se incorpore a ningunha Conta Xeral a remitir ó Consello de Contas.

Por tanto, non se modifica a conclusión.

- III.1.b) Non se admite a alegación, xa que a información sobre as operacións de crédito que debe incluírse no Informe económico-financeiro non ten o detalle esixido no artigo 18.1 e) do R.D. 500/1990:

- Detalle das características e condicións financeiras de cada operación.
- Carga financeira antes e despois da formalización das operacións previstas.

- III.2.c) Nas Bases de Execución do Presuposto, e en base ó establecido no artigo 163 da LRFL, establécese que unicamente se poderán incorporar remanentes de crédito por compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicio anteriores, así como gastos financiados con recursos afectados.

No expediente de modificación analizado non se acredita suficientemente a orixe dos remanentes, polo que non se modifica a conclusión.

Por outra parte, asúmese o erro de codificación.

### IV.1. Endebemento e gastos financeiros

- IV.1.1. O feito de que o tipo de xuro dos préstamos sexa variable non implica ningunha dificultade para a elaboración dos cadros de amortización dos préstamos en vigor.

No informe considerouse como limitación ó alcance a falta nos expedientes de ditos cadros. Limitación que se mantén, pois independentemente da revisión anual do tipo de xuro, en todo momento hai un cadro de amortización vixente.

IV.1.3. Asíse a incorrecta imputación presupostaria. Non obstante, debería recomendarse que un cambio de criterio na contabilidade financeira debe ser simultáneo coa modificación da táboa de equivalencia "concepto presupostario/conta contable".

## IV.2. Xestión de ingresos

### IV.2.2.4.2. a) *Taxas e outros ingresos*

- Acompañase modelo de estudio de custos dos prezos públicos establecidos en 1997.

Non se aporta documentación xustificativa da existencia de dito estudio nos prezos públicos relacionados neste epígrafe, esixido no artigo 26.2 da Lei 8/89, de taxas e prezos públicos.

- Modifícase e suprímese a referencia á falta de delegación na Comisión de Goberno para o uso dos distintos servizos do Palacio de Deportes e Alonso Vega, ó xustificar a súa inclusión específica no acordo de 30.11.92.

- Mantense o criterio do Consello de Contas en relación coa necesidade de publicación dos Acordos de imposición de prezos públicos. (Apartado IV.2.3.1, páx. 30)

### IV.2.3.1.

O artigo 55.2 do Regulamento Xeral de Recadación, dí textualmente que as notificacións de concesión de fraccionamento "conterán", polo que se deduce que é obrigatorio e non potestativo a inclusión nas mesmas das prevencións relativas ós efectos da falta de pago.

## IV.3. Gastos de persoal

### IV.3.2. *Altos cargos*

Tal e como consta no escrito de Alegacións presentado reconécese a existencia dun erro material no acordo que fixa a retribución por dedicación exclusiva, adoptado no Pleno de 31 de xullo de 1995, figurando expresamente para o Diputado Delegado de expropiacións unha retribución mensual de 288.077 Ptas., en catorce mensualidades o que "fai un total anual de 5.000.000 Ptas", resultado que se aboou a cantidade mensual de 357.142 Ptas; debería procederse á rectificación ou corrección de dito erro, no suposto de que se mantéña a retribución inicialmente acordada, mediante o correspondente acordo plenario.

A alegación presentada referente a non ter practicado as retencións de I.R.P.F., non desvirtúa o informado respecto ó persoal eventual de gabinetes.

### IV.3.3.1. *Cumprimento da legalidade*

1.- En relación coa existencia do Libro Rexistro de Persoal, sinalase que existe un libro con fichas individuais que cumpre materialmente a casi totalidade dos requisitos que a normativa vixente esixe ó libro de rexistro. Non obstante o artigo 13.2 da Lei 30/84 así como o artigo 90.3 da Lei 7/85, de 2 de abril R.B.R.L., establecen a obrigación do mesmo, si ben se constata que para cumpri-la obriga establecida no artigo 13.2 da Lei 30/84, a Deputación ten unha nova aplicación informática que permite elaborar o Libro de Rexistro e, neste momento, está en fase de aplicación.

2.- O Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Deputación e o Acordo Marco para o persoal funcionario, aínda que foran elaborados e tramitados como norma regulamentaria da entidade, seguindo o procedemento legalmente establecido para ilo, e non foran obxecto de alegación ou recurso ningún, conteñen cláusulas contrarias á lexislación vixente, concretamente as referentes a xornada laboral.

compensación económica do descanso diario, días de licencia, retribucións de pagas extras, e a cláusula de revisión salarial.

- 3.- O incremento dos niveis de complemento de destino que se fixan no Anexo ó acordo sobre retribucións, se ben se enmarca dentro das facultades de autoorganización da Deputación, debe efectuarse sobre a base da responsabilidade que se deriva das funcións a eles encomendados e/ou por analoxía ou similitude cos postos da estrutura establecida, pois a si o dispón o art. 3.3 do R.D. 861/86, de 25 de abril polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.
- 4.- En canto ó concepto retributivo de produtividade especial sinalase nas alegacións presentadas, que a súa base obxectiva ven derivada pola realización de actividades ou servicios especiais que distintos funcionarios se ven obrigados a facer durante o ano, implicando unha actividade extraordinaria ou un especial rendemento, axustándose, a estes efectos ó previsto no art. 5 do R.D. 861/86 de 25 de abril, do mesmo xeito que tal complemento pode ser fixo na súa contía e periódico no seu devengo, pois tal limitación predícase das gratificacións por servicios extraordinarias fora da xornada normal. Non obstante o anterior, non ten encadre na lexislación vixente (art. 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril) a duplicidade do concepto retributivo de complemento de produtividade, resultando que se aboa por un lado o complemento de produtividade e de complemento de produtividade especial, resultando necesario refundir ambos conceptos nun só, sempre que se respecten os límites establecidos no art. 7 do R.D. citado, e procederá á distribución individual de dita contía en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente có posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo.
- 5.6 - Á marxe da Resolución de 19 de setembro de 1999 da Secretaría de Estado para a

Administración pública (B.O.E 20/09/94), que establece a posibilidade de financiar accións e programas de carácter social, resulta clara a prohibición establecida nas disposicións adicionais terceira 1, cuarta e quinta da Lei 11/1960, de 12 de maio sobre creación da Mutualidade Nacional de Previsión da Administración Local, na súa redacción dada pola Disposición Adicional de TRRL, e o art. 75.1 da Lei 7/85 R.B.R.L., regulación que expresamente deixa en vigor o R.D. 480/1993, de 2 de abril. En virtude destas disposicións prohibense as aportacións, subvencións ou axudas de calquera xénero para fins de previsión de funcionarios de Administración Local, e se estes desexaran constituir unha entidade de previsión de carácter voluntario, as aportacións e cotas serán exclusivamente o seu cargo.

- 7.- En canto á oferta de Emprego Público resulta preciso proceder á modificación do parágrafo, en función das alegacións presentadas, por canto o citado art. 18 da Lei 30/84, foi modificado por Lei 22/93, de 29 de Decembro, de medidas fiscais, de reforma do Réxime Xurídico da Función Pública e de protección por desemprego, sinalándose no mesmo que “as necesidades de recursos humanos con consignación presupostaria que non poidan ser cubertos cos efectivos de persoal existentes serán obxecto de oferta de emprego Público”. Así mesmo é correcta a aplicación do art. 7 do R.D. 364/95, de 10 de Marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ó servicio da Administración xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo, en canto a que engade un novo condicionante ó sinalar que “...e considere convinte a súa cobertura durante o exercicio”.
- 8.- O feito de existir, outros documentos como relación de postos de traballo e follas de servicios non desvirtúa a obtigatoriedade legal de levar ó libro de Matrícula de persoal laboral, rexeitándose a alegación presentada.

- 9.- O artigo 34.3 do Acordo marco Único para o persoal funcionario resultaría de aplicación no suposto de vacante dun posto de categoría superior e o seu desempeño accidental por funcionario de distinto corpo, grupo o clase, e en virtude de nomeamento.
- 10.- Segundo establece o artigo 53.2 do Regulamento I.R.P.F., as aportacións dos promotores a Pláns de pensións, son retribucións en especie que non están sometidas a ingresos a conta, modificándose neste sentido o parágrafo do Informe.

*IV.3.3.2.- Sobre o sistema de control interno.*

- 1.- Admítese a alegación presentada no sentido de que a división do persoal en unidades administrativas poden ser encadradas baixo unha mesma codificación funcional. Non obstante ó anterior considérase máis idóneo unha codificación que permita a correlación dos postos coas unidades administrativas e os créditos presupostarios, pois poden crearse por cada Entidade cantos epígrafes referidos a subfunción, programa ou subprograma que se estimen necesarios de acordo coas súas necesidades.
- 4.- O sinalado respecto ós documentos integrantes do Plan de Emprego da Deputación para o ano 1996 non merman a necesidade de dispór dun informe económico-financieiro que acredite a rentabilidade do mesmo. O expediente de reintegro derivado da renuncia dun traballador debería producirse inmediatamente e durante o exercicio. En todo caso o acordo da comisión de goberno e a tramitación do expediente se formalizan con posterioridade á finalización dos traballos de fiscalización.
- 5.- A alegación presentada respecto á contratación do persoal laboral temporal recoñece a existencia de determinadas contratacións nas que se obviou completamente calquera tipo de procedemento que garan-

tice os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

**IV.4. Pagos a xustificar**

IV.4.1.1. Admítese a alegación presentada, e aclarando que tal Anexo se solicitou por parte deste Consello en anos anteriores, pero non no exercicio fiscalizado.

IV.4.1.2. Admítese a alegación presentada no sentido de que o art. 72.1 do R.D. 500/90 sinala que “as Entidades Locais poderán establecer, no seu caso, nas bases de execución do Presuposto, previo informe da Intervención, as normas que regulan a expedición de ordes de pago a xustificar con cargo ós presupostos de gastos e as formas de xustificación posterior da aplicación dos fondos librados mediante esta modalidade de provisión”. Así pois, ou “poderán establecer” non implica unha obriga legal; o art. 72.2 do citado R.D., sinala o contido necesario das normas que regulan os pagos a xustificar, entendéndose que ese contido mínimo deberá figurar no caso de establecerse as normas nas Bases de Execución.

IV.4.1.3.2.

- 1.- Se ben a Regra 5.2.b da I.C.A.L., confire un carácter potestativo os procedementos de control e seguemento dos pagos a xustificar, ó obxecto de posibilitalo control e seguimento dos mesmos, a carencia de tal procedemento de control, conleva unha deficiencia de control interno, por canto non se permite coñecer en cada momento a situación dos pagos a xustificar, provocando, en determinados supostos, un incumprimento das normas reguladoras dos mesmos (art. 70.1.2 e 71 do R.D. 500/90 e art. 171.2 da L.R.H.L.)
- 2.- Reitérase o sinalado no Informe, en canto a que o procedemento máis adecuado para determinados anticipos, dado que a aplica-

ción do gasto non é coñecida no momento do pago, e as provisións de fondos teñen carácter permanente, é o de anticipo de caixa fixa (regras 363 e 368 da I.C.A.L. e art. 73 do R.D. 500/90 e art. 171.3 L.R.F.L.)

#### IV.5. Tesourería

IV.5.3.1. Asúmese por parte da Deputación a necesidade de normalizar e formaliza-las actas de arqueo de existencias en caixa.

IV.5.3.4. Asumése pola Deputación as conclusións relativas á necesidade de utiliza-las contas restrinxida de recadación e de cancelar contas inactivas, así como a recomendación de incluír no procedemento de apertura e cancelación de contas un informe razoado do Tesoureiro e Resolución da Presidencia.

IV.5.3.4.1. No informe considéranse estes dereitos como de dubidoso cobro a efectos de cálculo do Remanente de Tesourería.

En ningún caso se dí que sexan incobrables nin que teñan que ser obxecto de baixa en contas.

#### IV.6. Contratación

##### I.1. - Obras - Actos preparatorios

- a) Non consta a sinatura nos expedientes analizados nos que así se menciona.
- b) Ditados documentos son necesarios, e non substitúen á Acta de Replanteo Previo.
- c) Non consta nos casos sinalados. De todos modos, no informe do Interventor non figura o importe total do tipo.
- d) Persiste o reparo, xa que non se desvirtúa a asinaturación que dá lugar a aquel.

##### I.2. Obras - selección

- a) O artigo 72 L.C.A.P refírese á tramitación urgente.
- b) Acéptase a alegación respecto do expediente nº 7; do resto, se sinalan as datas do primeiro documento que consta no expediente inicio e de aplicación, deducíndose a vixencia da Lei 13/95 xa desde o seu inicio, non aplicándose, por tanto a Disp. Transitoria 1ª da citada Lei:

<u>Nº Expte.</u>	<u>Data 11º doc.</u>	<u>Data adxud.</u>
1	27.07.95	08.09.95
4	04.07.95	06.09.95
7	27.02.95	05.05.95
11	28.05.96	12.07.96
16	17.07.96	27.09.96
18	28.08.96	27.09.96
19	06.09.96	27.09.96
21	17.07.96	27.09.96
22	16.09.96	27.09.96
28	30.06.95	30.08.95

Por último menciónase a aplicación do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, de 9 de xaneiro de 1953, expresamente derogado, segundo se recollen na Disposición Derogatoria, ap.b), da Lei 13/95.

- c) Parcialmente aceptada respecto do expediente nº 7, en canto á aplicación do artigo 141 LCDP; para ese expediente, idéntico requisito, se regula nos artigos 37 LCE, 117 RXCE e 120 TRRL.
